

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2021, aprobou a creación do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), condicionada ao informe favorable do Consello Social, nos termos dos documentos adxuntos.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CREACIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAIIS (CISPAC)

1) As ciencias sociais e humanas son campos de investigación moi maduros e competitivos na USC, en termos de recursos competitivos acadados, produción científica e organización de grupos competitivos e redes transdisciplinares. Como corresponde a unha universidade completa e centenaria estas áreas ocupan parte esencial da súa actividade e representan unha significativa porcentaxe da mesma.

2) No ano 2017 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia ofreceulle ás Universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), a posta en marcha dun centro de investigación interuniversitario vinculado ás ciencias sociais e humanas que tería a súa sede no Edificio Fontán na Cidade da Cultura. Un centro orientado á investigación no eido das paisaxes culturais, a singularidade e riqueza da paisaxe e do patrimonio galego e a particular relación dos galegos e galegas co territorio, a partir das capacidades investigadoras desenvoltas nas universidades do SUG neste eido.

3) O SUG dispón dunha acreditada masa crítica de persoal investigador nas ciencias sociais e humanas, organizada en grupos de investigación consolidados que se achegan á paisaxe dende múltiples disciplinas e perspectivas, abordando a relación do ser humano co territorio, tanto do punto de vista sincrónico como diacrónico en toda a súa complexidade. Dende a economía ou a historia agraria ata a xeografía ou a arqueoloxía, pasando polos estudos culturais, teñen identificado as paisaxes no territorio galego, analizado as súas características e as forzas e presións que as transforman, traballando no deseño das políticas públicas ou na discusión de propostas de coidado da paisaxe, tanto rural como urbano. Moitos destes grupos de investigación veñen traballando xuntos a través de redes de investigación as cales, ademais de resultados de investigación interdisciplinares, permitiron establecer sinerxías entre os grupos do SUG e o deseño de liñas investigadoras innovadoras aliñeadas cos retos da nosa sociedade e cos retos globais.

4) O **Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)** propónse como un centro interuniversitario de investigación de nova xeración, integrado no SUG, que ten como misión a investigación sobre as paisaxes desde unha perspectiva transdisciplinar, na procura de dar respostas epistémicas aos retos contemporáneos (demográficos, ambientais, culturais) para producir dende o coñecemento outra forma de ollar e traballar a paisaxe, a produción e o patrimonio, dende a identidade, a participación e sustentabilidade. Co obxectivo de dar un salto cualitativo na organización da investigación en ciencias sociais e humanas em Galicia, o centro organízase arredor dunha innovadora axenda científica con cinco grandes campos de investigación que atenden as grandes preguntas que vertebran a investigación e o deseño de políticas, e que se

desenvolverán a través de proxectos, de vocación transdisciplinar com vocación de situarse na fronteira do coñecemento. O CISPAC, focaliza a súa orientación na sustentabilidade ambiental das paisaxes como espazos productivos construídos socialmente.

5) Segundo o anteriormente exposto, e ao abeiro do previsto no artigo 62 dos Estatutos da USC, propónse a creación do CISPAC como Centro de Investigación Interuniversitario.



PLAN ESTRATÉXICO CISPAC 2021-2025

CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAIS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA




Universidade de Vigo

ÍNDICE

0	INTRODUCCIÓN.....	4
1	A AXENDA CIENTÍFICA.....	10
1.1	Paisaxes que teñen xente: Sociedade, demografía e territorio.....	13
1.1.1	<i>Sociedades e Estrutura do habitat.....</i>	13
1.1.2	<i>Relación bidireccional demografía e paisaxe.....</i>	13
1.1.3	<i>Despoboamento.....</i>	13
1.1.4	<i>Xénero.....</i>	13
1.2	Paisaxes que producen: Mundo rural, alimentación e transición verde.....	14
1.2.1	<i>Transición Verde (enerxética e ambiental).....</i>	15
1.2.2	<i>Producción e Sustentabilidade.....</i>	15
1.2.3	<i>Agroecoloxía e historia.....</i>	15
1.3	Paisaxes que se gobernan: Comunidades, participación social e gobernanza.....	16
1.3.1	<i>Paisaxe como común.....</i>	17
1.3.2	<i>Participación.....</i>	17
1.3.3	<i>Coproducción de saberes.....</i>	17
1.3.4	<i>Paisaxe urbana.....</i>	18
1.4	Paisaxes que teñen patrimonio: Patrimonio, identidade e cultura.....	19
1.4.1	<i>Cadea de valor do patrimonio.....</i>	19
1.4.2	<i>Paisaxe como memoria.....</i>	20
1.4.3	<i>Territorio e percepción.....</i>	20
1.5	Paisaxes visitadas: Modelos turísticos e Camiño de Santiago.....	21
1.5.1	<i>Camiño de Santiago.....</i>	21
1.5.2	<i>Turismo e territorio.....</i>	21
1.5.3	<i>Sustentabilidade turística.....</i>	21
2	ANÁLISE EXTERNA.....	24
2.1	Megatendencias.....	25
2.1.1	<i>Eido social.....</i>	25
2.1.2	<i>Sustentabilidade.....</i>	26
2.1.3	<i>Dixitalización.....</i>	27
2.1.4	<i>Cultura e identidade.....</i>	28
2.2	Políticas e estratexias públicas.....	29
2.2.1	<i>Estratexias e políticas a nivel internacional.....</i>	29
2.2.2	<i>Estratexias e políticas a nivel nacional.....</i>	30
2.2.3	<i>Estratexias e programas a nivel rexional.....</i>	32
2.3	Benchmarking.....	33
2.4	Principais axentes do ecosistema.....	42
2.4.1	<i>Administración.....</i>	42
2.4.2	<i>Institutos e Centros de investigación.....</i>	43
2.4.3	<i>Asociacións e redes de colaboración.....</i>	45
3	ANÁLISE INTERNA.....	48
3.1	Investigadores/as garantes.....	49
3.2	Grupos promotores.....	55
3.3	Indicadores 2016-2019 grupos promotores.....	58

4	DAFO.....	60
5	REFLEXIÓN ESTRATÉXICA.....	63
5.1	Misión, visión e valores.....	63
5.2	Obxectivos específicos.....	64
5.3	Modelo de Gobernanza.....	65
6	PLAN DE ACCIÓN 2021-2025.....	70
6.1	Cultura cooperativa.....	77
6.2	Investigación e innovación.....	79
6.3	Transferencia.....	84
6.4	Posicionamento.....	89
6.5	Gobernanza e xestión.....	94
6.6	Sustentabilidade económico-financeira.....	98
7	PLAN DE VIABILIDADE.....	105
7.1	Viabilidade Económica.....	105
7.1.1	<i>Capacidades.....</i>	<i>108</i>
7.1.2	<i>Actividade investigadora e produción científica.....</i>	<i>109</i>
7.2	Carteira de servizos.....	110
8	ANEXOS.....	112
8.1	Indicadores de seguimento.....	112
8.2	Outras Institucións e Institutos de referencia.....	115
8.3	Políticas e estratexias públicas.....	119
8.3.1	<i>Estratexias e programas a nivel internacional.....</i>	<i>119</i>
8.3.2	<i>Estratexias e programas a nivel nacional.....</i>	<i>125</i>
8.3.3	<i>Estratexias e programas a nivel rexional.....</i>	<i>128</i>



0 INTRODUCCIÓN

No ano 2017 a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia ofreceulle ás Universidades do SUG a posibilidade de poñer en marcha un centro de investigación vinculado ás ciencias sociais e humanas que ocupará os espazos do Edificio Fontán na Cidade da Cultura.

Esta primeira aproximación prantexada pola Xunta xa orientaba cara unha unidade de investigación no eido das paisaxes culturais apoiándose na singularidade e riqueza da paisaxe e do patrimonio galego, así coma na particular relación dos galegos e galegas co territorio.

O **Convenio Europeo da Paisaxe** ten sinalado a **relevancia da paisaxe nos campos culturais, ecolóxico, ambiental e social** de cara a “alcanzar un desenvolvemento sostible baseado nunha relación equilibrada e harmoniosa entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente”. Nembargantes, as dinámicas demográficas e o progresivo avellentamento da poboación, os cambios no uso do solo, o abandono das áreas rurais, os efectos e consecuencias do quecemento global, a actividade do ser humano, entre outros, están a presentar **importantes desafíos e cambios na paisaxe** que levan parellos procesos de degradación e perda de importantes valores e activos naturais e culturais que están pondo **en risco esa singularidade característica de Galicia tanto ambiental como patrimonial**. A este respecto, non cabe esquecer que Galicia ten un papel importante no desenvolvemento dos itinerarios culturais, sendo o Camiño de Santiago o primeiro itinerario cultural europeo. O turismo de masas asociado pode representar tamén un risco para a degradación do territorio e da paisaxe, e pode converterse ben entendido e cos instrumentos adecuados nunha importante oportunidade para un renacer e posta en valor da paisaxe galega.

Ademais hoxe, **a sociedade galega é consciente da importancia da nosa paisaxe e a necesidade imperante de preservala** xa que se trata dun recurso patrimonial e medioambiental incuestionable

para o interese xeral, pero tamén como marco idóneo para abordar un desenvolvemento produtivo e respectuoso onde prime un uso racional do territorio e un aproveitamento sostible dos recursos coa calidade de vida das persoas que o habitan así coma a protección e posta en valor da paisaxe e o patrimonio.

Por outro lado, **as ciencias sociais e humanidades están acadando unha maior relevancia nas políticas e prioridades científicas e de investigación**, xa que está sendo cada vez máis recoñecida a súa importancia como instrumentos idóneos para facer fronte aos grandes retos que afectan á nosa sociedade. **As ciencias humanas e sociais son campos privilexiados de estudo da paisaxe** que teñen abordado as relacións do ser humano co territorio, dende un punto de vista sincrónico e diacrónico en toda a súa complexidade. Neste senso, **o SUG dispón dunha acreditada masa crítica de persoal investigador nestas áreas, organizadas en grupos de investigación moi maduros que teñen abordado a paisaxe dende múltiples perspectivas e aspectos**. Dende os estudos culturais, pasando pola economía ou a historia agraria ata a xeografía ou a arqueoloxía, teñen identificado as paisaxes no territorio galego, analizado as súas características e as forzas e presións que os transforman, así como teñen incidido no deseño das políticas públicas ou na discusión de propostas de coidado da paisaxe, tanto rural como urbano. Moitos destes grupos de investigación veñen traballando xuntos a través de redes de investigación que permitiron definir o establecemento de sinerxías entre grupos do SUG e a avaliación dos seus resultados e do grado de maduración de liñas innovadoras desenvolvidas a medio prazo.

A pesares da súa alta cualificación e competencia, a investigación nestes eidos está marcada pola fragmentación das capacidades existentes así como pola **ausencia de contornas e unidades de investigación supragrupais competitivas** que representan unha eiva importante para acadar as cotas de excelencia científica que serían esperables dacordo coa competencia existente.

O **Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)** é un centro interuniversitario de investigación de nova xeración, integrado no Sistema universitario de Galicia, que ten como misión a investigación sobre as paisaxes desde unha perspectiva transdisciplinar, na procura de dar respostas epistémicas aos retos contemporáneos, para producir dende o coñecemento outra forma de ollar e traballar a paisaxe, o patrimonio e a produción, dende a identidade, a participación e sustentabilidade. **Organizándose ao redor de grandes campos de investigación** que atenden a preguntas e que se desenvolverán a través de proxectos, baixo á vocación da transdisciplinidade. Un centro de investigación deseñado para crear novo coñecemento dende unha destacada aposta polo capital humano, a transferencia social do coñecemento e a prestación de servizos.

A Axenda Científica aquí presentada é froito dun longo proceso de reflexión de máis de dous anos de duración, tempo no que se analizaron as principais prioridades, tendencias e desafíos que afectan á análise e estudo da paisaxe e ao territorio no ámbito galego, pero tamén global, guiados por un proceso de aliñamento coas mais recentes políticas de ciencia e tecnoloxía. Esta análise correu en paralelo cunha identificación dos grupos de investigación e capacidades existentes principalmente no eido das ciencias sociais e nas humanidades que traballen neste ámbito. Un

fito importante no proceso foi o Obradoiro Ibérico CISPAC na Casa Europa da USC e no Faro de Fisterra celebrado no ano 2019 (27,28 e 29 de novembro) que contou coa participación de preto de 50 convidados expertos, poñentes e participantes de fóra e das propias universidades galegas, e cuxo obxectivo foi definir as liñas prioritarias da Axenda Científica do Centro.


A **Axenda de Científica do CISPAC** articulase arredor de cinco campos de investigación e 17 liñas de investigación que **aborda a investigación sobre a paisaxe dende unha perspectiva transdisciplinar**, dando respostas epistémicas aos retos contemporáneos para producir dende o coñecemento outra forma de ollar e traballar a paisaxe, o patrimonio e a produción, dende a identidade, sentido de pertenza, participación e sustentabilidade. Considerar a paisaxe como reto epistémico implica abordar a habitabilidade do mesmo, así como o reto demográfico. Unha paisaxe que produce crecemento económico e impacto ambiental e no que se da unha gobernanza por parte das comunidades que se dotan de mecanismos regulamentarios, tamén, para fortalecer un patrimonio en risco. E por último, unha paisaxe que é visitada, co desafío do desenvolvemento dun turismo máis compatible para a resiliencia do territorio. Estes cinco grandes campos concréntanse ademais en **programas científicos que focalizan as prioridades de I+D+i do centro para os próximos catros anos**.

As liñas de investigación así coma os programas científicos da Axenda Científica non se corresponden con ámbitos disciplinares, polo contrario configúranse como áreas de investigación abordables dende múltiples enfoques e áreas de coñecemento que conlevan ao traballo inter e transdisciplinar. Tampouco son compartimentos estancos senón que representan múltiples conexións e interrelacións entre si, de maneira que un programa científico ou un proxecto de investigación aborden en paralelo problemáticas asociadas a diferentes campos e liñas de investigación.

Por todo isto, o CISPAC plantéxase estratexicamente con tres obxectivos básicos dentro do **SUG e do sistema de I+D+i de Galicia**:


1. O CISPAC deber conformarse como un **novo modelo de organización referente para a investigación en ciencias sociais e humanidades** que articule a investigación nestas áreas, permitindo a aqueles grupos máis maduros da investigación en ciencias humanas e sociais do SUG acadar un salto de escala na súa competencia para incrementar a súa captación de recursos e a súa produción científica, a partires de reunir maior e mellor masa crítica, a colaboración en equipos mais amplos que xere novas sinerxias e a promoción da interdisciplinierdade. Todo isto co obxecto de continuar mellorando as respostas aos retos da investigación e afrontando desafíos aínda máis importantes na fronteira do coñecemento sempre coa ollada nas necesidades e problemas sociais, culturais, económicas, territoriais e ambientais de Galicia.
2. Ademais o CISPAC debe ser unha estrutura de investigación que posibilite a **coprodución de coñecemento** non só entre o persoal investigador senón tamén **co conxunto de actores que operan a nivel galego e internacional**. De feito, o persoal investigador do SUG presenta unha dilatada experiencia no traballo en rede con axentes de distinta natureza tanto do

- eido da investigación coma da administración pública, asociacións e tecido empresarial, sendo preciso explotar aínda máis a interacción e a colaboración con estes axentes para facer fronte aos desafíos do territorio e da paisaxe a través do establecemento de obxectivos comúns e compartidos que permitan o posicionamento desta investigación e da casuística galego no debate científico internacional a partires da competencia e solvencia científica
3. O CISPAC como **instrumento de apoio das administracións no deseño de estratexias e políticas** relevantes nos temas de desenvolvemento, demografía, agroecoloxía, competitividade, sustentabilidade, comunais, turismo, patrimonio e etc. así como na definición e articulación de infraestruturas e ferramentas para a provisión de servizos especializados neste eidos.



A elaboración deste documento realizouse a través dun proceso de análise previo, tanto desde un punto de vista interno dos grupos de ciencias sociais e humanas do SUG, como externo, da súa contorna.

Proceso de constitución do CISPAC




Un fito importante no proceso de deseño do CISPAC é a próxima inauguración das instalacións da sede do Centro no Edificio Fontán situado na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.



As instalacións do CISPAC constarán de preto de 2.600 m² e, ademais de contar con espazos comúns, o CISPAC disporá na segunda planta cun total de 765 m² distribuídos en: Laboratorio da gobernanza rural/dos comunais, Laboratorio economía, Lab. GIS e Cartografía, e espazos para dirección e secretaría. Da mesma forma, na primeira planta, con case 1.000 m², disporá de: Laboratorio de Agroecosistemas, Laboratorio Big Data, Laboratorio Demografía, así como gabinetes de imaxe e fontes orais e salas de seminarios e reunións.

PLAN ESTRATÉGICO CISPAC 2021-2025





I A AXENDA CIENTÍFICA

O Convenio Europeo da Paisaxe ten sinalado a relevancia da paisaxe nos campos culturais, ecolóxico, ambiental e social de cara a “alcanzar un desenvolvemento sostible baseado nunha relación equilibrada e harmoniosa entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente” e no seu Artigo 6 (medidas específicas) sinala a necesidade de impulsar tamén “programas pluridisciplinares de formación”. Neste sentido, as ciencias humanas e sociais son campos privilexiados de estudo da paisaxe que teñen abordado as relacións do ser humano co territorio, dende un punto de vista sincrónico e diacrónico en toda a súa complexidade.

A paisaxe, polo menos en Europa, é o resultado da acción humana, susceptible de abordarse dende diferentes puntos de vista disciplinares. A historia, os estudos culturais, a economía, a socioloxía ou a xeografía teñen identificado as paisaxes analizando as súas características e as forzas e presións que os transforman. A paisaxe vincúlase coa transición ambiental, o manexo do territorio e o establecemento de relacións xustas entre as persoas e as paisaxes que se habitan.

O territorio atlántico europeo, e o mundo enteiro, afrontan unha situación de quecemento global derivado da extensión e intensificación dos novos modelos económicos (nunca antes como neste período definido como Antropoceno), mentres se desenvolven outros xeitos de relacións sociais condicionados por un incremento de intercambios comerciais sen límites, onde as fronteiras económicas e territoriais fican desdibuxadas.

Á vez que existe unha forte presión en territorios cunha maior densidade patrimonial, as cidades cada vez sustentan unha maior habitabilidade (e desigualdade) en detrimento das zonas rurais, nas que o abandono e o despoboamento abren a porta a unha paisaxe sen xente, o que implica a perda de saberes e manexos, de identidades, ou de resistencia ante procesos megaextractivistas. Mentres a produción sustentable de alimentos sans convértese nun problema a resolver en termos agroecolóxicos e de respecto ambiental.

Simultaneamente o dixital supón unha alteración nas formas de relacionármolos e trae un novo paradigma e paradoxalmente xera novas dependencias. Tamén o turismo ten incrementado unha mobilidade a nivel mundial sen precedentes, acompañada de masificacións temporais en espazos patrimoniais, cunha especial atención a un fenómeno global como é o Camiño de Santiago. Estas presións producen externalidades capaces de alterar o propio concepto de patrimonio e por extensión das identidades.

As presións sobre o territorio son innegables, e ante isto as estratexias da Bioeconomía, o Rural Renaissance e o New Green Deal ou as ODS 2030 están dando respostas cara unha inevitable Transición Ambiental. Nesta dirección vai o impulso dun Centro de investigación transdisciplinar dedicado a promover unha visión e intervención na paisaxe baseadas na sustentabilidade. A investigación catalízase a través de cinco Campos de investigación que agrupan e cohesionan liñas de investigación. Considerar a paisaxe como reto epistémico implica abordar a habitabilidade do mesmo, así como o reto demográfico. Unha paisaxe que produce crecemento económico e impacto ambiental e no que se da unha gobernanza por parte das comunidades que se dotan de mecanismos regulatorios, tamén, para fortalecer un patrimonio en risco. E por último unha paisaxe que é visitada, co desafío do desenvolvemento dun turismo máis compatible para a resiliencia do territorio. Co obxectivo de coordinar a estratexia de especialización do Centro estes cinco grandes campos concrétnanse en 19 liñas de investigación científicas que priorizan a investigación plurianual do Centro.

Esta axenda é froito dun logo proceso de reflexión, que ten en conta as capacidades propias de investigación, os principais retos e tendencias no estudo e análise da paisaxe e o aliñamento cos principais programas de I+D globais. Unha investigación que se materializa nun Centro de excelencia co obxectivo de maximizar o impacto do I+D de cara a ofrecer solucións de futuro aos problemas e retos da sociedade e o territorio.





1.1 Paisaxes que teñen xente: Sociedade, demografía e territorio

Se a paisaxe é territorio definido pola poboación a través de procesos a moi longo prazo, é fundamental a indagación sobre as mudanzas poboacionais ao redor do territorio, os procesos demográficos e os seu efectos, entre eles a perda poboacional que supón unha mingua de actividade produtiva (alimentos, manexo da biomasa, etc.) e de masa social crítica que dea respostas aos procesos extractivistas. O proceso de desagrarización cuestiona quen asume o liderado comunitario ante as presións do uso da terra ou do desposuímento. Os programas de “renacemento rural” son a referencia.

1.1.1 Sociedades e Estrutura do habitat

A reconstrución dos datos demográficos a través de series históricas permitan indagar os cambios histórico-sociais nos usos do territorio, así como analizar en clave de presente a evolución da estrutura do hábitat e do poboamento e a organización social do mesmo. As bases de datos construídas a partir das fontes son fundamentais para a análise e interpretación dos procesos demográficos que afectan ao territorio no longo e curto prazo e para definir de proxeccións e propostas.

1.1.2 Relación bidireccional demografía e paisaxe

A paisaxe entendida como mestura entre territorio, comunidade e percepción vese profundamente alterada polos procesos demográficos, nos que destacan o envellecemento poboacional e a homoxeneidade xeracional. A afectación da idade ten implicacións no manexo e toma de decisións sobre o territorio. As investigacións aplicadas no sentido do *Rural Renaissance* son unha oportunidade para proxectar novas tendencias, posibles solucións ou propiciar novos escenarios de pensamento e acción.



1.1.3 Despoboamento

A ciencia non pode ser allea ás demandas sociais, é o despoboamento é unha das grandes cuestións políticas e sociais deste século, aínda tendo unha compoñente emocional de nostalxía, ten sobre todo implicacións sociais centrais, como é a dificultade na xestión e manexo do territorio, así como preséntanse alternativas nas que as universidades han de facilitar políticas de acompañamento ao despoboamento, así como mecanismos para a toma de decisións e o análise e problematización das políticas de *rewilding*, tanto nas áreas máis rurais como naqueles paisaxes baleiros en territorios de alta densidade poboacional.

1.1.4 Xénero

A produción do coñecemento está atrevesada por múltiples dimensións á hora de analizar a realidade humana. O sexo e o xénero actúan como unha variable que precisase ter en conta no campo epistemolóxico na linguaxe, nos saberes tradicionais ou no saber científico que

historicamente invisibilizaron ás mulleres. Bourdieu calificó como "dominación masculina" a asimetría e xerarquías de poder entre homes e mulleres, o que abrangue a orde material pero tamén a simbólica. Nese senso, o espazo, a paisaxe e a sociedade esta atravesado irremediabilmente por este tipo de lóxicas políticas derivadas da desigualdade de xénero: usos, itinerarios, mapas, segregacións, significados dicotómicos, mundo social, etc, configuran o territorio, a cultura e as sociedades. Estas desigualdades nas estruturas de poder teñen un reflexo nunha dimensión corpórea en clave de xénero que redunda no espazo social e ecolóxico como realidade sexuada.

PROGRAMAS CIENTÍFICOS DAS PAISAXES QUE TEÑEN XENTE		
Nº	PROGRAMA CIENTÍFICO	LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADAS
1	Despoboamento e o avellentamento e o seu impacto socioeconómico, na calidade de vida e no territorio. Elaborar propostas para afrontar o reto demográfico na lóxica dos coidados, da sustentabilidade e da resiliencia dos territorios.	Relación bidireccional demografía e paisaxe (PX)
2	Movimentos poboacionais (migracións e outras mobilidades) e o seu impacto na integración e no desenvolvemento social e espacial. Políticas e boas prácticas na xestión das mobilidades.	Despoboamento (PX) e Sociedade e estrutura do habitat (PX)
3	Desigualdades sociais (xénero, idade, orixe, etc) e dos desenvolvementos territoriais. Acadar espazos máis inclusivos, na lóxica dunha xestión social e comunitaria.	Sociedade e estrutura do hábitat (PX) e Producción e sustentabilidade (PP)

PX: Paisaxes que teñen xente; PP: Paisaxes que producen; PG: Paisaxes que se gobernan; PPa: Paisaxes que teñen patrimonio; PV: Paisaxes visitados

1.2 Paisaxes que producen: Mundo rural, alimentación e transición verde

As paisaxes en Europa son o resultado dunha construción antrópica cunha coevolución entre a natureza e as persoas. No ámbito europeo pénsanse e deséñanse políticas correctoras e incentivos económicos que minimicen o impacto dos diversos axentes que actúan sobre as paisaxes, sometidas a procesos que de crecente nun fragilidade e vulnerabilidade. O obxectivo inspirador será potenciar ou favorecer un modelo económico, baseado nunha xestión sustentable e respectuosa dos recursos, que ao mesmo tempo responda ás necesidades da poboación e respecte os elementos naturais das paisaxes. Para este obxectivo, faise imprescindible valorar as actividades económicas enmarcadas nunha lóxica sustentable e atender á análise do metabolismo social, asumindo o proceso de transición ecolóxica no que o mundo está a se mergullar.

Os seres humanos e non humanos téñense adaptado ao longo do tempo ao territorio mais o cambio climático está mudado significativa e aceleradamente este proceso; atender estas adaptacións, así como a propia historia do clima, permite atender a conformación das paisaxes para entender os efectos do cambio climático.

1.2.1 Transición Verde (enerxética e ambiental)

O Quecemento Global ten -e aínda máis terá - unha descoñecida incidencia no devir da paisaxe e do propio territorio. Para mitigar os efectos ha de investigarse na Contabilidade Ambiental (Valoración económico-financiera de recursos intanxibles, ecosistémicos e outros) e os servizos ecosistémicos na preparación para a Transición enerxética e ambiental. Así mesmo compre analizar a percepción e simulación de escenarios fronte á Crise Climática e neste eido é necesario determinar, dende a investigación, unha Axenda Común para a transición ecolóxica a escala da paisaxe que permita mitigar os efectos do Quecemento Global.

Á vez serán abordadas as paisaxes como sistemas poboados de vida (relacións seres humanos e non humanos), onde o biolóxico non so está ao servizo de ou para ao ser humano.

1.2.2 Producción e Sustentabilidade

O mundo rural atópase nunha encrucillada dende hai décadas, a desterritorialización da alimentación, así como a terceirización teñen unha implicación directa no desenvolvemento do territorio, compre, entón, analizar, propoñer e pensar o futuro da alimentación e o mundo rural, e as políticas públicas ao redor do Rural Renaissance. Así como acompañar teoricamente e na práctica os procesos de innovación social de movementos de vangarda (ecoagroinnovación). A paisaxe, aquén da concepción estética, é un espazo produtivo; para o mantemento desa paisaxe dáse no territorio un complexo equilibrio entre usos produtivos e non produtivos, o que irremediabilmente abre conflitos. Aténdelos, comprendelos e accionar procesos sobre eles é o compromiso dunha universidade responsable coa súa contorna e cunha sociedade que demanda unha investigación social e humanista con incidencia na realidade.

1.2.3 Agroecoloxía e historia

O territorio tamén é o espazo físico no que se deposita unha herdanza biocultural e uns saberes, cun fondo legado agroecolóxico que, grazas aos coñecementos derivados da investigación histórica, poden servir para pensar manexos sustentables no futuro. A intensificación agroecolóxica e a innovación agroecolóxica a escala da paisaxe, así como a recuperación da agricultura labrega e o seu manexo gandeiro e territorial son obxectos de estudo fundamentais para unha investigación cunha fonda incidencia na súa contemporaneidade. Á vez cómpre situar como obxectos de estudo e liñas prioritarias resignificación dos espazos naturais e a intervención en espazos degradados, así como a análise do extrativismo e os conflitos ambientais en relación coa paisaxe. A ecoagroinnovación é un reto abordable dende a agroecoloxía e a historia como obxectivo de transferencia.



PROGRAMAS CIENTÍFICOS DAS PAISAXES QUE PRODUCEN		
Nº	PROGRAMA CIENTÍFICO	LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADAS
1	Os sistemas agroalimentarios e o seu impacto no territorio e a paisaxe. O futuro agroalimentar no marco do Green Deal e a estratexia F2F da UE. Sistemas territorializados sustentables e aportacións dende a perspectiva agroecolóxica.	Produción e sustentabilidade (PP) e Participación (PG)
2	Paisaxes produtivas para o combate do despoboamento, nunha lóxica de sustentabilidade. Experiencias Produtivas Innovadoras, novas oportunidades (enerxías renovables, funcións ambientais, dixitalización...) e desenvolvemento endógeno no territorio metropolitano-rural.	Agroecoloxía e Historia (PP) e Despoboamento (PX)
3	A transición socioecolóxica nun contexto de desagrarización e as estratexias orientadas a incrementar a resiliencia dos sectores produtivos sustentables. Os novos roles de xénero e as estratexias produtivas-reprodutivas no desenvolvemento de base local.	Produción e sustentabilidade (PP) Agroecoloxía e Historia (PP)
4	Quecemento global, manexos do territorio na era do antropoceno. O impacto do cambio climático no territorio e a paisaxe. As causas dos incendios en relación cos usos do solo, abandono...; estimación das perdas ambientais e económicas e avaliación das políticas de prevención e extinción.	Transición verde (PP)

PX: Paisaxes que teñen xente; PP: Paisaxes que producen; PG: Paisaxes que se gobernan; PPa: Paisaxes que teñen patrimonio; PV: Paisaxes visitados

1.3 Paisaxes que se gobernan: Comunidades, participación social e gobernanza

As comunidades dispoñen de ferramentas propias e endóxenas para o manexo do territorio que podes servir para favorecer unha transición ambiental na lóxica da bioeconomía; cómpre facilitar eses procesos, acompañalos e amplificalos dende a investigación. Coñécese ben e pódese explicar como se xestionaba ou se xestiona o territorio nunha lóxica sostible; as ferramentas analíticas dispoñibles permiten extraer información do longo pasado da evolución do mundo rural ata o presente (coñecemento da xestión da terra, formas locais de organización de cultivos, de produción de alimentos cara e para o mercado, de manexo do gando, da fertilización) para pensar dende a agroecoloxía e a historia un futuro sostible que aproveite a ecoloxía dos saberes necesarios para facelo.

1.3.1 Paisaxe como común

O común é o resultado da interacción dunha comunidade, que xestiona un ben/recurso grazas a unha gobernanza que, en moitos casos, non está tipificada ou normativizada, mais que a través dun proceso consuetudinario dótase dunha lexitimidade e mesmo de institucionalización asociativa recente. A paisaxe é un común e ao igual que o patrimonio, son resultados colectivos, construídos e mantidos polas propias comunidades. A revalorización da comunidade, da veciñanza cos seus mecanismos de solidariedade e apoio mutuo, implica unha aposta investigadora por anovar e aumentar a resiliencia do comunitario, dende as súas múltiples identidades e memorias. Sendo Galicia un referente nos comunais (25% do territorio é monte veciñal en man común) a axenda de investigación enfatiza potencias, tensións, e limitacións na xestión colectiva da paisaxe. Tamén no ámbito urbano o dereito á cidade (tensións pola xentrificación ou privatización do espazo público) marca pois a execución programas e propostas de investigación.

1.3.2 Participación

A ODS 2030 afirma a necesidade de potenciar a participación das comunidades locais na definición das políticas públicas, así como na co-xestión do seu propio territorio. A paisaxe, como territorio vivido é a representación da interacción da sociedade no lugar; por iso compre incidir no deseño e avaliación das políticas públicas relacionadas coa paisaxe, así como enfatizar os estudos participativos da paisaxe. O CISPAC busca converterse nun Centro relevante na definición de protocolos, dispositivos e metodoloxías que profundaren no desenvolvemento de formas de participación que constrúan capital social. Á vez á análise da configuración xurídica da paisaxe permitirá deseñar, estudar e comparar lexislacións e regulamentacións ao redor das traducións xurídicas de marcos normativos relacionados coa xestión do territorio, o mantemento da paisaxe e os coidados do patrimonio e a natureza.


1.3.3 Coproducción de saberes

A Ilustración ten separado a natureza e a cultura, mais aínda perviven uns coñecementos das relacións culturais das sociedades coa natureza que cómpre valorar en tanto estes son a expresión dunha ecoloxía de saberes, en definitiva, a memoria oral do manexo da natureza, recollida nos fondos orais de Terra e Memoria. Os procesos innovadores que se están dando en contextos rurais van da man destes saberes, as Experiencias Produtivas Innovadoras son esas novas formas de innovación rural e ambiental que teñen unha forte pegada histórica e de transmisión comunitaria e adaptación de saberes locais. A análise e estudo da cadea de valor do coñecemento das comunidades locais permite desentrañar os mecanismos de transferencia transxeracional de coñecemento, así como os dispositivos que garanten a resiliencia dos territorios e da súa natureza e cultura.

1.3.4 Paisaxe urbana

A paisaxe é a imaxe externa do territorio a unha escala intermedia, nin tan ampla como o horizonte nin tan concreta como unha escena.

Nas cidades as paisaxes urbanas son todo aquilo que ollamos e interpretamos, tanto no interior da cidade como nos seus bordes ou na propia imaxe que a cidade mostra desde o exterior. Entre as paisaxes internas están as dos cascos históricos ou a dos barrios residenciais, nos bordes vemos casas, Institutos comerciais ou polígonos con empresas, e dese fora podemos ter desde os sky line ate as imaxes en resalte das urbes que xa se pintaron desde o Renacemento. A análise da paisaxe urbana permite estudar a morfoloxía e estrutura da cidade, as formas resultantes do patrimonio edificado, os usos do solo e trazos do plano. Segundo as leis do solo a protección da paisaxe debe incluírse como apartado nos PXOMS, Plans especiais e Parciais de Urbanismo. Tamén nos documentos de construción dunha infraestrutura (autoestradas, AVE, etc.) e como elemento de proxección nos contornos dos monumentos e BICs (cuncas visuais).



PROGRAMAS CIENTÍFICOS DAS PAISAXES QUE SE GOBERNAN		
Nº	PROGRAMA CIENTÍFICO	LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADAS
1	Os mecanismos de participación social na gobernanza da paisaxe nas áreas rurais e urbanas (catálogos, cartas, atlas de paisaxe e outros instrumentos). Desenvolvemento de novas estruturas institucionais e dinámicas de participación baseadas nas tecnoloxías da información e a comunicación (TICs).	Participación (PG) e Coprodución de saberes (PG)
2	Os vellos e novos comúns (montes veciñais en man común, urban commons) e a procura de calidade de vida, a sustentabilidade e o crecemento inclusivo en espazos diversos. A incidencia da acción colectiva. O común como alternativa á dialéctica clásica público-privado.	Paisaxe como común (PG) e Paisaxe urbana (PG)
3	Modelos de gobernanza da paisaxe dende a perspectiva de xénero , con especial incidencia na promoción de políticas máis inclusivas. Promoción dun modelo de coidados sostible que implique a integración das persoas coas comunidades e paisaxes.	Participación (PG), Transición ecosocial (PP) e Xénero (PX)

PROGRAMAS CIENTÍFICOS DAS PAISAXES QUE SE GOBERNAN		
Nº	PROGRAMA CIENTÍFICO	LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADAS
4	Innovación social , transición socioecolóxica e da adaptación aos cambios na estrutura do hábitat no presente contexto de crise ecolóxica e emerxencia climática . Os cambios económicos, sociais e na mobilidade e ás novas necesidades de prestación de servizos básicos á poboación e ás empresas.	Participación (PG), Agroecoloxía e Historia (PP) e Sociedade e estrutura do hábitat (PX)

PX: Paisaxes que teñen xente; PP: Paisaxes que producen; PG: Paisaxes que se gobernan; PPa: Paisaxes que teñen patrimonio; PV: Paisaxes visitados

1.4 Paisaxes que teñen patrimonio: Patrimonio, identidade e cultura

O estudo do patrimonio baséase na interdisciplinariedade. O patrimonio e a paisaxe carecen de "propietarios" académicos. Variadas disciplinas poden ser útiles para o seu coñecemento. O problema epistémico do estudo do patrimonio e da paisaxe consiste en definir axendas e problemas que requiren respostas derivadas da converxencia de diferentes disciplinas. Os resultados son traballos académicos e coñecementos útiles para definir accións dirixidas á identificación, conservación ou restauración de edificios, bens ou paisaxes máis ou menos antropizados. Así mesmo, estes traballos reforzan as identidades e transfiren coñecemento á sociedade.

1.4.1 Cadea de valor do patrimonio

A paisaxe ademais de ser un patrimonio en si mesmo, contén patrimonios, que o identifican. A comprensión e o coñecemento de toda a cadea de valor ao redor do patrimonio permite a valorización de recursos paisaxísticos e patrimoniais e a propia xeración de emprego. Á vez a socialización do patrimonio, non só como xeito de transferencia de coñecemento, senón como mecanismo de engagement social posibilita que a cidadanía se apropie de elementos que son de seu. Á vez a investigación patrimonial a través da arqueoloxía do paisaxe e doutras disciplinas facilita unha trazabilidade dos modos de habitar o territorio e de manexo do mesmo, coas fondas implicacións que isto supón á hora de concibir a paisaxe como elemento moldeado polas propias sociedades ao longo do tempo. A atención aos novos patrimonios contemporáneos permitirá os tránsitos entre o pasado, presente e futuro da paisaxe.



1.4.2 Paisaxe como memoria

A paisaxe é historia e memoria, pois actúa como un documento que a sociedade carga de significados ao longo do tempo. Desentrañar eses procesos, determinar a incidencia que isto ten no contemporáneo, permite atender ás capas históricas na construción do patrimonio rural e urbano. Ademais da patrimonialización que o Estado fai deste procesos, existe unha máis popular tanto da paisaxe, como do pasado, que nos permite ler como as sociedades interpretan as súas realidades e, como en moitas ocasións, difiren as opcións veciñais e locais daquelas máis lexitimadas polo Estado e o aparato institucional.

1.4.3 Territorio e percepción

A paisaxe é tamén percepción estética, sensorial e existe unha ética relacional que ten creado imaxinarios e narrativas urbanas e rurais. Atender e analizar estes mecanismos é unha oportunidade para coñecer como os públicos, non só como usuarios do patrimonio e a paisaxe, tamén son produtores da súa propia experiencia. O público como posuidor do patrimonio.

PROGRAMAS PAISAXES QUE TEÑEN PATRIMONIO		
Nº	PROGRAMA CIENTÍFICO	LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADAS
1	Patrimonio e sociedade. Análise do papel central das comunidades e a sociedade nos procesos de patrimonialización (material, inmaterial). Análise da degradación do patrimonio. O patrimonio como común e xerador de identidade. Estratexias de patrimonializacións top-down e botton-up.	Paisaxe e memoria (PPa) e Paisaxe como común (PG) e Cadea de Valor do Patrimonio e Participación (PG)
2	Patrimonio e economía. Convivencia entre patrimonio e usos produtivos do territorio (urbanísticos, turísticos, agrarios,...). Modelos de gobernanza do patrimonio superadores da súa mercantilización e facilitadores da súa posición no tecido social (cultural, económico, relixioso, afectivo e identitario).	Cadea de Valor do Patrimonio, Paisaxe e memoria (Ppa) e Sustentabilidade turística (PV) e Producción e sustentabilidade (PP)
3	Patrimonio experimental. Integración das técnicas experimentais e xeoespaciais de base dixital (cronoarqueoloxía e arqueometrías, entre outras), coa perspectiva do sentido social do patrimonio.	Cadea de Valor do Patrimonio (PPa)
4	Patrimonio e teoría crítica da paisaxe. Fundamentos teóricos das formas de construción social da paisaxe e do patrimonio. Estudo das lóxicas de pensamento e de acción que historicamente crean as paisaxes.	Territorio e percepción (PPa)

PX: Paisaxes que teñen xente; PP: Paisaxes que producen; PG: Paisaxes que se gobernan; PPa: Paisaxes que teñen patrimonio; PV: Paisaxes visitados

1.5 Paisaxes visitadas: Modelos turísticos e Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago é unha realidade cada vez máis complexa que segue vixente grazas á súa capacidade de adaptación aos tempos. Ao mesmo tempo, os diferentes actores (no sentido máis amplo do termo) actúan ao longo dela, entendendo as necesidades cambiantes. A dimensión que adquiriu esixe investigar estes cambios mediante enfoques e metodoloxías de investigación acompañadas co "tempo científico". Por estes motivos, o Camiño de Santiago foi obxecto de investigación dende o punto de vista da economía ou a historia, da xeografía turística e da xeografía urbana e, máis recentemente, da xeografía cultural, concretamente da xeografía de espazos sagrados e peregrinacións, das xeohumanidades. En realidade, estas últimas comparten escenario, pois ambas aproveitan a hibridación da xeografía cultural, levando a novas reflexións epistemolóxicas e ao estudo dos novos discursos xeográficos vencellados ao espazo do Camiño.

1.5.1 Camiño de Santiago

O Camiño ademais de fenómeno mundial é un itinerario cultural cuxa transcendencia vai alén da experiencia estética, emocional e espiritual. A súa incidencia atravesa o propio territorio e ten unha incidencia clave na vertebración do mesmo, a investigación ao redor da Cadea do Valor do Camiño de Santiago ha de ser analizada en todas a súas dimensións. A propia incorporación do CETUR no CISPAC incrementará a capacidade analítica do Centro ao redor dun dos meirandes éxitos turísticos en Galicia.



1.5.2 Turismo e territorio

O turismo xera impactos económicos nos territorios, mais tamén implica unhas externalidades que han de ser abordadas dende análises multidimensionais. O Centro co o Observatorio Turismo de Santiago de Compostela e máis o estudo e caracterización da demanda turística e análise do impacto socioeconómico na cidade atenden a unha necesidade latente na propia cidade, dando unha resposta científica a un dos meirandes retos que se enfrenta a cidade nos últimos séculos. Así mesmo o turismo patrimonial baseado na economía da experiencia ha de ir camiñando cara unha transición cara o entorno dixital. O acompañamento teórico e práctico nestes procesos ha de ser posto en relevo nun Centro de investigación cuxa pedra angular sexa a conexión coa cidadanía e o sector empresarial. Á vez a Inclusión do celaxe nas paisaxes e no Camiño está cunha demanda cada vez maior ao redor dun fenómeno característico do propio Camiño de Santiago e a súa relación cosmolóxica.

1.5.3 Sustentabilidade turística

O turismo é unha actividade cunha repercusión económica innegable, cunha ampla demanda de traballadores, mais tamén extractivista, e ten efectos no propio territorio e nas identidades, constrúe narrativas e folcloriza imaxinarios. Os efectos da turistificación han de indagarse para definir modelos turísticos sustentables con ofertas turísticas planificadas e de calidade.

O trinomio turismo, patrimonio e industrias creativas abre novos xacementos de emprego, susceptibles de pensarse e desenvolverse dende as ciencias sociais e humanas. A investigación sobre efectos, cambios de modelos, densidades e alternativas ha de ser prioritario para un Centro que toma a paisaxe como eixo dende o que se desentrañan todas esas realidades que o afectan e o modulan.

PROGRAMAS PAISAXES VISITADAS		
Nº	PROGRAMA CIENTÍFICO	LIÑAS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADAS
1	Itinerarios culturais: o Camiño de Santiago. Incidencia na vertebración territorial. Impacto e externalidades do turismo nos proceso de banalización e xentrificación nos Institutos históricos urbanos e nos núcleos rurais.	Camiño de Santiago (PV) e Cadea de Valor do patrimonio (PPa)
2	Efectos do turismo masivo vinculado ás novas tecnoloxías da información sobre as comunidades locais. Percepción social do territorio para acadar un desenvolvemento sostible do turismo nas comunidades locais. Turismo e igualdade de xénero.	Camiño de Santiago (PV) e Sustentabilidade turística (PV)
3	Modalidades sustentables da actividade turística na lóxica de bioeconomía . Avaliación da integración da actividade turística en comunidades locais. Reforzo da resiliencia local e a convivencia entre veciños e visitantes.	Sostibilidade turística (PV)
4	Estratexias e vías de desenvolvemento turístico presente e futuro en contextos de crises diversas (crises, pandemias, entre outras).	Camiño de Santiago (PV) e Sustentabilidade turística (PV)

PX: Paisaxes que teñen xente; PP: Paisaxes que producen; PG: Paisaxes que se gobernan; PPa: Paisaxes que teñen patrimonio; PV: Paisaxes visitados

O CISPAC é un Centro de excelencia, cunha investigación centrada na sustentabilidade da paisaxe. Abórdase a resiliencia do territorio a través da gobernanza das comunidades e a súa capacidade de produción para unha transición ecolóxica. Concibir as repostas ante estes desafíos complexos implica a planificación e coordinación dunha investigación transdisciplinar. Os Programas son os marcos de referencia plurianuais que permitirán acadar os obxectivos e misión do Centro. A estratexia de especialización da investigación do CISPAC concrétase en 19 programas que pivotan sobre os Campos de investigación, e á vez se cruzan, en tanto a paisaxe é un fenómeno poliédrico cunha ampla repercusión social, ambiental e económica.





2 ANÁLISE EXTERNA

Para poder situar o CISPAC na vangarda da investigación en paisaxe cultural e convertelo a medio prazo nun referente internacional, faise necesaria unha análise externa exhaustiva na que se avalíen as políticas e estratexias públicas, as grandes tendencias transversais (megatendencias) que o afectan, así como facer a análise comparativa (benchmarking) doutros Institutos de referencia do eido da paisaxe e identificar os axentes do ecosistema do que se rodea o CISPAC.

Identifícanse as grandes tendencias nas áreas das paisaxes culturais, concretamente no eido social, de sustentabilidade, dixitalización, cultura e identidade, todas elas presentes no deseño da Axenda Científica, e estúdanse as políticas e estratexias públicas actualmente activas a nivel internacional, nacional e rexional, e que están estreitamente relacionadas coa paisaxe cultural (resaltadas coa cor laranxa), garantindo así que a estratexia do CISPAC está aliñada coas políticas activas.

O benchmarking céntrase na análise de aspectos estruturais e de investigación de diferentes institucións e Institutos considerados de referencia a nivel internacional, que permite detectar boas prácticas para orientar a conceptualización, organización, estratexia e modelo de articulación do CISPAC.

Por último, identifícanse os principais axentes do ecosistema no que se moverá o CISPAC co obxectivo de por en valor a súa misión de dar resposta ás necesidades doutros axentes.

2.1 Megatendencias

Lévase a cabo neste apartado unha análise sintética prospectiva de novas tendencias que poden ter impacto no ámbito das paisaxes culturais e que permite a identificación de novas oportunidades que poden ser incorporadas ao CISPAC. Este exercicio de análise permite identificar o grado de aliñamento da Axenda Científica con estas megatendencias.

2.1.1 Eido social

2.1.1.1 Presión demográfica

No ano 2050 haberá preto de 2.000 millóns de persoas máis que na actualidade, e calcúlase que cincuenta anos máis tarde, a poboación mundial atinxirá os 10.000 millóns. Segundo a ONU, necesitaríanse un volume de recursos naturais equivalente a case 3 planetas Terra para manter o estilo de vida actual nese escenario demográfico. A previsible escaseza de recursos e o seu desigual reparto no territorio, o que se combina con fenómenos demográficos como o avellentamento da poboación de rexións máis enriquecidas, xerará importantes movementos migratorios que remodelarán as paisaxes rurais e urbanas.

2.1.1.2 Declive da poboación rural

Os movementos migratorios cara ás cidades, motivados por forzas económicas, políticas e ambientais, continúan a baleirar as paisaxes rurais de amplas franxas de territorio, o que ten un forte impacto en termos medioambientais e socioeconómicos. Neste sentido, o despoboamento rural leva aparelado fenómenos como a degradación dos agroecosistemas, a perda de seguridade alimentaria, a caída da actividade económica ou o aumento do risco de exclusión social. Institucións reguladoras de distintas partes do mundo procuran combater o éxodo mediante incentivos económicos e outras políticas, como é o caso dos fondos FEDER contra o despoboamento na Unión Europea.

2.1.1.3 Avellentamento

Nas rexións do mundo máis enriquecidas, a tendencia á baixa da natalidade e o aumento da esperanza de vida traen consigo o avellentamento da poboación. Segundo estimacións da ONU, no ano 2050 unha de cada catro persoas residentes en América do Norte ou Europa terá 65 anos de idade ou máis. Esta transformación demográfica actualmente en curso supón diversos desafíos no relativo á saúde, vivenda, traballo ou protección social, que necesariamente terán un impacto significativo no cambio das paisaxes rurais e urbanas.

2.1.1.4 Desigualdade

A desigualdade en todas as súas formas e, particularmente, na súa vertente económica, continúa a ser un factor clave na evolución das sociedades humanas. A propia OCDE, por exemplo,

recoñece que a desigualdade no nivel de ingresos por persoa nos seus estados membro atópase no punto máis alto dos últimos 25 anos. A concatenación de crises económicas iniciada co estalido financeiro do 2008 e continuada agora co impacto da pandemia da Covid-19, exacerba esta tendencia e marca as diferenzas existentes por territorio, xénero, etnia e idade, en aspectos tales como o acceso aos servizos sanitarios, a habitabilidade da vivenda ou a calidade do desenvolvemento educativo.

No relativo ás desigualdades de xénero, a tendencia tampouco é favorable. Segundo datos do McKinsey Global Institute recollidos en 125 dos 193 países membro da ONU, os indicadores de igualdade de xénero téñense estancado globalmente dende o ano 2015, de xeito que non se perciben mellorías en aspectos como a presenza das mulleres en roles de liderado, o acceso a postos de traballo profesionalizados, a mellora do nivel educativo ou a autonomía financeira. En Europa, por exemplo, a capacidade adquisitiva media das mulleres, no 2020, inferior á dos homes nun 62%.

2.1.2 Sustentabilidade

2.1.2.1 Cambio climático

Un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) é adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos. O cambio climático está a afectar a todos os países de forma salientable e está a alterar as súas economías. Os cambios que se están a producir son considerables e alarmantes, con fenómenos meteorolóxicos cada vez máis extremos e un preocupante incremento dos niveis do mar. O Secretario Xeral das Nacións Unidas propuxo seis medidas favorables para o clima que os gobernos poden adoptar á vez que intentan reconstruír as súas economías e sociedades: Transición verde; empregos verdes e crecemento sostible e inclusivo; economía verde; investir en solucións sostibles; afrontar todos os riscos climáticos; cooperación.

Pola súa banda, a Unión Europea ten formulado o Pacto Verde Europeo, unha folla de roteiro coa que se pretenden acadar os seguintes obxectivos: cesar a emisión neta de gases de efecto invernadoiro en 2050, disociar o crecemento económico do uso dos recursos naturais, e incluír nestas transformacións a todas as persoas e todos os territorios.

2.1.2.2 Redución na utilización de combustibles fósiles

Os combustibles fósiles comprenden o 80% da demanda actual de enerxía primaria a nivel mundial, sendo o sistema enerxético a fonte de aproximadamente dous terzos das emisións

globais de CO₂. A redución destas emisións é básica para combater o cambio climático, o que implica diminuír o uso de combustibles fósiles, que son os principais xeradores deste tipo de contaminación. Se a proporción actual de combustibles fósiles mantense e a demanda enerxética se duplica para o 2050, as emisións superarán enormemente a cantidade de carbono máximo admitido para limitar o aumento medio de temperatura a nivel mundial a 2°C.

A transición a un sistema de enerxía sostible ofrecerá a oportunidade de mellorar a eficiencia enerxética desde a fonte ata o uso, de minimizar os impactos ambientais e de reducir as intensidades carbónicas e enerxéticas.

2.1.2.3 Desagrarización e degradación dos sistemas agroalimentarios

A perda de importancia das actividades agrarias e do sector primario no conxunto das actividades económicas das sociedades contemporáneas e, con ela, o decrecemento do mercado de traballo agrario e a contracción dos ingresos xerados no medio rural, son síntomas do progresivo esmorecemento dos sistemas agroalimentarios. As crises agrarias, a industrialización e a importancia crecente do sector terciario, tanto máis marcada nas rexións do mundo máis enriquecidas, provocan o descoido e a fragmentación do medio rural, que tende a quedar reducido a espazo baleiro fronte ao avance do territorio urbano.

No contexto do Pacto Verde Europeo, xa citado, atópase a iniciativa F2F (da granxa á mesa) que, para contrarrestar esta tendencia, procurará desenvolver sistemas agroalimentarios máis saudables e sostibles, un reparto máis xusto dos rendementos ao longo das cadeas produtivas e a preservación do medio ambiente e a biodiversidade. É de esperar que estas e outras políticas continúen a promover un consumo alimentario máis sostible, saudable e respectuoso co medio ambiente e o eido rural.

2.1.3 Dixitalización

2.1.3.1 Transformación dixital

A expansión definitiva das tecnoloxías da información e das comunicacións fai que se dilúan progresivamente as fronteiras entre o mundo físico e o dixital, e que se modifique a relación das persoas entre si e co espazo que as acolle. A información xorde, circula e se recibe con inmediatez e ubicuidade, en fluxos que están a redefinir todas as esferas de actividade e a xerar novas capas virtuais sobre as paisaxes físicas e humanas. A dixitalización supón impactos diversos na paisaxe e actúa como xerador de ventás de oportunidade mediante as que salvar as distancias e as

desigualdades. Paralelamente, implica numerosos desafíos e empurra ás persoas e comunidades a reciclar as súas capacidades e a procurar identidades novas.

2.1.3.2 Analítica avanzada e o internet das cousas

Novas capacidades dos sistemas informáticos permiten analizar grandes masas de datos procedentes de fontes diversas e en formatos variados, identificar patróns regulares e, finalmente, a partir deses patróns, emitir diagnósticos cos que tomar decisións e mesmo predicir resultados futuros. Aplicada a sistemas complexos, esta analítica avanzada supón unha progresión substancial da dixitalización, e ten o potencial de facer unha contribución crítica ao estudo, xestión e gobernanza da paisaxe, en todas as súas vertentes.

Pola súa banda, o denominado internet das cousas (IoT), é dicir, unha rede de comunicacións que pon en contacto a equipamentos e máquinas e posibilita a súa acción harmonizada de xeito autónomo, trae consigo, en paralelo co Big Data, numerosos desafíos e oportunidades para aprofundar no coñecemento e no desenvolvemento do territorio e dos espazos humanos.

2.1.4 Cultura e identidade

2.1.4.1 Homoxeneización cultural

Distintos fenómenos económicos, políticos, sociais e tecnolóxicos que conflúen no que se denominou globalización provocan un achegamento das paisaxes culturais, que van perdendo progresivamente as súas faccións diferenciais e incorporando os usos e formas máis adaptados e dominantes no novo escenario. Neste marco a UNESCO estima, por exemplo, que, das aproximadamente 7.000 linguas que existen no mundo, o 40% atópase en perigo de extinción, con comunidades de falantes minoritarias e en recesión. Froito deste proceso de perda de diversidade e de estandarización, as paisaxes culturais, particularmente das rexións periféricas, procuran novos medios e propostas para fomentar a conservación, a creación e a divulgación.

2.2 Políticas e estratexias públicas

Neste apartado identifícanse as principais políticas e estratexias públicas, tanto a nivel rexional como nacional e internacional, e que están estreitamente relacionadas co eido das paisaxes culturais (resaltadas con cor laranxa aquelas nas que o Centro contribúe dalgunha maneira). Esta análise permitiu verificar que a estratexia do CISPAC e as liñas de investigación da súa Axenda Científica están aliñadas coas políticas e estratexias públicas futuras.

Neste apartado recóllense de forma sintética as principais estratexias e políticas vixentes, podéndose atopar no Anexo 8.3 unha versión das mesmas mais extensa, así como os principais programas de financiamento público europeo.

2.2.1 Estratexias e políticas a nivel internacional.

2.2.1.1 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

Os [Obxectivos de Desenvolvemento Sostible \(ODS\)](#) constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo. En 2015, todos os Estados Membros das Nacións Unidas aprobaron 17 Obxectivos como parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, na cal se establece un plan para alcanzar os Obxectivos en 15 anos. O CISPAC aborda 7 dos 17 obxectivos: **fin da pobreza**; **saúde e benestar**; **traballo decente e crecemento económico**; **ciudades e comunidades sostibles**; **producción e consumo responsables**; **acción polo clima**; **vida de ecosistemas terrestres**.

CAMPO DE INVESTIGACIÓN	LÍNEA DE INVESTIGACIÓN	1 FIN DA POBREZA	3 SAÚDE Y BIENESTAR	8 TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO	11 CIUDADES Y COMUNIDADES SOSTIBLES	12 PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES	13 ACCIÓN POR EL CLIMA	15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
PAISAXES QUE TEÑEN XENTE	Despoboamento e o envellecemento	●	●		●		●	
	Movements poboacionais	●	●	●	●			
	Desigualdades sociais	●	●	●	●			
PAISAXES QUE PRODUCEN	Os sistemas agroalimentarios e o seu impacto no territorio e a paisaxe.	●	●	●	●	●		●
	O combate do despoboamento, nunha lóxica de sustentabilidade.	●		●	●	●		
	A resiliencia dos sectores produtivos sustentables	●			●	●	●	●
	O impacto do cambio climático no territorio	●			●	●	●	●
PAISAXES QUE GOBERNAN	Participación social na gobernanza da paisaxe				●		●	●
	Os vellos e novos comúns				●			●

CAMPO DE INVESTIGACIÓN	LÍNEA DE INVESTIGACIÓN	1	3	8	11	12	13	15
		EN LA POBREZA	SALUD Y BIENESTAR	TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO	CIDADES E COMUNIDADES SOSTIÑIBOLES	PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES	ACCIÓN POR EL CLIMA	VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
	Modelos de gobernanza da paisaxe dende a perspectiva de xénero				●			●
	Innovación social e emerxencia climática		●		●		●	
PAISAXES QUE TEÑEN PATRIMONIO	Patrimonio e sociedade			●	●			
	Patrimonio e economía			●	●			
	Patrimonio experimental			●	●			
	Patrimonio e teoría crítica da paisaxe.			●	●			●
PAISAXES VISITADAS	Itinerarios culturais: o Camiño de Santiago			●	●			
	Efectos do turismo masivo			●	●	●		●
	Actividade turística na lóxica de bioeconomía			●	●			
	Desenvolvemento turístico presente e futuro en contextos de crises			●	●			

2.2.1.2 Pacto Verde Europeo

O [Pacto Verde Europeo](#) é a folia de roteiro para dotar á UE dunha economía sostible. A realización desde obxectivo exixirá a transformación dos retos climáticos e medioambientais en oportunidades en todos os ámbitos políticos. O Pacto Verde Europeo establece un plan de acción con inversións e ferramentas de financiamento, como a convocatoria específica de proxectos do pacto verde coa que rematou o programa marco H2020 da UE, que contou cun orzamento de 1.000 millóns de euros.

Definíronse 9 ámbitos de actuación no eido do Pacto Verde Europeo, doa cales 6 están aliñados cós obxectivos do CISPAC: *acción polo clima*; *agricultura sostible*; *mobilidade sostible*; *estratexia «da granxa á mesa»*; *biodiversidade*; *contaminación cero*.

2.2.2 Estratexias e políticas a nivel nacional.

2.2.2.1 ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN (EECTI) 2021-2027

A [Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027](#) é o instrumento base para consolidar e reforzar o Sistema de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (SECTI) no próximos sete anos. Un dos obxectivos do EECTI é o de priorizar e dar resposta aos desafíos dos sectores estratéxicos nacionais a través da I+D+i, en beneficio do desenvolvemento social, económico, industrial e ambiental do noso país. Así, os sectores estratéxicos que contempla a Estratexia

Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación nos que máis se aliña o CISPAC son: **cultura, creatividade e sociedade inclusiva; clima, enerxía e mobilidade: loita contra o cambio climático; alimentación, bioeconomía, recursos naturais e medio ambiente.**

2.2.2.2 PLAN NACIONAL DE PAISAXE CULTURAL

O [Plan Nacional de Paisaxe Cultural](#) foi aprobado na sesión do Consello de Patrimonio Histórico celebrada en Madrid (Residencia de Estudiantes) o 4 de outubro de 2012, e o seu obxectivo é o de salvagardar as **paisaxes de interese cultural**, entendendo por salvagarda as medidas encamiñadas a **garantir a viabilidade da paisaxe cultural, comprendidas as accións de identificación e caracterización, documentación, investigación, protección, mellora, revitalización, cubrindo os aspectos necesarios de definición, delimitación, análise de compoñentes e xestión**, todo elo desde unha perspectiva de desenvolvemento sostible.

2.2.2.3 ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE ECONOMÍA CIRCULAR (EEEC), ESPAÑA CIRCULAR 2030

A [Estratexia Española de Economía Circular, España Circular 2030](#), senta as bases para impulsar un novo modelo de produción e consumo no que o valor de produtos, materiais e recursos mantéñanse na economía durante o maior tempo posible, na que se reduzan ao mínimo a xeración de residuos e se aproveite con maior alcance posible os que non se poden evitar. A Estratexia contribúe así aos esforzos de España por lograr unha economía sostible, descarbonizada, eficiente no uso dos recursos, e competitiva.

A Estratexia Española de Economía Circular (EEEC) aliñase cos obxectivos dos dous plans de acción de economía circular da Unión Europea, “Pechar o círculo: un plan de acción da UE para a economía circular” de 2015 e “Un novo Plan de Acción de Economía Circular para unha Europa máis limpa e competitiva” de 2020, ademais de có Pacto Verde Europeo e a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.

A EEEC identifica seis sectores prioritarios de actividade nos que incorporar este reto para unha España circular: sector da construción, **agroalimentario**, pesqueiro e **forestal**, industrial, bens de consumo, **turismo** e téxtil e confección.

2.2.2.4 ESTRATEXIA ESTATAL DE INFRAESTRUTURA VERDE E DA CONECTIVIDADE E RESTAURACIÓN ECOLÓXICAS

A [Infraestrutura Verde](#) é unha rede estratexicamente planificada de espazos naturais e seminaturales e outros elementos ambientais deseñada e xestionada para ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos. Inclúe **espazos verdes** (ou azuis se se trata de ecosistemas acuáticos) e **outros elementos físicos en áreas terrestres (naturais, rurais e urbanas)** e mariñas.

Esta estratexia ten a finalidade de contribuír a dar resposta aos **principais obxectivos de conservación e restauración da biodiversidade, conservación e provisión de servizos dos**

ecosistemas, mellora da conectividade ecolóxica do territorio, mitigación dos efectos do cambio climático, tanto no ámbito do medio rural como no urbano, e mellora da capacidade de adaptación das sociedades fronte ao cambio climático e os riscos que conleva.

2.2.2.5 PLAN NACIONAL DE ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO (PNACC) 2021-2030

O [PNACC 2021-2030](#) definirá obxectivos, criterios, ámbitos de traballo e liñas de acción para fomentar a adaptación e a resiliencia fronte o cambio do clima. O borrador do PNACC 2021-2030 define e describe 81 liñas de acción sectoriais organizadas en 18 ámbitos de traballo: clima e escenarios climáticos; saúde; auga e recursos hídricos; biodiversidade e áreas protexidas; forestal, desertización, caza e pesca continental; agricultura, gandería, pesca, acuicultura e alimentación, océanos e costas; cidade, urbanismo e vivenda; patrimonio cultural; enerxía; mobilidade e transporte; industria e servizos; turismo; sistema financeiro e actividade aseguradora; redución do risco de desastres; investigación e innovación; educación e sociedade; paz, seguridade e cohesión social. Tamén propón unha nova gobernanza, para facilitar a coherencia da acción climática e favorecer novas prácticas na forma de legislar, de planificar, de orzar, de xestionar e de informar, como resposta aos riscos derivados do cambio climático, tanto para as administracións públicas como para o sector privado.

2.2.3 Estratexias e programas a nivel rexional.

2.2.3.1 Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)

As Estratexias de Especialización Intelixente establécense como un novo mecanismo na definición das políticas rexionais de investigación e innovación que trata de corrir as deficiencias detectadas nas dinámicas actuais de planificación nas rexións europeas. Neste eido, a [Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia \(RIS3\)](#) apóiase naquelas actividades baseadas en coñecemento enraizados no territorio que presentan un maior potencial de competitividade no contexto global.

Actualmente estase levando a cabo un proceso participativo de máis de 240 axentes para o desenvolvemento da nova Estratexia RIS3 de Galicia 2021-2027.

2.3 Benchmarking

A continuación, preséntase unha análise benchmarking para identificar e detectar tendencias e boas prácticas que permiten orientar a conceptualización, organización, estratexia e modelo de articulación do CISPAC.

Para tal fin, realizouse unha procura de estruturas de investigación nacionais e internacionais especializadas no estudo da paisaxe, e seleccionáronse, obedecendo a criterios de acreditada traxectoria en investigación a nivel europeo, as mais relevantes para facer unha análise mais pormenorizada. A análise estruturouse ao redor dunha serie de aspectos que se agrupan en dous grandes bloques de información complementarios:

- **Modelo de Centro:** titularidade (Centro público, privado e/ou universitario), ano de fundación, gobernanza, descrición do Instituto, principais actividades, plantilla e financiamento. Así mesmo analízase a estrutura organizativa e o establecemento de formas de relación con diferentes axentes colaboradores e alianzas internacionais.
- **Organización e estratexia de investigación e principais liñas de traballo e retos estratéxicos.**
- **Capacidade de intervención na paisaxe dos seus territorios de orixe.**

Así, os Centros/Institutos analizados de forma detallada son:

	Instituto de Ciencias del Patrimonio – CEPT (Santiago de Compostela, España)
	Instituto Estudios Paisaje y Territorio – CEPT (Sevilla, España)
	Centre for Landscape Studies of the University of Groningen (Groningen, Países Baixos)
	McCord Center for Landscape, Newcastle University (Newcastle, Reino Unido)
	École Nationale Supérieure de Paysage (Marsella, Francia)

Tamén foron tidos en contra na análise outras institucións e Institutos de referencia que se poden consultar no anexo 9.1.

A continuación, presentase un resumo dos aspectos descritos anteriormente para cada un dos centros.

O Incipit é o Instituto de Ciencias do Patrimonio do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) ubicado en Galicia e orientado ao estudo do patrimonio cultural, en concreto, a cadea de valor do patrimonio e os procesos de patrimonialización. Estre a súa investigación interdisciplinar destacan a arqueoloxía da paisaxe e paisaxes culturais, a investigación teórica e historiográfica sobre estudos do patrimonio cultural; os procesos de patrimonialización: memoria, identidades e conflito; a socio-economía do patrimonio cultural; a cultura material e procesos de formalización do patrimonio cultural; as tecnoloxías semánticas para patrimonio cultural.

O Incipit focaliza a súa actividade principalmente na investigación, pero como instituto do CSIC tamén leva a cabo accións de formación, divulgación e prestación de servizos especializados.

Estrutura organizativa	O Instituto depende orgánicamente do CSIC e do seu consello reitor, pero para o seu funcionamento interno está dotado dun director científico, xerente e servizo de administración. Ademais, ten unha estrutura matricial onde solo existe un grupo de investigación e utilízanse como eixos organizativos os conceptos de operacións, e especialidades.
Persoal	O Instituto está formado por 54 persoas, entre IPs, investigadores pos e predoutorais, e técnicos de administración e de investigación.
Organización da investigación	Estrutúrase en torno a especialidades, en ámbitos de estudo, que son antropoloxía, arqueoloxía, tecnoloxías xeoespaciais e tecnoloxías semánticas, e a unidade de valorización, centrazo en dar servizos ao exterior.
Infraestruturas e servizos	Actualmente o Instituto está nun edificio no Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela, en previsión de que a finais do 2021 poida trasladarse ao Edificio Fontán da Cidade da Cultura.
Formación	<p>Polo momento non teñen formación propia asociada ao Incipit.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dirección de Teses doutorais, especialmente coa USC. • Docencia en Mestrados sobre patrimonio. • Docencia en graos, especialmente internacionais (UK). • Docencia en cursos de posgrao. • Docencia en cursos de patrimonio externos • Estancias de investigación no Instituto.
Avaliación	Sistemas de avaliación de centros e investigadores do CSIC.
Colaboracións	O Instituto colabora con distintas universidades, como a USC, UPV ou a UCM, e a inglesa Durham university, entre outras.

Financiación	Financiación basal do CSIC e da Xunta de Galicia a través do seu programa de Consolidación, o resto de financiamento provén de proxectos competitivos e convenios e contratos con outras entidades.
Servizos que ofrece o Instituto	Conta coa unidade de valorización, que céntrase sobre todo no patrimonio cultural dixital.

Centro de Estudios Paisaje y Territorio

CENTRO ESTUDIOS PAISAJE Y TERRITORIO DE ANDALUCÍA

<http://paisajeyterritorio.es/>

O Centro de Estudos Paisaxe e Territorio (CEPT) créase en 2005 no marco da colaboración entre a Consejería de Obras Públicas e Transportes da Junta de Andalucía e as Universidades Públicas de Andalucía. Entre os seus obxectivos está promover o coñecemento científico das paisaxes andaluzas e o territorio a través da investigación, tanto nos seus aspectos constitutivos naturais, como na súa utilización, ordenación e organización para as actividades humanas; tamén fomentar a interacción positiva entre as respectivas liñas de actividade, investigadores, científicos e docentes, e do exercicio de competencias en materia de paisaxe e ordenación do territorio.

Estrutura organizativa	<ul style="list-style-type: none"> • Consello reitor, formado por representantes da Consejería e das universidades. • Comisión executiva do Consello reitor, formada por 7 membros. • Dirección • Xerencia • Xefatura de estudos, investigadores e colaboradores
Persoal	N/D
Organización da investigación	Os proxectos son abordados en primeira instancia polo director e o xefe de estudos e, segundo o seu criterio, contáctase con expertos que adoitan ser colaboradores do Centro. Segundo necesidades dos proxectos a desenvolver, contrátase a técnicos e investigadores expresamente para o desenvolvemento das tarefas asociadas aos mesmos.
Infraestruturas e servizos	Nun principio era a Consejería a entidade que daba soporte ao Centro, pero este rol foi asumido pola Universidade de Sevilla, e actualmente o Centro atópase nas instalacións do Instituto Internacional da Universidade de Sevilla.
Formación	O Centro conta cunha liña de formación e difusión, e durante algúns anos desenvolveuse un curso de experto que evolucionou a estudos de mestrado, e que finalmente foi suprimido. Actualmente ofértanse prazas a estudantes en prácticas curriculares de grado e mestrado, así como estancias de investigación de investigadores procedentes doutras institucións.
Avaliación	N/D

Colaboracións	O Centro colabora con todas aquelas institucións e entidades que o solicitan, tanto en proxectos de investigación como en materia de asesoramento. Igualmente, pon ao dispor dos investigadores e colaboradores a información e documentación xerada no Centro, como por exemplo, recursos fotográficos e cartográficos na súa web.
Financiación	O Centro non ten asignación orzamentaria fixa, autofinanciase a partir dos proxectos que realiza.
Servizos que ofrece o Instituto	Ofrece servizos de asesoramento, de biblioteca, de estancias de investigación, de arquivo, etc.



CENTRE FOR LANDSCAPE STUDIES OF THE UNIVERSITY OF GRONINGEN

www.rug.nl/research/kenniscentrumlandschap/

Centro académico interdisciplinario que se centra na educación, a investigación e o intercambio de coñecementos no campo das paisaxes holandesas e europeas. O Centre for Landscape Studies focaliza a súa actividade principalmente na investigación da reconstrución de patróns históricos, procesos de formación e os seus factores subxacentes que poidan contribuír no desenvolvemento de futuras estratexias de ordenamento do territorio, xestión da paisaxe e políticas patrimoniais, así como coa formación de futuros investigadores.

Estrutura organizativa	O Centro considérase un “Instituto de especialización” adscrito ao Research Institute for the Study of Culture (ICOG), que é un dos tres institutos da Facultade de Arte da University of Groningen, onde cúrsanse os estudos de doutoramento. O Centro ten un director que forma parte do Executive Board do Research Institute for the Study of Culture (ICOG), que a súa vez ten un coordinador e un Advisory Board, do que depende o Centro, ten un Executive Board e Advisory Board, formado por investigadores da mesma universidade pero alleos ao ICOG.
Persoal	O Centro está formado por 11 membros, entre os que atopamos profesores, líderes de proxectos e estudantes de doutoramento.
Organización da investigación	Presentan cinco temas de investigación: Paisaxes de brañas do norte dos Países Baixos, o mar de Wadden e a antiga zona de Zuiderzee / Paisaxe, sociedade e economía nas rexións arenosas dos Países Baixos durante a Idade Media e a Idade Moderna / Investigación comparativa e interdisciplinaria sobre castelos, casas de campo e fincas no pasado e o presente / Biografía de paisaxes como ferramenta para a ordenación do

	territorio / a ecoloxía histórica como ferramenta para a xestión da natureza e o patrimonio.
Infraestruturas e servizos	O Centro ubícase nun modesto edificio no Instituto da cidade.
Formación	<ul style="list-style-type: none"> • Cursos de licenciatura en Historia da paisaxe • Programa de Mestrado de Historia da Paisaxe • Curso de fincas e fincas históricas no campo (Cursos de 10 ECTS e de 10 ECTS) • Cursos abertos de licenciatura e mestrado • Cursos de paisaxe externos • Viaxes de campo e excursións científicas
Avaliación	A avaliación ten unha periodicidade de cinco anos, e requírese un mínimo de 8 artigos académicos revisados por pares cada 6 anos.
Colaboracións	O Centro colabora coa Fundación Van der Wyck-de Kempenaer
Financiación	N/D
Servizos que ofrece o Instituto	<ul style="list-style-type: none"> • Inventarios histórico-culturais e paisaxísticos de sitios, microrrexións detallados nun atlas cultural dixital (SIG) e un informe axunto. • Biografías de paisaxes. • Valores histórico-culturais das paisaxes e o patrimonio que conteñen. • Asesoramento no deseño e xestión das paisaxes e o patrimonio que conteñen. • Desenvolvemento de bases de datos e sitios web no campo da historia cultural e a paisaxe. • Presentacións, cursos ou obradoiros no ámbito da paisaxe e o patrimonio.

Centro interdisciplinario da Newcastle University, baseado no desenvolvemento de novos métodos para a análise dos aspectos físicos e intanxibles da paisaxe. No futuro uniranse á Newcastle University Centre of Research Excellence (NuCORE)	
Estrutura organizativa	Contan cun director de Centro e un Advisory Board formado por cinco membros.
Persoal	Ademais do persoal de plantilla, hai unhas 30 persoas asociadas a proxectos mediante contratos. Forman parte do Centro persoal académico (30 persoas), investigadores asociados (35), investigadores visitantes e estudantes investigadores.
Organización da investigación	A investigación organizase en torno a: <ul style="list-style-type: none"> • arqueoloxía da paisaxe • historia da paisaxe e xeografía histórica • xeofísica e xeomorfoloxía • cambio ambiental e paisaxístico • arquitectura da paisaxe • xestión do patrimonio cultural • Servizos dixitais • GIS • avaliación do impacto • Caracterización da paisaxe
Infraestruturas e servizos	Están ubicados no Armstrong Building da University of Newcastle. Dispoñen dun laboratorio de xeoarqueoloxía e salas para o persoal do Centro (reunións, despachos, etc).
Formación	A docencia xestiónase través dos grupos que forman parte do Centro na propia universidade.
Avaliación	N/D
Colaboracións	N/D
Financiación	Contan cun orzamento de aproximadamente 1,5 millóns de libras. O financiamento maioritariamente procede de proxectos (UK, UE, Charities, National Lottery) e de financiamento basal da universidade, que tamén asume o custe salarial do persoal estable.
Servizos que ofrece o Instituto	A súa misión é: <ul style="list-style-type: none"> - desenvolver proxectos colaborativos, - investigación aplicada á paisaxe, - consultoría con socios profesionais, - fomentar colaboracións entre especialistas e actores do eido da paisaxe, - formación e oportunidades para posgraduados, - oportunidades para investigadores novos.



ÉCOLE NATIONALE SUPÉREURE DE PAYSAGE

www.ecole-paysage.fr

A École Nationale Supérieure de Paysage, fundada en 1976, é o berce histórico da formación de paisaxistas en Europa. Nela se prepara aos futuros arquitectos da paisaxe para o deseño de parques, xardíns, rexións, áreas rurais e espazos públicos urbanos. A escola ofrece unha formación multidisciplinar articulada ao redor de talleres de proxectos, inmersións no campo, mobilidade internacional, unha densa rede de socios públicos e privados e eventos culturais. Ten como principais campos de investigación: Ecoloxía, Xeografía, Etnoloxía, Socioloxía, Ciencias políticas, Historia da arquitectura e da paisaxe, Paisaxismo.

<p>Estrutura organizativa</p>	<p>A Escola Nacional da Paisaxe é administrada por unha Xunta Directiva e conta cun director e unha secretaría xeral dos que penden o resto do organigrama. Tamén inclúe un Consello Científico, un Consello de Docentes e un Consello de Educación e Vida Estudiantil que exercen funcións consultivas. Ademais, conta cun Comité Técnico e un Comité de Seguridade e Saúde así como unha Comisión Consultiva Mixta competente en materia de persoal non titular.</p> <p>Depende do Ministerio de Agricultura, pero teñen acordos e relacións co Ministerio de Medio Ambiente (competente en políticas de paisaxe en Francia)</p>
<p>Persoal</p>	<p>Ademais do persoal directivo, forman parte do Instituto</p> <ul style="list-style-type: none"> • 30 persoas en formación continua (xardíns, ou grandes paisaxes). • 32 investigadores permanentes. • 72 persoas contratadas e axentes técnicos.
<p>Organización da investigación</p>	<p>A investigación concéntrase no LAREP (Laboratoire de Recherche de l'École de Paysage), no que está todo o persoal que investiga na escola., e componse de cinco departamentos (Proxectos/Deseño, Técnicas, Ciencias sociais, Artes, Ecoloxía).</p> <p>A base dos estudos é abordar a paisaxe a través da diversidade das súas prácticas e nas súas múltiples dimensións, histórica, ecolóxica, epistemolóxico e social.</p> <p>A investigación en LAREP organízase en dous eixos principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecementos e prácticas do proxecto de paisaxe • Proxecto de acción pública e paisaxe <p>O traballo dos investigadores e investigadoras organízase ao redor dos dous grandes eixos, o primeiro dos cales cuestiona os coñecementos e prácticas que sustentan a acción dos profesionais na paisaxe, e o segundo explora as formas de acción pública e territorialización en relación coa paisaxe. Os diversos campos disciplinares (ecoloxía, xeografía, etnoloxía, socioloxía, ciencias políticas, historia da arquitectura e o urbanismo,</p>

	paisaxismo), dos que proceden os investigadores e docentes-investigadores de LAREP danlle ao Instituto o seu carácter interdisciplinario.
Infraestruturas e servizos	Contan con dúas ubicacións, a principal en Versailles e outra en Marsella. Nelas atopamos un laboratorio de investigación en proxectos de paisaxe, un Instituto de documentación especializado con preto de 60.000 referencias e un antigo fondo de arquivo que data do século XVII ata a actualidade. En total, en Versailles, conta con 7000 m ² de edificios protexidos dos séculos XVII e XX no King' s Potager.
Formación	Ofrece unha gama completa de cursos de formación a través da formación inicial e continua. A propia ENSP emite o Diploma Estatal en Paisaxismo que confire o grado de Mestría así como o Diploma de Deseñador e Creador de Xardín Paisaxista, inscrito no RNCP. Participa na entrega de mestrías e participa en dúas escolas de doutoramento. Baséase en 14 acordos de cooperación e intercambio internacionais. A ENSP tamén ofrece unha ampla gama de cursos breves de formación para profesionais e público en xeral.
Avaliación	N/D
Colaboracións	O LAREP mantén unha cooperación continua con outros laboratorios e institucións a nivel nacional e internacional. A nivel nacional destacan: Escola Superior Nacional de Arquitectura e Paisaxe de Bordeaux; Escola Nacional Superior de Natureza e Paisaxe en Blois; Escola Nacional de Arquitectura e Paisaxe de Lille; AgroCampus en Angers. A nivel internacional destacan: School of Architecture, Planning and Landscape, Newcastle University (Reino Unido); University of Montreal, Cátedra de Paisaxe e Medio Ambiente (Canadá); Escola Politécnica Federal de Lausanne (Suíza), ENAC LCC, Conservación da construción de laboratorios (Suíza); Universidade de Lisboa, Facultade de Arquitectura da Paisaxe (Portugal); Universidade de Hue, Facultade de Arquitectura (Vietnam); Universidade de Passo Fundo (Brasil); Universidade Mendel de Brno Zemedelska, Brno (República Checa).
Financiación	Dispón de financiamento basal do goberno francés, e captan aproximadamente 300.000 € (sen contar o custe salarial do persoal académico) que en convocatorias competitivas como a da Foundation de France, ou Institutos de Desenvolvemento Rexional, ou da costa. Tamén teñen acordos e colaboracións con empresas enerxéticas. Aproximadamente o 50% do orzamento destínase a dar resposta a necesidades formuladas pola cidadanía ou polas institucións rexionais ou nacionais. O outro 50% corresponde ao orzamento asignado para a execución dos proxectos captados.
Servizos que ofrece o Instituto	N/D

A continuación, preséntanse as principais conclusións do análise benchmarking:

- ❖ Todos os Centros analizados son de natureza pública, dous deles son universitarios, outro depende do goberno central e outro pódese considerar un Centro mixto da administración rexional coas universidades.
- ❖ Os Centros están compostos por equipos de diferentes disciplinas, o que lles otorga carácter transdisciplinar.
- ❖ A orientación principal de todos os Centros é investigadora, moi aplicada á incidencia directa na paisaxe. A investigación organizase principalmente ao redor dunha serie limitada de áreas estratéxicas, aliñados coas principais prioridades e retos da sociedade.
- ❖ Ao atoparse vinculados a universidades, moitos dos Centros ofrecen formación de posgrado e doutoramento aliñados co seu ámbito de especialización.
- ❖ Moitos Centros contan con infraestruturas singulares, o que posibilita a oferta de servizos especializados.
- ❖ A meirande parte dos Centros establecen colaboracións con outros Centros a nivel internacional e nacional, así como con empresas do sector, e participan en plataformas e redes.
- ❖ O financiamento provén maioritariamente da captación de proxectos en convocatorias competitivas, e en menor medida, da sinatura de contratos e convenios con outras entidades e empresas. Algúns dos Centros contan con financiamento basal.
- ❖ Son Centros cunha clara vontade transferencia do coñecemento á sociedade. A comunidade e os colaboradores están moi presentes nas actividades e investigacións dos centros.




2.4 Principais axentes do ecosistema




Co obxectivo de por en valor o ecosistema no que se moverá o Centro, identifícanse os principais axentes aos que o CISPAC pode dar resposta, tecendo unha rede de contactos coa que interactuar e colaborar organizadamente e que lle facilite ter un coñecemento moito máis multidisciplinar e con potencial para a creación de sinerxías, e que a súa vez, poidan ter interese na actividade do CISPAC.

Inicialmente, identificáronse tres agrupacións de entidades e organismos:



- **Administración pública:** recompila os organismos e entidades oficiais de ámbito internacional, nacional e rexional que establecen o marco das políticas e estratexias públicas ligadas á paisaxe, e que nalgún caso, xestionan parte do financiamento competitivo ou colaboran na súa definición.
- **Institutos e Centros de Investigación:** inclúe as principais entidades de ámbito nacional e rexional que aglutinan o coñecemento científico e a formación regrada no eido da paisaxe.
- **Asociacións e redes de colaboración:** recolle as principais asociacións e redes vinculadas á actividade empresarial, científica ou social e poidan ter incidencia na paisaxe o no seu desenvolvemento e xestión.

2.4.1 Administración

 <p>AXENCIAS EXECUTIVAS DA UE: DG CLIMA, DG AGRI, DG ENV, DG HOME, CHAFEA</p>	<p>As axencias executivas da UE son organismos que se encargan dos temas concretos e especializados, ao nivel dos ministerios nos gobernos nacionais, pero que se crean durante un periodo de tempo determinado para unha tarefa concreta. Asumen temas científicos, técnicos, xurídicos e sociais, participando na elaboración dos regulamentos europeos, así como dos programas de financiamento específico e estruturais.</p> <p>Desde o punto de vista do CISPAC, as axencias executivas de maior interese son as direccións xerais (DG) de Acción polo Clima, Agricultura e Desenvolvemento Rural, Medio Ambiente, Migracións e Asuntos de Interior, e a Axencia de Consumidores, Saúde, e Agricultura.</p>
 <p>MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE</p>	<p>Corresponde ao Ministerio de Cultura e Deporte a proposta e execución da política do Goberno en materia de promoción, protección e difusión do patrimonio histórico español, dos museos estatais e das artes, do libro, a lectura e a creación literaria, das actividades cinematográficas e audiovisuais e dos libros e bibliotecas estatais, así como a promoción e difusión da cultura en español, o impulso das accións de cooperación cultural e, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, das relacións internacionais en materia de cultura.</p>
 <p>MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO</p>	<p>Entre as súas funcións está a proposta e execución de políticas en materia de loita contra o cambio climático, prevención da contaminación, protección do patrimonio natural, da biodiversidade, dos bosques, do mar, auga e enerxía para a transición a un modelo produtivo e social máis ecolóxico; así como a elaboración e o desenvolvemento da estratexia e a</p>

 <p>MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN</p>	<p>política fronte ao reto demográfico, así como a proposta e execución da política de loita contra a despoboación.</p>
 <p>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA</p>	<p>Entre as súas competencias está o desenvolvemento da estratexia da paisaxe de Galicia co fin de protexer e preservar os elementos mais significativos e característicos das diferentes paisaxes, ordenar a través de accións tendentes a mellorar, restaurar ou rexenerar as paisaxes, así como o de xestionar dende unha perspectiva de uso sostible o territorio.</p>
 <p>SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE</p>	<p>Empresa pública autonómica adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, concíbese como un instrumento operativo ao servizo da política ambiental de Galicia. Encárgase da xestión dos residuos urbanos, centrándose nos de “bolsa amarela e bolsa negra”, xa que o resto son xestionados por outras entidades.</p>
 <p>CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL</p>	<p>Entre as súas funcións está a de lograr que o agro sexa un ámbito vivo, multifuncional, dinámico e sostible, así como a de por en valor as terras con vocación agrogandeira, mobilizando fincas para poñelas en uso e para dotar de base territorial suficiente aos agricultores e gandeiros.</p>
 <p>AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL</p>	<p>Entidade que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia e que ten como finalidade mellorar a calidade e condicións de vida dos habitantes do medio rural, ao tempo que contribúe á cohesión do territorio galego. Como ente público xestor do programa Leader en Galicia realiza as tarefas de apoio e de seguimento e control dos programas executados polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) no territorio.</p>

2.4.2 Institutos e Centros de investigación

 <p>INSTITUTO DE CIENCIAS DEL PATRIMONIO</p>	<p>É un instituto de investigación do CSIC orientado a investigar sobre un problema común, o patrimonio cultural, independentemente das disciplinas ou enfoques metodolóxicos que se empreguen en cada momento. O Incipit reúne a especialistas de numerosos campos, como antropoloxía, arqueoloxía, arquitectura, astrofísica, educación, filosofía, xeografía, historia, enxeñería de software, ou lingüística. O Incipit non só realiza investigación, senón que tamén leva a cabo accións de formación, divulgación, e prestación de servizos especializados.</p>
 <p>LABORATORIO DE ARQUEOLXÍA DEL PAISAJE Y TELEDETECCIÓN CCHS</p>	<p>Xorde da demanda obxectiva de desenvolver proxectos de investigación nos campos da Arqueoloxía da Paisaxe e a xestión e valorización do Patrimonio Arqueolóxico, proxectos caracterizados por un uso intensivo de Tecnoloxías da Información Xeográfica (TIG), Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e técnicas de procesamento dixital de imaxe. O LabTel non é só unha plataforma tecnolóxica orientada cara á aplicación en Arqueoloxía deste complexo de Tecnoloxías, senón que, de acordo co tipo de investigación desenvolto por grupos de</p>

	<p>investigación matrices, situado na fronteira de varios campos científico-tecnolóxicos, constitúese como unha unidade de Investigación e Desenvolvemento de tecnoloxía.</p>
<p><u>INSTITUTO DEL PATRIMONIO CULTURAL DE ESPAÑA</u></p>	<p>Instituto do Patrimonio Cultural de España O Instituto do Patrimonio Cultural de España (IPCE) é unha Subdirección Xeral adscrita á Dirección Xeral de Belas Artes, do Ministerio de Cultura e Deporte. O seu labor é a investigación, conservación e restauración dos bens que conforman o Patrimonio Cultural.</p>
<p> <u>CENTRO PARA EL CONOCIMIENTO DEL PAISAJE</u></p>	<p>Instituto independente que desenvolve actividades para difundir o coñecemento da paisaxe e as acción (ambientais, culturais, patrimoniais, socioeconómicas) que o configuran, desde a divulgación básica ata a científico-técnica, mediante a elaboración de estudos técnicos.</p>
<p> <u>CENTRO LUSO ESPAÑOL DE PATRIMONIO</u></p>	<p>É un Instituto de estudos de patrimonio cultural e desenvolvemento local, dependente do Ministerio de Cultura, que busca ser un espazo de referencia para o deseño e realización de proxectos comúns complementarios de cantas iniciativas oficiais teñan por obxectivo o inventariado, a catalogación, a recuperación e a conservación do Patrimonio Cultural histórico-artístico, paisaxístico e arquitectónico de España e Portugal, tanto natural como o intervido pola acción humana.</p>
<p> <u>INSTITUTO ANDALUZ DEL PATRIMONIO HISTÓRICO</u></p>	<p>Instituto de investigación, integrado no Sistema Andaluz do Coñecemento, cuxo obxectivo é a investigación científica e técnica de carácter multidisciplinar co fin de contribuír ao avance do coñecemento patrimonial e ao desenvolvemento cultural, social e económico de Andalucía. Presta servizos técnicos especializados en materia de documentación e intervención difusión do patrimonio histórico andaluz e fomento da cultura patrimonial na sociedade.</p>
<p> <u>INSTITUTO DE ESTUDIOS PAISAJE Y TERRITORIO DE ANDALUCÍA</u></p>	<p>Entre os seus obxectivos está promover o coñecemento científico das paisaxes andaluzas e o territorio a través da investigación, tanto nos seus aspectos constitutivos naturais, como na súa utilización, ordenación e organización para as actividades humanas. Fomenta a interacción positiva entre as respectivas liñas de actividade, investigadores, científicos e docentes e do exercicio de competencias en materia de paisaxe e ordenación do territorio.</p>
<p> <u>EUROPEAN CENTRE FOR NATURE CONSERVATION</u></p>	<p>O Instituto Europeo para a Conservación da Natureza é un Instituto europeo independente de experiencia en biodiversidade para o desenvolvemento sostible. A misión declarada de ECNC é unha Europa baseada nunha rica biodiversidade, ecosistemas saudables e desenvolvemento sostible. A organización promove un enfoque integrado tanto por terra como por mar e estimula a interacción entre a ciencia, a sociedade e as políticas.</p>
<p> <u>ÉCOLE NATIONALE SUPÉRIEURE DE PAYSAGE</u></p>	<p>É o berce histórico da formación de paisaxistas e un Instituto de formación, investigación e creación recoñecido internacionalmente. Grazas á súa implicación en Versalles e Marsella, dentro do Instituto Mediterráneo da Cidade e os Territorios, a escola ofrece unha formación multidisciplinar articulada ao redor de talleres de proxectos, inmersións no campo, mobilidade internacional, unha densa rede de socios públicos e privados e eventos culturais.</p>

2.4.3 Asociacións e redes de colaboración

 <p>COMITÉ INTERNACIONAL DE MONUMENTOS Y SITIOS (ICOMOS)</p>	<p>É unha organización internacional non governamental asociada coa UNESCO. Está dedicada á promoción da teoría, a metodoloxía e a tecnoloxía aplicada á conservación, protección e posta en valor do patrimonio cultural. Os seus traballos baséanse nos principios consagrados na Carta Internacional de 1964 sobre a conservación e a restauración de monumentos e sitios, denominada Carta de Venecia.</p>
 <p>ECOVAST</p>	<p>O Consello Europeo de Pobos e Cidades Pequenas, creouse en 1984 para promover o benestar das comunidades rurais e a salvaguardia do patrimonio rural en toda Europa. Os seus obxectivos formais son: fomentar a vitalidade económica, social e cultural e a identidade administrativa das comunidades rurais de toda Europa; e salvaguardar e promover a renovación sensible e imaxinativa das contornas construídas e naturais das devanditas comunidades.</p>
 <p>EUROPA NOSTRA</p>	<p>É a organización patrimonial máis representativa de Europa con membros de máis de 40 países que actúa como voz da sociedade civil comprometida co patrimonio cultural. Entre as súas funcións está dar forma e voz a un movemento cidadán en constante crecemento para apoiar o patrimonio cultural e natural en toda Europa, e promover as mellores prácticas no campo do patrimonio, desde a investigación ata a conservación, abordado desde a educación, a formación e a sensibilización.</p>
 <p>UNISCAPE</p>	<p>Rede Europea de Universidades para a implementación do Convenio Europeo da Paisaxe. Foi creado en Florencia en xaneiro de 2008 e actualmente está composta por 56 universidades membros de 15 países europeos e 2 fundacións privadas que promoven o estudo e a investigación da paisaxe. O obxectivo de UNISCAPE é apoiar e reforzar a cooperación científica interdisciplinaria entre universidades europeas en materia de paisaxe, especialmente nas áreas de investigación e docencia, promovendo os principios e obxectivos do Convenio Europeo da Paisaxe.</p>
 <p>ASOCIACIÓN INTERPROFESIONAL DE ORDENACIÓN DEL TERRITORIO</p>	<p>Asociación interprofesional sen ánimo de lucro que, desde o ano 1975 agrupa a profesionais de recoñecido prestixio ou experiencia do ámbito da Ordenación Territorial, que proveñen do mundo académico, empresarial, ou das administracións públicas. Entre os seus obxectivos está fomentar e desenvolver actividades de investigación, docencia, edición, difusión e en xeral, calquera que conduza a estender a preocupación e o coñecemento pola Ordenación do Territorio e o Medio Ambiente e as accións encamiñadas a lograr no territorio un desenvolvemento equilibrado e axustado ao concepto de sustentabilidade.</p>
 <p>ASOCIACIÓN DE GEÓGRAFOS ESPAÑOLES</p>	<p>Agrupación de profesionais da xeografía cuxa finalidade principal é fomentar e desenvolver a ciencia xeográfica española e as súas aplicacións e difundir e dar a coñecer os coñecementos xeográficos na sociedade.</p>

<p>ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PAISAJISTAS</p>	<p>A Asociación dos profesionais do Paisaxismo e da Arquitectura da Paisaxe en España está constituída por unha comunidade de profesionais que traballan no paisaxismo ao servizo da sociedade, desde o proxecto de novos espazos e lugares ata o estudo e xestión da paisaxe a calquera escala.</p>
<p>SOCIEDADE DE ESTUDIOS DE HISTORIA AGRARIA</p>	<p>Ten como fin fomentar a investigación, o intercambio de opinións, o ensino e a divulgación do coñecemento científico referentes á historia agraria e á economía e a sociedade rurais desde unha perspectiva interdisciplinaria e propiciar a conservación e facilitar a consulta e uso a todos os investigadores dos arquivos e material relativos ás actividades agrarias e ás sociedades rurais.</p>
<p>ALIANZA DE PAISAJES CULTURALES</p>	<p>É unha iniciativa que pretende poñer en contacto a diferentes paisaxes culturais e sitios afíns, que ilustran a evolución da sociedade e dos asentamentos humanos ao longo dos anos, baixo a influencia das limitacións e/ou vantaxes que presenta a contorna natural, e das forzas sociais, económicas e culturais internas e externas para crear unha obra conxunta do home e a natureza de valor universal excepcional.</p> <p>Entre os seus fins está promover a cooperación entre as diferentes Paisaxes Culturais de todo o mundo, así como entre os diferentes lugares, monumentos, sitios arqueolóxicos, etc., con valores paisaxísticos e ambientais, abarcando as súas múltiples facetas culturais, paisaxísticas, económicas e sociais.</p>
<p>CONSELLO DA CULTURA GALEGA</p>	<p>O Consello da Cultura Galega é un órgano estatutario da Comunidade Autónoma de Galicia de carácter asesor e consultivo, que ten como finalidade promover, difundir, asesorar e preservar os valores culturais do pobo galego.</p>
<p>ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO</p>	<p>Traballa cos propietarios e cos usuarios do territorio na conservación do patrimonio natural e cultural, e no uso sustentable dos recursos naturais. Os seus obxectivos son a conservación e recuperación do patrimonio natural utilizando como ferramenta principal a custodia do territorio; e difundir e fomentar a custodia do territorio, facendo partícipe á sociedade civil da xestión sustentable do territorio.</p>
<p>FUNDACIÓN JUANA DE VEGA</p>	<p>Ten como obxectivo promover o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humano e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas, e canalizar as oportunidades de desenvolvemento do medio rural galego mediante actuacións de investigación, formación, divulgación e transferencia de coñecemento.</p>
<p>FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE</p>	<p>Organización privada, sen ánimo de lucro, de natureza fundacional que se constitúe para introducir criterios de sustentabilidade na posta en valor dos recursos estratéxicos de Galicia cunha orientación cara a competitividade global e a eficiencia.</p>
<p>CLÚSTER TURISMO DE GALICIA</p>	<p>O obxectivo é promover actividades de colaboración que permitan mellorar a competitividade, a innovación e a internacionalización deste sector. O obxectivo final é potenciar a marca Galicia como</p>

	<p>destino turístico forte, diferenciado, e situado a escala global a través da modernización e capacitación.</p>
 <p>CLÚSTER DA MADEIRA E O DESEÑO DE GALICIA</p>	<p>O CMD defínese como unha entidade aberta e integradora de todas as empresas da cadea de valor da madeira, co propósito de contribuír á mellora da súa competitividade, aproveitando as sinerxias derivadas, do intercambio de experiencias e coñecementos, dos mecanismos de apoio e do traballo cooperativo en rede.</p>
 <p>CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA</p>	<p>Clusaga integra os distintos sectores da alimentación de Galicia co fin de contribuír á súa potenciación, internacionalización e mellora da competitividade.</p>
 <p>CLÚSTER AUDIOVISUAL GALEGO</p>	<p>Composto por 40 compañías do sector de produción audiovisual galego, a súa misión é desenvolver proxectos empresariais de vangarda para facer de Galicia un referente nacional (e por que non, internacional) na industria audiovisual.</p>
 <p>CONSELLO REGULADOR AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA</p>	<p>C.R.A.E.GA. é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galicia. A produción agraria ecolóxica ou biolóxica constitúe un método diferenciado de produción de alimentos, que é conveniente regular asegurando a transparencia en todas as fases, tanto da mesma produción como da elaboración e comercialización.</p>



3 ANÁLISE INTERNA

O CISPAC está composto por **10 investigadores/as garantes** que son aqueles que, por reunir criterios de excelencia e competencia científica, avala e garante o desenvolvemento da axenda científica e obxectivos definidos para o Centro.

O potencial universo de investigadores e investigadoras fórmase a partir da relación de grupos promotores das tres universidades vinculados ás ciencias sociais e humanas.

A partir da composición inicial de grupos promotores que compoñen o potencial universo de masa crítica e capacidade do CISPAC, realízase unha análise dos principais indicadores referidos ao período 2016-2019 de cada un dos grupos promotores e que se distribúen en catro categorías:

- Composición
- Produción científica
- Actividade investigadora
- Transferencia

Esta análise de indicadores permite identificar a masa crítica do Centro en canto á potencialidade das liñas de investigación ligadas á paisaxe ou territorio dos grupos promotores.

3.1 Investigadores/as garantes

De acordo coa Gobernanza do Centro, considerase Investigador/a Garante aquel/a investigador/a vinculado/a que, por reunir criterios de excelencia e competencia científica, avale e garanta o desenvolvemento da axenda científica e obxectivos definidos para o Centro.

Os/as investigadores/as garantes que forman parte do CISPAC reúnen tres dos catro seguintes criterios:

- Posúe tres sexenios de investigación e o último deles vixente.
- Figura como coordinador/a ou investigador/a responsable de polo menos 3 proxectos de I+D do Programa Marco da EU ou do Plan Estatal de I+D da Administración Xeral do Estado nos últimos 10 anos.
- Ten captado polo menos 350.000€ por proxectos no marco de convocatorias públicas e/ou Contratos ou Convenios nos últimos 5 anos.
- Ten, como mínimo, 3 teses lidas nos últimos 5 anos.

Ademais, e de forma excepcional, poden figurar como Investigadores/as Garantes, aqueles/as que non cumprindo tres dos catro criterios mencionados anteriormente, demostren competencia científica relevante coas áreas, liñas e retos da Axenda Científica para dar cobertura a mesma así como presentar unha traxectoria relevante no eido transferencia cunha significativa proxección económica e social sobre a contorna.

Seguindo estes criterios, os/as Investigadores/as Garantes que forman parte dos CISPAC son:

- Stefania Barca
- Jose María Cardesín Díaz
- Jacob Copeman
- Ramón Fábregas Valcarce
- Lourenzo Fernández Prieto
- Marco V. García Quintela
- Rubén C. Lois González
- Edelmiro López Iglesias
- Laura Oso Casás
- Xavier Simón Fernández

A continuación, recóllese de forma sintética e en formato ficha, as características máis relevantes de cada investigador/a garante nos últimos dez anos. Ademais, nun documento Anexo, recóllense os seus CV.

GARANTE	STEFANIA BARCA	
ORCID	https://orcid.org/0000-0002-8136-3369	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Investigadora Distinguida BG Senior/Historia Ambiental/ USC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	22
	Libros	3
	Capítulos libros	18
	Índice H/H-10 (Scholar)	14/20
	Teses dirixidas	
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Incorpórase á USC como Investigadora distinguida Beatriz Galindo Senior. Foi vicepresidenta do consello científico do CES, codirectora do programa de doutoramento "Democracia en el siglo XXI" (2012-15), coordinadora do grupo de investigación sobre Políticas Sociais, Traballo e Desigualdades (2010-14). Foi profesora visitante no Programa de Estudos Agrarios da Universidad de Yale (2005-06), e bolsreira posdoutoral "Ciriacy Wantrup" na UC Berkeley (2006-08); foi vicepresidenta da Sociedad Europea de Historia Ambiental (ESEH) entre 2011 e 2013, e foi membro do consello editorial da revista Environmental History entre 2014 e 2017. Tamén foi membro do Consello de Supervisión da ITN "Marie Curie" da UE "Entitle" - European Network of Political Ecology, and Chair of the organizing committee of the international conference Undisciplined Environments (Stockholm, March 2016).	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	A súa investigación aliñase co Campo "Paisaxes que se gobernan".	

GARANTE	JOSÉ MARÍA CARDESÍN DIAZ	
ORCID	http://orcid.org/0000-0002-0806-3060	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Profesor Catedrático/Historia de los Movements Sociais/UDC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	9
	Libros	
	Capítulos libros	13
	Índice H/H-10 (Scholar)	10/10
	Teses dirixidas	1
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Nos últimos dez anos, foi Investigador Principal de dous proxectos nacionais e dous contratos de I+D con empresas, e investigador colaborador en tres proxectos e tres redes de investigación nacionais.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	Aínda que a investigación desenvolta no eido dos movementos sociais e do territorio aliñase con varios campos da Axenda Científica, o principal será "Paisaxes con Patrimonio".	

GARANTE	JACOB COPEMAN	
ORCID	https://orcid.org/0000-0001-6967-0086	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Investigador Distinguido, ERC-CoG/Antropoloxía Social/ USC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	50
	Libros	8
	Capítulos libros	42
	Índice H/H-10 (Scholar)	15/18
	Teses dirixidas	5
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Investigador principal en numeros proxectos, incluíndo o ERC Consolidator Grant, Leverhulme Research Project Grant, British Academy Mid Career Fellowship e Independent Social Research Foundation Early Career Fellowship. Actualmente completando 4 libros editados e 2 libros con autoría.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	A súa investigación céntrase na antropoloxía social e nas relixións, estando especialmente aliñado co campo da Axenda Científica "Paisaxes visitados".	

GARANTE	RAMÓN FÁBREGAS VALCARCE	
ORCID	https://orcid.org/0000-0002-7940-6884	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Catedrático/Prehistoria/USC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	34
	Libros	5
	Capítulos libros	26
	Índice H/H-10 (Scholar)	24/77
	Teses dirixidas	6
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Investigador principal, nos últimos dez anos, de cinco proxectos autonómicos, catro proxectos nacionais e un proxecto europeo. Cabe sinalar a prolífica labor de transferencia de coñecemento á sociedade a través de máis de dez contratos de I+D con empresas e entidades públicas e privadas.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	A súa investigación aliñase principalmente con "Paisaxes con patrimonio".	

GARANTE	LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO	
ORCID	http://orcid.org/0000-0003-3206-2428	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Catedrático de Universidade/Historia Contemporánea/Universidade de Santiago de Compostela	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	202
	Libros	16
	Capítulos libros	21
	Índice H/H-10 (Scholar)	20/34
	Teses dirixidas	10
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Vicepresidente da Sociedade de Estudos de Historia Agraria (SEHA), desde 2016. Nos últimos dez anos participou como investigador principal en sete proxectos autonómicos e dous do plan estatal, ademais doutros proxectos nacionais financiados por fundacións e entidades análogas. Tamén destacar unha ampla actividade na realización de contratos e convenios de I+D cun total de once, e como relator convidado en cincuenta congresos científicos.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	Principal aliñamento co "Campo Paisaxes que producen": dende a Agroecoloxía e a Historia rural.	

GARANTE	MARCO V. GARCÍA QUINTELA	
ORCID	http://orcid.org/0000-0001-7211-374X	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Profesor Catedrático/Historia Antiga/ USC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións	27
	Libros	4
	Capítulos libros	8
	Índice H/H-10	16/28
	Teses dirixidas	3
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Desde fai quince anos traballa na serie "topologías comparadas" consistente no estudo das relacións entre o espazo e o pensamento. Nesta liña publicou tres libros, traballos sobre a paisaxe celeste de Galicia e un libro propio. Foi profesor invitado na Ecole Pratique des Hautes Etudes (París) e da Escuela Nacional de Antropología e historia e o Inst. de Investigaciones antropológicas da UNAM (México). Integrou o Consello de Redacción da revista Gallaecia entre 1996-2004. Pertence, desde o ano 2002, ao Consello de Redacción da revista Cuadernos de Estudios Gallegos. Miembro de Honor de la Société Belge d'Études Celtiques e da Sociedade Española de Ciencias de las Religiones.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	A súa investigación aliñase con "Paisaxes que teñen Patrimonio".	

GARANTE	RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ	
ORCID	http://orcid.org/0000-0003-4717-1061	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Catedrático de U./Análise Xeográfica Rexional/USC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	52
	Libros	13
	Capítulos libros	31
	Índice H/H-10 (Scholar)	23/55
	Teses dirixidas	18
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	VicePresidente da Unión Xeográfica Internacional desde 2018. Foi Decano da Facultade de Xeografía e Historia en 2003. Participou en máis de 45 proxectos competitivos (europeos, nacionais e rexionais) na súa carreira científica, unha ampla maioría como investigador principal. Tamén en proxectos internacionais con países como Noruega, Brasil, ou Ecuador. Ademais, asinou máis de 47 Contratos de I+D+i con entidades públicas e privadas que fan que o grupo teña unha boa traxectoria transferindo coñecemento á sociedade.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	Como coordinador do grupo de Análise Territorial, as principais liñas de investigación son a xeografía e o planeamento urbano, os estudos rexionais, a planificación rexional e a xeografía social. Así, a investigación ten encadre en case todos os campos de investigación do CISPAC, destacando o seu aliñamento coas "Paisaxes que teñen Xente".	

GARANTE	EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS	
ORCID	https://orcid.org/0000-0002-1563-9371	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Profesor Titular / Economía Aplicada/ USC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	9
	Libros	1
	Capítulos libros	2
	Índice H/H-10 (Scholar)	19; i-10-:33
	Teses dirixidas	5

Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Participación, nos últimos dez anos, en sete proxectos europeos/internacionais, un deles como investigador principal, e en seis proxectos autonómicos; tamén cabe sinalar seis contratos/convenios con empresas, entidades e institucións (galegas, españolas e internacionais).
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	A investigación aliñase con varios dos campos da Axenda do CISPAC, sendo o principal "Paisaxes que producen" (Mundo rural, alimentación e transición verde).


GARANTE	LAURA OSO CASÁS	
ORCID	http://orcid.org/0000-0003-1532-6196	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Catedrática/ Socioloxía/ UDC	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	20
	Libros	5
	Capítulos libros	36
	Índice H/H-10 (Scholar)	26/57
	Teses dirixidas	4
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Consultoría e colaboración con organismos internacionais como OCDE, UE, INSTRAW/ONU e UNESCO. Investigadora principal de dous proxectos europeos e tres proxectos nacionais, así como en dous contratos con administracións e/ou empresas.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	Existe un aliñamento claro da investigación desenvolvida co campo "Paisaxes con Xente".	

GARANTE	XAVIER SIMÓN FERNÁNDEZ	
ORCID	https://orcid.org/0000-0002-5667-0367	
CATEGORÍA/ÁREA DE COÑECEMENTO/ UNIVERSIDADE	Profesor titular/Economía Aplicada/UVIGO	
INDICADORES DE EXCELENCIA (2010-2020)	Nº Publicacións SJR	22
	Libros	13
	Capítulos libros	9
	Índice H/H-10 (Scholar)	10
	Teses dirixidas	3
Actividade de referencia en investigación e/ou transferencia (2010-2020)	Nos últimos dez anos foi Investigador principal en tres proxectos europeos, dous proxectos nacionais e un proxecto autonómico. Destaca a realización de máis de quince contratos de I+D con asociacións, fundacións e entidades públicas.	
Aliñación coa Axenda Científica CISPAC	A súa investigación aliñase claramente coas "Paisaxes que producen".	

3.2 Grupos promotores

A potencial masa investigadora do CISPAC confórmana un total de 16 grupos de investigación pertencentes ás tres universidades galegas, dos cales 6 de eles son Grupos de Referencia Competitiva (GRC) e 10 Grupos de Potencial Crecemento (GPC).

Do total de grupos, 13 pertencen á Universidade de Santiago de Compostela, 1 á Universidade de Vigo e 2 á Universidade da Coruña.



Os grupos de investigación promotores do CISPAC son:

- Grupos de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico (GEPN-AAT), USC
<https://www.usc.gal/es/investigacion/grupos/gepn/>
- Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural (IACOBUS), USC
<https://www.usc.gal/es/investigacion/grupos/iacobus/>
- Síncrisis. Investigacións en formas culturais (SIFC), USC
<https://www.gruposincrisis.com/copia-de-nosotros>
- Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo (HAAYDU). USC
<https://www.usc.gal/es/investigacion/grupos/haydu/>
- Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX (HISTAGRA), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=75551&i=es&s=-126-191-196-235&v=>
- Historia política e dos nacionalismos (HISPONA), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=137685&i=es&s=-2-26-148>
- Grupo de investigación de Historia Moderna (Historia Moderna), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=137328&i=es&s=-126-191-196-235&v=>
- Análise Territorial (ANTE), USC <https://www.usc.gal/es/investigacion/grupos/ante/>
- Economía agroalimentaria e medioambiental, desenvolvemento rural e economía social (ECOAGRASOC), USC <https://www.usc.gal/es/investigacion/grupos/ecoagrasoc/>
- Grupo de análise xurídico-económica (ECOLURIS), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=154984&i=es&s=-2-26-148>
- Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME), USC
<https://www.usc.es/gl/institutos/idega/grupos/analise-modelizacion.html>
- Grupo de Estudios de Historia empresarial e sectorial, pesca, industria e comercio (GESPIC), USC <https://www.usc.es/gl/institutos/idega/grupos/estudios-historia-empresarial.html>
- Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa (GALABRA), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=77159&i=gl&s=-2-26-148>
- Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT), UVIGO
<http://geaat.webs.uvigo.es/es/personal/personal-investigador-permanente/>


- Equipo de Investigación Sociedades en Movimento (ESOMI), UDC
<https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G000259>
- Grupo Interdisciplinar de Patrimonio Cultural e Xeolóxico (CULXEO), UDC
<https://investigacion.udc.es/es/Research/Details/G000339>

Grupos vinculados ao ecosistema do CISPAC, que non sendo promotores, aportarían coñecemento e colaboracións directas:


- Grupo de historia de América (HistAmérica), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=75555&i=es&s=-2-26-148>
- Grupo de Territorio, Biodiversidade (Laborate), USC
<http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=137704&i=es&s=-126-328-329&v=>
- Grupo de Visualización Avanzada e Cartografía (Videalab/Cartolab), UDC
<https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G00067>
- Grupo de Arquitectura e Urbanismo Sostible (GAUS), UDC
<https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G000662>
- Observatorio de Gobernanza (G3), UVIGO
<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pdi/enrique-jose-varela-alvarez>
- Grupo de Estudos Territoriais (GET), UDC
<https://investigacion.udc.es/gl/Research/Details/G000661>
- Organización e comercialización (OC2), UVIGO
<https://bidi.uvigo.es/es/grupo/organizacion-y-comercializacion>
- Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (GIEEAH), UVIGO
<http://economiaecoloxica.webs.uvigo.es/es/index.php>

Campos de investigación por grupos promotores

A continuación presentase o encadre das liñas de investigación de cada un dos grupos promotores cos Campos de investigación da Axenda de Investigación do CISPAC.



3.3 Indicadores 2016-2019 grupos promotores



PLAN ESTRATÉGICO CISPAC 2021-2025

Indicadores	2016		2017		2018		2019		Media anual
1. CAPACIDADES									
1.1 Total persoal (Nº)	191		214		227		261		223
1.1.1 IPs	117		134		138		146		134
1.1.2 Postdoutorais	25		34		36		51		37
1.1.3 Predoutorais	49		46		53		64		54
1.1.4 Técnicos	39		38		35		39		38
	Nº	€	Nº	€	Nº	€	Nº	€	Media anual
2 ACTIVIDADE INVESTIGADORA	91	3.290.110,12 €	84	3.049.568,98 €	65	1.389.667,97 €	96	2.955.016,45 €	2.671.090,88 €
2.1 Proxectos total	30	2.230.758,67 €	26	2.211.355,00 €	12	629.875,42 €	20	1.805.824,00 €	1.719.453,27 €
2.1.1 Proxectos internacionais	4	686.741,05 €	5	919.692,00 €	1	142.500,00 €	4	798.795,00 €	
2.1.2 Proxectos nacionais	13	602.651,62 €	6	163.532,00 €	6	181.869,42 €	4	284.290,00 €	
2.1.3 Proxectos autonómicos	11	935.366,00 €	13	1.112.131,00 €	3	295.491,00 €	8	696.747,00 €	
2.1.4 Outros proxectos (Palarq, INOU...)	2	6.000,00 €	2	16.000,00 €	2	10.015,00 €	4	25.992,00 €	
2.2 Contratos e convenios	61	1.059.351,45 €	58	838.213,98 €	53	759.792,55 €	76	1.149.192,45 €	951.637,61 €
3 PRODUCCIÓN CIENTÍFICA									
2.2.1 Total publicacións (Scopus ou Dialnet)	146		181		187		174		172
2.2.2 Publicacións en revistas Q1	46		37		36		52		34
2.2.3 Capítulos de Libros	113		103		127		138		120
2.2.4 Libros	26		31		51		41		37
2.2.5 Teses dirixidas (Nº)	40		34		32		46		38



4 DAFO



A partir da análise tanto externa como interna do CISPAC, procédese a realizar unha reflexión estratéxica sobre a súa situación e o seu potencial a través da ferramenta DAFO, co obxectivo de servir de base para definir a estratexia do Centro.

O DAFO céntrase nos factores internos para recoñecer fortalezas e debilidades do Centro e, pola outra banda, sinálanse as oportunidades e ameazas a partir dos factores externos que rodean ao Centro.

A valoración de cada unha das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas e a posterior confrontación entre elas dará unha visión xeral do estado do CISPAC.

OPORTUNIDADES

- O1. Identificación das paisaxes culturais como unha prioridade nas estratexias europeas, na estratexia española de ciencia, tecnoloxía e innovación e na estratexia rexional de especialización intelixente.
- O2. Singularidade e riqueza da paisaxe e patrimonio galega atlántica como obxecto de estudo, análise e experimentación.
- O3. Importancia crecente dos itinerarios culturais en xeral e do Camiño de Santiago en particular.
- O4. Crecente conciencia social sobre a importancia da sustentabilidade da paisaxe no horizonte dunha mellor calidade na Ordenación do Territorio.
- O5. Forte consideración da colaboración interdisciplinar para dar resposta ao grandes retos globais.
- O6. Posibilidade de captación e asignación de recursos para o apoio de novas iniciativas transdisciplinares que permita unha maior capacidade de captación de talento júnior e sénior así como a mobilidade internacional.
- O7. Política autonómica de financiación estrutural en unidades/Institutos de investigación de excelencia e especializados.

AMEAZAS

- A1. Elevada competencia na distribución de recursos en ciencias sociais e humanas fronte as ciencias experimentais e biomédicas.
- A2. Tendencia á concentración do financiamento de I+D+i en estruturas e unidades de investigación de maior tamaño e dimensión que dificulta a supervivencia e competitividade dos grupos de investigación de menor tamaño.
- A3. Ausencia de contornas e unidades de investigación competitivas e atractivas para a atracción e retención de talento novo no eido das ciencias sociais e humanas.
- A4. Escaso coñecemento por parte do tecido económico e social das capacidades científicas e de investigación no ámbito das paisaxes culturais.
- A5. Dependencia e inestabilidade dos fondos públicos para a financiación das investigacións do futuro Centro.
- A6. Escaseza de recursos públicos para actuacións de transferencia e divulgación ao sector económico e social e á sociedade en xeral, nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais.
- A7. Limitadas iniciativas de mecenado privado.
- A8. Incompatibilidade de usos non exclusivamente investigadores e xestión dos servizos comúns na Cidade da Cultura.

FORTALEZAS

- F1. Disponibilidade dunha importante masa crítica de investigadores/as interdisciplinar orientada aos obxectivos estratéxicos do CISPAC, con capacidade para captación de financiación competitiva e importante traxectoria de colaboración cos axentes da contorna.
- F2. Alta capacitación e cualificación do persoal investigador en ciencias sociais e humanas, sendo referencia estatal en diferentes áreas.
- F3. Localización centralizada do CISPAC (Cidade da Cultura) que facilita a interacción con outros Institutos, laboratorios e tecido social, institucional e empresarial.
- F4. Elevada experiencia na conformación de redes de traballo con axentes diversos: organismos de investigación, administracións públicas, asociacións, empresas, etc.
- F5. Alta transversalidade e complementariedade das liñas de investigación con gran potencial de colaboración multi e interdisciplinar.
- F6. Elevada capacidade para a captación de financiamento competitivo.
- F7. Traxectoria consolidada na captación de recursos por convenios e contratos.

DEBILIDADES

- D1. Fragmentación da capacidade investigadora no eido das ciencias sociais e humanas repartida en diversos grupos de investigación e sete campus.
- D2. Dificultade para a captación e retención de talento o que limita as carreiras científicas estables de novos/as investigadores/as.
- D3. Escasa visibilidade e recoñecemento da investigación dos ámbitos científicos da Axenda de Investigación.
- D4. Desigualdade na capacidade de captación de recursos e actividades de transferencia dos grupos de investigación.
- D5. Avellentamento xeracional dos integrantes e baixa representación de mulleres.
- D6. Traxectoria de liderado e proxección internacional de actividades de I+D+i, por consolidar máis alá das accións a nivel transfronteirizo.
- D7. Dependencia de financiamento público dos grupos, sendo a captación de fondos a través do sector privado e o mecenado limitada.



5 REFLEXIÓN ESTRATÉXICA

Unha vez finalizada a fase de análise, tanto interna como externa e a elaboración do DAFO, estableceuse a Visión, Misión e Valores do Centro compartida por todos os integrantes, como marco xeral de referencia que guiará ao CISPAC no seu funcionamento.

5.1 Misión, visión e valores

VISIÓN

A onde queremos chegar

Desde o CISPAC aspiramos a investigar e promover solucións relacionadas coas **transformacións** sociais, económicas, culturais e ambientais que se reflectan na **paisaxe**, como marco no que se desenvolven e materializan algúns dos desafíos dos territorios por medio da **investigación**, para xerar coñecemento, e na **transferencia**, para xerar acción.

MISIÓN

Razón de ser

Proporcionar respostas epistémicas sobre o territorio a través dunha confluencia **transdisciplinar** na que interveñen as ciencias sociais e humanas, imbricadas co conxunto da cidadanía, para **xerar coñecemento, innovación e cambio**. Para isto, o CISPAC estrutúrase como un espazo de ciencia e cooperación nutrido por especialistas das tres universidades galegas para fomentar programas formativos de alto nivel, liñas de investigación relevantes e accións de transferencia.

VALORES CORPORATIVOS

Piases

- Excelencia científica.
- Proxección internacional.
- Impacto económico-social e territorial.
- Compromiso social.
- Inclusividade.
- Ciencia aberta e transparente.
- Aliñamento coas estratexias e políticas públicas.
- Sustentabilidade.

5.2 Obxectivos específicos

O obxectivo xeral do CISPAC, aliñado coa súa Visión, é o de converterse nun dos elementos centrais das ciencias sociais e humanas do Sistema Universitario Galego, constituíndose como un polo multidisciplinar de referencia a nivel estatal e internacional no ámbito da xeración e transferencia de coñecemento da paisaxe. Para alcanzalo, establécense os seguintes obxectivos específicos:

- **Promover a excelencia** arredor das disciplinas científicas que afectan á paisaxe, ao patrimonio e aos itinerarios culturais: artes, humanidades, ciencias sociais, ciencias naturais, enxeñaría e tecnoloxía.
- **Producir coñecemento** para xerar formas de xestión e manexo das paisaxes, cunha especial atención aos itinerarios culturais europeos e ao Camiño de Santiago.
- Promover a **transversalidade** e a **transferencia do coñecemento científico no ámbito da paisaxe**.
- Apoiar a **xestión e o manexo integral do territorio**, tendo en conta os factores económicos, patrimoniais, históricos, ecolóxicos, sociais e tecnolóxicos.
- Desenvolver unha **axenda de investigación aliñada coas axendas globais e rexionais** en materia de loita contra as crises presentes e futuras.
- Articular **políticas de ciencia cidadá e difusión das ciencias sociais e humanas**.
- Construír unha **comunidade epistémica e de prácticas de referencia para institucións e a sociedade**.
-

5.3 Modelo de Gobernanza

O CISPAC guiarase polos principios do bo goberno en relación coa administración e a rendición de contas, tanto no referente ao seu ámbito público, como interno e no relativo aos seus integrantes, en consonancia cos códigos e principios que a nivel europeo deben ser observados por toda entidade do ámbito académico e da investigación científica.

No marco das leis que sexan de aplicación, e da natureza legal ca que se dote o Centro, a gobernanza asentarse nuns principios básicos que se recollen a continuación, e que inspiraran todas e cada unha das accións desenvoltas no seu seo:

- Liberdade académica e investigadora, tanto básica como aplicada, responsable no marco da Axenda Científica proposta e realizada conforme aos principios éticos esixibles á investigación e a docencia.
- Preservar a autonomía do Centro, xunto co compromiso, a transparencia e a rendición de contas, tanto a nivel económico como social das actividades que serán desenvolvidas.
- Respecto á misión de excelencia na investigación, na formación e na transferencia de coñecementos a súa contorna.
- Selección rigorosa do persoal investigador vinculado, en función dos seus méritos académicos e investigadores, que serán sometidos a unha avaliación continua mediante sistemas obxectivos e expertos externos.
- Promover unha participación significativa e obxectiva dos seus membros e dos responsables externos.
- Asumir os principios de sustentabilidade na súas actuacións.

Inicialmente, o CISPAC propónse como un Centro interuniversitario, no que participan as tres universidades públicas galegas, e para o que se prevé unha evolución de desenvolvemento no medio prazo para acadar o máximo recoñecemento en canto ao seu nivel de excelencia científica.

A estrutura básica nucléase en tres niveis diferentes: órganos de goberno, órganos executivos e órganos consultivos. Ademais, o Centro contará con estruturas operativas que darán soporte a todos os órganos e aos investigadores vinculados ao mesmo.



ÓRGANO DE GOBERNO

Consello Reitor: máximo órgano de gobierno do Centro, que será presidido rotativamente por un Reitor/a das tres universidades do SUG. Integra a representación en materia de investigación e transferencia das universidades participantes, e a súa composición será:

- Presidente: o/a reitor/a da universidade que corresponda, con carácter rotativo.
- Un/ha vicerreitor/a de cada unha das universidades participantes con responsabilidade nos ámbitos de investigación e transferencia de coñecemento.
- Os/as xerentes das universidades participantes.
- O/a director/a científico do Centro.
- O/a director/a adxunto/a do Centro, que actuará como secretario.

No caso de que o Centro se cree como un centro interuniversitario mixto, a participación das entidades non universitarias será fixada de xeito que a suma dos seus representantes nunca supere un cuarto do total dos membros do Consello Reitor.

ÓRGANOS EXECUTIVOS

Serán órganos executivos do CISPAC,

- Director/a Científico/a: Nomeado polo Reitor que preside o Consello Reitor a proposta deste e coa información favorable do Consello Asesor Científico Externo (SAB).
- Director/a Adxunto/a: nomeado polo reitor que preside o Consello Reitor a proposta do Director/a Científico/a, asumirá as funcións de secretaría dos órganos de goberno e executivos do Centro.
- Comité Científico: Terá como función xeral orientar as liñas mestras de desenvolvemento do plan científico do Centro, e propor ao Consello Reitor, previo informe positivo do comité asesor científico externo, o nomeamento do director/a. No Comité Científico garantirase a representación científica das universidades participantes.

A súa composición será a seguinte:

- O/a director científico/a e o/a director/a adxunto/a do Centro, este último actuando como secretario/a.
- 3 PDIs por cada grande campo científico definido na Axenda Científica.
- 1 representantes do persoal investigador non permanente ou en formación vinculado ao Centro.

ÓRGANOS CONSULTIVOS

- Consello Asesor Científico Externo (Science Advisory Board - SAB): con capacidade e competencias para monitorizar e avaliar de forma continuada a actividade do Centro e dos IPs vinculados ao mesmo. Deberá incorporar perfís de referencia científica nos campos da Axenda Científica cunha perspectiva internacional, así como expertos na xestión operativa e dirección de entidades de investigación de características similares ao CISPAC. Estará composto por 5-7 membros e respectará unha participación equilibrada de xénero.
 - Prestixio internacional
 - Perfil científico de referencia
 - Experiencia en dirección e xestión de institutos/centros de investigación.
 - Ausencia de conflitos de interese.
 - Compromiso coa transferencia e a proxección social do coñecemento.
 - Paridade de xénero.
- Consello de Transferencia: estará integrado por representantes de institucións públicas e privadas cuxos ámbitos de actuación sexan coincidentes coa Axenda Científica do CISPAC. Terán como función principal asesorar ao Centro en materia de transferencia de coñecemento e na procura da rendibilidade social das actividades que se desenvolvan nel.

ESTRUTURAS OPERATIVAS


Para facilitar a dirección e xestión do Centro, poderá dotarse unha estrutura operativa adecuada a súas necesidades, fins e tamaño, que apoiará o desempeño das súas funcións, especialmente as executivas.

Aínda que as estruturas desenvolveranse de forma paulatina a medida que o centro vaia consolidándose, distinguimos tres grandes unidades que formarán o gabinete técnico do Centro:

Unidade de Xestión de I+D e documental: configurarase como un gabinete técnico que en coordinación coas estruturas propias das universidades participantes dará soporte ao persoal investigador na xestión da I+D+i, que comprende, entre outros, a xestión económico-financeira, recursos humanos, captación de financiamento, transferencia, internacionalización, ou formación. Dada a temática do CISPAC, porase especial énfase na xestión documental, contando con técnicos/as especialistas.

Unidade de apoio técnico: centrarase no apoio coas tecnoloxías da información e das comunicacións e coas infraestruturas de investigación, entre outros.

Gabinete de comunicación: dará soporte á dirección para o posicionamento do Centro, asumindo as funcións de divulgación e cultura científica.





6 PLAN DE ACCIÓN 2021-2025

Co obxectivo de xerar unha estrutura de nova creación que, ao tempo que conforme un Centro de investigación con cultura e prácticas homologables a unha unidade de referencia científica, avance en articular e materializar a ambiciosa estratexia científica definida nesta proposta, determínanse cinco grandes retos que dan resposta á análise DAFO e a misión e visión do Centro. Estes retos orientan as estratexias do plan de acción e definen as liñas de actividade que o concretan.

RETO 1. CONFORMAR E ARTICULAR CULTURA DE CENTRO

O CISPAC é un Instituto de nova creación que se asenta sobre unha importante masa crítica de persoal investigador de alta cualificación do SUG no eido das ciencias sociais e humanas. Para este universo, O CISPAC representa un novo modelo de organización da investigación que permite superar a fragmentación da capacidade existente nestas áreas e que promoverá de xeito activo a colaboración interdisciplinar que se require para dar resposta aos grandes retos que afectan á paisaxe e ao territorio, así como á Axenda Científica proposta.

Neste contexto **devén un reto prioritario promover unha cultura corporativa, colaborativa e de pertenza ao Centro que fomente a interacción entre o persoal investigador, definindo proxectos, espazos e ferramentas que favorezan a colaboración e as relacións** ao mesmo tempo que a propia implicación no avance e progreso do mesmo. Todo isto debe ir acompañado tamén da implementación dunha gobernanza áxil e eficaz do Centro.

RETO 2. DESENVOLVER UNHA INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA ANCORADA NUNHA AXENDA CIENTÍFICA COMÚN

O SUG conta cunha importante plantilla investigadora en ciencias sociais e humanidades competitiva e dispersa sobre a que compre o deseño dunha estratexia coordinada que supere a fragmentación da investigación. No marco dun Centro coma o CISPAC e aliñados entorno a unha Axenda Científica organizada, debe favorecerse a integración de masa crítica ordenando esforzos nunha serie de obxectivos e campos de investigación especializados que permitan acadar a excelencia científica.

A tal efecto, o CISPAC constrúese sobre unha Axenda Científica articulada arredor de cinco campos de investigación e 19 liñas de investigación que dan resposta aos grandes desafíos que afectan á paisaxe, e que deben ser abordadas desde novas visións científicas e enfoques interdisciplinares. Isto require superar os enfoques académicos no que se organiza tradicionalmente a investigación en ciencias sociais e humanas cara a modelos onde se prime a colaboración transdisciplinar e o desenvolvemento de novos perfís.

Nesa liña, e en aras de desenvolver a excelencia investigadora, é necesario asegurar un despregue óptimo da Axenda Científica. Para iso aparece como necesario identificar un conxunto de proxectos tractores de investigación que, articulando as capacidades existentes ao seu arredor, permitan avanzar e materializar os obxectivos científicos da Axenda.

RETO 3. INCORPORAR, CAPTAR E RETER TALENTO COMPETITIVO

A Axenda Científica proposta aborda os retos e desafíos que afectan á resiliencia da paisaxe (tanto a urbana como a rural) o que, como xa se ten sinalado, require dun enfoque interdisciplinar. O obxecto epistémico é ecosistémico en si mesmo, polo que devén unha prioridade a formación de novos perfís investigadores así como a captación de talento excelente para dar cobertura as esixencias da mesma.

Por outro lado, no eido das ciencias sociais e humanas hai unha debilidade para a captación e sobre todo a retención de talento investigador excelente. Entre outras, unha das causas críticas é a ausencia de contornas e unidades de investigación supragrupais competitivas que sexan atractivas para o persoal investigador. Faise preciso crear un marco de referencia que permita o desenvolvemento dunha carreira investigadora baseada en estándares internacionais, dando especial importancia ao deseño dunha formación investigadora innovadora na que se formen novos perfís interdisciplinares. Por outro lado, tamén é necesario focalizar os esforzos na incorporación e retención de talento, tanto a nivel sénior como posdoutoral, identificando perfís aliñados coas liñas e programas innovadores definidos na Axenda Científica, e visibilizando o CISPAC como un marco científico competitivo e atractivo.

RETO 4. FORTALECER AS RELACIÓNS ESTRATÉXICAS COS AXENTES DA CONTORNA

A Axenda Científica do CISPAC sitúa no seu epicentro a promoción dunha visión e intervención na paisaxe baseada na sustentabilidade, de forma que a súa abordaxe require dunha proactiva interacción cos actores sociais e económicos da contorna, ademais da integración de obxectivos comúns con axentes científicos que presenten capacidades complementarias.

A transición socioecolóxica e a valorización da paisaxe como patrimonio e activo social debe materializarse a través do reforzo de ecosistemas de innovación e o recoñecemento da cidadanía como actor dinamizador dos procesos de valorización sustentable do territorio. Neste contexto é onde o CISPAC debe posicionarse como elemento vertebrador para o estudo, a análise e a experimentación, acreditando o valor dun Centro de investigación que conta cun persoal que aporta experiencia no traballo en rede con axentes de distinta natureza, tanto do eido da investigación coma da administración pública, asociacións e tecido empresarial.

Os retos e programas da Axenda Científica son compartidos polo tecido económico e social de Galicia en tanto responden as principais políticas e estratexias de investigación (ODS 2030, Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027). O salto de escala que representa o CISPAC permitirá aínda máis a interacción e a colaboración con estes axentes. O incremento da colaboración público privada e a coordinación dunha estratexia de relacións cos axentes da contorna tórnase unha necesidade para dar unha resposta eficiente aos desafíos do territorio e da paisaxe. Co obxectivo de garantir ese aliñamento **deberá articularse unha gobernanza que impulse a concepción e materialización de espazos e metodoloxías para o deseño e desenvolvemento de estratexias e proxectos colaborativos.**

RETO 5. ACADAR UN MAIOR IMPACTO E PROXECCIÓN SOCIAL DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

A Axenda Científica proposta entronca de maneira singular na definición e deseño das políticas públicas e das estratexias sociais e económicas que atinxen á paisaxe e ao territorio. Neste contexto, **o CISPAC nace coa vocación de erixirse como un Centro de referencia no desenvolvemento de coñecemento e a prestación de servizos especializados que permitan deseñar solucións, estratexias e políticas.**

O CISPAC facilitará tamén o **acceso e o uso da información e dos resultados da investigación** prestando especial atención á segmentación dos diferentes públicos: o académico (a estudantes e a comunidade académico); o profesional especializado (xestores e profesionais do patrimonio, da paisaxe e territorio); o tecido empresarial ligado ás industrias creativas e ao sector primario principalmente; así coma aos decisores políticos e medios de comunicación.

Ademais, en relación coa transferencia de coñecemento, será necesario asegurar unha cooperación público-privada nas distintas etapas da cadea de valor da investigación, polo que

crearase un hub que asegure unha transferencia eficaz das capacidades e resultados de investigación.

Promoveranse tamén os **principios da ciencia aberta e da participación cidadá nos procesos de investigación e transferencia**, non só ao final dos mesmos senón xa desde a propia concepción dos obxectivos de investigación e do deseño da mesma.

A continuación móstrase unha táboa onde se relaciona os aspectos do DAFO cos Retos Estratéxicos do Plan de Acción.

PLAN ESTRATÉGICO CISPAC 2021-2025

CRUCE RETOS - DAFO

		CONFORMAR E ARTICULAR CULTURA DE CENTRO	DESENVOLVER UNHA INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA ANCORADA NUNHA AXENDA CIENTÍFICA COMÚN	INCORPORAR, CAPTAR E RETER TALENTO COMPETITIVO	FORTALECER AS RELACIÓNS ESTRATÉGICAS COS AXENTES DA CONTORNA	ACADAR UN MAIOR IMPACTO E PROXECCIÓN SOCIAL DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA
OPORTUNIDADES	O1	Identificación das paisaxes culturais como unha prioridade nas estratexias europeas, na estratexia española de ciencia, tecnoloxía e innovación e na estratexia rexional de especialización intelixente.				
	O2	Singularidade e riqueza da paisaxe e patrimonio galega atlántica como obxecto de estudo, análise e experimentación.				
	O3	Importancia crecente dos itinerarios culturais en xeral e do Camiño de Santiago en particular.				
	O4	Crecente conciencia social sobre a importancia da sustentabilidade da paisaxe no horizonte dunha mellor calidade na Ordenación do Territorio.				
	O5	Forte consideración da colaboración interdisciplinar para dar resposta ao grandes retos globais.				
	O6	Posibilidade de captación e asignación de recursos para o apoio de novas iniciativas transdisciplinares que permita unha maior capacidade de captación de talento júnior e sénior así como a mobilidade internacional.				
	O7	Política autonómica de financiación estrutural en unidades/Institutos de investigación de excelencia e especializados.				
AMEAZAS	A1	Elevada competencia na distribución de recursos en ciencias sociais e humanas fronte as ciencias experimentais e biomédicas.				
	A2	Tendencia á concentración do financiamento de I+D+i en estruturas e unidades de investigación de maior tamaño e dimensión que dificulta a supervivencia e competitividade dos grupos de investigación de menor tamaño.				
	A3	Ausencia de contornas e unidades de investigación competitivas e atractivas para a atracción e retención de talento novo no eido das ciencias sociais e humanas.				
	A4	Escaso coñecemento por parte do tecido económico e social das capacidades científicas e de investigación no ámbito das paisaxes culturais.				
	A5	Dependencia e inestabilidade dos fondos públicos para a financiación das investigacións do futuro Centro.				
	A6	Escaseza de recursos públicos para actuacións de transferencia e divulgación ao sector económico e social e á sociedade en xeral, nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais.				
	A7	Limitadas iniciativas de mecenado privado.				
	A8	Incompatibilidade de usos non exclusivamente investigadores e xestión dos servizos comúns na Cidade da Cultura.				
FORTALEZAS	F1	Disponibilidade dunha importante masa crítica de investigadores/as interdisciplinar orientada aos obxectivos estratéxicos do CISPAC, con capacidade para captación de financiación competitiva e importante traxectoria de colaboración cos axentes da contorna.				
	F2	Alta capacitación e cualificación do persoal investigador en ciencias sociais e humanas, sendo referencia estatal en diferentes áreas.				
	F3	Localización centralizada do CISPAC (Cidade da Cultura) que facilita a interacción con outros Institutos, laboratorios e tecido social, institucional e empresarial.				
	F4	Elevada experiencia na conformación de redes de traballo con axentes diversos: organismos de investigación, administracións públicas, asociacións, empresas, etc.				
	F5	Alta transversalidade e complementariedade das liñas de investigación con gran potencial de colaboración multi e interdisciplinar.				
	F6	Elevada capacidade para a capacitación de financiamento competitivo.				
	F7	Traxectoria consolidada na captación de recursos por convenios e contratos.				
DEBILIDADES	D1	Fragmentación da capacidade investigadora no eido das ciencias sociais e humanas repartida en diversos grupos de investigación e sete campus.				
	D2	Dificultade para a captación e retención de talento o que limita as carreiras científicas estables de novos/as investigadores/as.				
	D3	Escasa visibilidade e recoñecemento da investigación dos ámbitos científicos da Axenda de Investigación.				
	D4	Desigualdade na capacidade de captación de recursos e actividades de transferencia dos grupos de investigación.				
	D5	Avellentamento xeracional dos integrantes e baixa representación de mulleres.				
	D6	Traxectoria de liderado e proxección internacional de actividades de I+D+i, por consolidar máis alá das accións a nivel transfronteirizo.				
	D7	Dependencia de financiamento público dos grupos, sendo a captación de fondos a través do sector privado e o mecenado limitada.				

O Plan de Acción do CISPAC para o período 2021–2025 está organizado seguindo unha estrutura de eixos dos ámbitos considerados relevantes para o Centro. Así, establécense **12 programas estratéxicos e 43 accións** que se desenvolverán nos próximos anos, definindo para cada unha delas os responsables da súa execución, así como indicadores para o seu seguimento e control.



No proceso de elaboración deste Plan traballouse sobre seis eixos temáticos e estratéxicos para o CISPAC:

- Cultura cooperativa.
- Investigación e innovación.
- Transferencia.
- Posicionamento.
- Gobernanza e xestión.
- Sustentabilidade económico-financeira.

EIXOS TEMATICOS	PROGRAMAS	ACCIONS	
CULTURA COOPERATIVA	1 PROGRAMA DE CULTURA COOPERATIVA DO CENTRO	COO 1.1 Deseñar un protocolo para xerar cultura de cooperación.	
		COO 1.2 Desenvolver ferramentas de comunicación interna.	
		COO 1.3 Promover unha convocatoria interna de proxectos.	
		COO 1.4 Desenvolver un programa de seminarios, cursos e obradoiros.	
INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN	2 PROGRAMA DE DESPREGUE DA AXENDA CIENTÍFICA E A EXCELENCIA	INV 2.1 Definir e validar os programas científicos para o despregue da Axenda Científica.	
		INV 2.2 Desenvolver un plan de mellora do impacto da investigación.	
		INV 2.3 Desenvolver unha carteira de proxectos tractores vinculados á Axenda Científica.	
		INV 2.4 Desenvolver un programa para a adquisición de equipamento e infraestruturas críticas.	
	3 PROGRAMA DE INCORPORACIÓN DE TALENTO E DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA CIENTÍFICA	INV 3.1 Deseñar un Manual de Acolida de persoal investigador.	
		INV 3.2 Deseñar un programa de captación de talento sénior.	
		INV 3.3 Deseñar e implementar un programa de incorporación posdoutoral aliñado coa Axenda Científica.	
		INV 3.4 Deseñar a política de apoio ao desenvolvemento da carreira científica.	
	4 PROGRAMA DE FORMACIÓN	INV 4.1 Desenvolver un programa innovador de formación predoutoral.	
		INV 4.2 Deseñar e implementar un programa de formación en habilidades transversais e competencias técnicas.	
	TRANSFERENCIA	5 PROGRAMA DE COLABORACIÓN ESTRATÉGICA COA CONTORNA	TRA 5.1 Crear o Consello de Transferencia.
			TRA 5.2 Establecer un mecanismo de identificación e apoio a proxectos cooperativos.
TRA 5.3 Deseñar e desenvolver un plan de relacións institucionais.			

EIXOS TEMATICOS	PROGRAMAS	ACCIONS	
	6 PROGRAMA DE TRANSFERENCIA	TRA 6.1	Deseñar o programa de transferencia: avaliación, valorización, protección e explotación de resultados.
		TRA 6.2	Deseñar unha estratexia de asesoramento experto nas estruturas estatais, de comunicación e goberno.
		TRA 6.3	Desenvolver un HUB de transferencia para a sustentabilidade.
	7 PROGRAMA DE CIENCIA ABERTA	TRA 7.1	Deseñar a política de ciencia aberta.
		TRA 7.2	Impulsar o acceso aberto dos resultados.
		TRA 7.3	Desenvolver un programa de prestación de servizos competitivos á comunidade.
POSICIONAMENTO	8 PROGRAMA DE INTERNACIONALIZACIÓN	POS 8.1	Posicionar ao CISPAC en redes, plataformas e comités relevantes de carácter internacional.
		POS 8.2	Desenvolver unha política de alianzas estratéxicas internacionais.
		POS 8.3	Deseñar un programa de mobilidade internacional para o persoal investigador.
		POS 8.4	Liderar proxectos internacionais de investigación.
		POS 8.5	Liderar proxectos de cooperación con América Latina e a Lusofonía.
	9 PROGRAMA DE COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN	POS 9.1	Crear a Unidade de Divulgación Científica.
POS 9.2		Deseñar e desenvolver o plan de comunicación e divulgación.	
POS 9.3		Desenvolver un programa de xornadas e obradoiros de traballo coa sociedade.	
GOBERNANZA E XESTIÓN	10 PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DA GOBERNANZA E XESTIÓN	GOB 10.1	Crear e implantar o plan estratéxico de igualdade de xénero.
		GOB 10.2	Constituír do Consello Asesor Científico Externo (SAB).
		GOB 10.3	Definir un mecanismo de vinculación e avaliación do persoal investigador.
		GOB 10.4	Definir e crear as estruturas operativas.
		GOB 10.5	Deseñar un mapa de necesidades de capital humano.
		GOB 10.6	Deseñar un sistema de incorporación nas estruturas de dirección de persoal investigador novo.
		GOB 10.7	Deseñar un plan de transparencia e rendición de contas anual.
		GOB 10.8	Deseñar e implementar o Cadro de Mando de Indicadores.
SUSTENTABILIDADE ECONÓMICO-FINANZEIRA	11 PROGRAMA DE FINANCIAMENTO	SUS 11.1	Desenvolver un plan de captación e cofinanciamento.
		SUS 11.2	Deseñar un programa de mecenado para a captación de fondos de capital privado.

6.1 Cultura cooperativa



PROGRAMA DE CULTURA COOPERATIVA DO CENTRO

1. PROGRAMA DE CULTURA COOPERATIVA DO CENTRO

O CISPAC, de acordo á propia Axenda Científica, situará a responsabilidade social académica na súa centralidade, non só como obxecto de estudo, senón como xeitos de facer investigación de calidade. Deseñarase, por tanto, un programa de accións que de forma dinámica fomente a cultura cooperativa do Centro como punto chave no seu éxito e posicionamento. Para elo, apostarase pola xeración de dinámicas internas de comunicación e colaboración que axuden a crear unha cultura de cooperación e faciliten a xeración de sinerxías.

COO 1.1. Deseñar un protocolo para xerar cultura de cooperación

Como forma de potenciar e fomentar o espírito de cooperación entre os membros do CISPAC, deseñarase un protocolo para por en valor este concepto e establecer formas de proceder que faciliten unha cultura de colaboración entre investigadores/as, co obxectivo de crear novos proxectos e concibir o CISPAC como espazo propio de investigación.

COO 1.2. Desenvolver ferramentas de comunicación interna

Porase en marcha no Centro un plan de infraestrutura virtual que facilite a comunicación interna dunha forma áxil e eficiente, e fomente a cooperación entre os seus membros. Esta plataforma de coñecemento virtual será unha ferramenta de traballo colaborativo e concebirase como un entorno de traballo para aloxar e procesar datos de investigación (como poden ser as bases de

investigación actualmente diseminadas). A plataforma poderá vincularse coa European Open Science Cloud (EOSC).

COO 1.3 Promover unha convocatoria interna de proxectos

Deseñárase unha convocatoria interna de proxectos colaborativos co obxectivo de promover a colaboración transdisciplinar entre os distintos investigadores/as do Centro, e apoiar e impulsar o despregue da Axenda Científica. Na definición da convocatoria figurarán as características e criterios de avaliación dos proxectos (temática, equipa investigador, criterios de selección, duración, orzamento, etc.). Os proxectos serán avaliados por unha comisión externa allea ao Centro, para asegurar a transparencia do proceso de selección.

COO 1.4. Desenvolver un programa de seminarios, cursos e obradoiros

Deseñárase un programa de seminarios, cursos e obradoiros entre o persoal investigador do Centro para crear comunidade, promover a interacción entre os distintos investigadores/as e para o desenvolvemento de liñas de investigación e proxectos conxuntos. Estas accións serán desenvolvidas polos propios investigadores e investigadoras e complementado por persoal externo.

Prestarase especial atención a asegurar a diversidade de temas que completan a Axenda Científica así coma de participantes, promovendo a participación de investigadores/as emerxentes.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ' S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
COO 1.1	Deseñar un protocolo para xerar unha cultura de cooperación	Protocolo: Si/Non	Directores Gabinete comunicación	de 2º semestre 2021
COO 1.2	Desenvolver ferramentas de comunicación interna	Ferramentas de comunicación interna: Si/Non Iniciativas conxuntas: 3/ano	Directores Gabinete comunicación	de 1º semestre 2023
COO 1.3	Promover unha convocatoria interna de proxectos	Convocatoria interna: Si/Non	Consello Reitor Comité Científico	2º semestre 2022
COO 1.4	Desenvolver un programa de seminarios, cursos e obradoiros	Programa de seminarios, cursos/obradoiros: Si/Non	Consello Reitor Comité Científico	1º semestre 2022

6.2 Investigación e innovación



PROGRAMA DE DESPREGUE DA AXENDA CIENTÍFICA E A EXCELENCIA

PROGRAMA DE INCORPORACIÓN DE TALENTO E DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA CIENTÍFICA

PROGRAMA DE FORMACIÓN

2. PROGRAMA DE DESPREGUE DA AXENDA CIENTÍFICA E A EXCELENCIA

A Investigación, innovación e transferencia do CISPAC estruturarase en torno á definición da Axenda Científica e aos seus cinco Campos de investigación. Na elaboración deste plan estratéxico do período 2021-2025 reflexionouse para identificar os retos a futuro de cada Campo de investigación que sitúen ao CISPAC como Centro de investigación punteiro nas ciencias sociais e humana, e que respondan aos desafíos e necesidades actuais.

O CISPAC aposta por desenvolver unha investigación multidisciplinar de excelencia orientada a valorizar aspectos das ciencias sociais e humanas, e para conseguilo é necesario potenciar unha cultura de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de proxectos tractores que permitan incrementar o impacto da súa investigación.

INV 2.1. Definir e validar os programas científicos para o despregue da Axenda Científica

A partires dos campos e liñas de investigación da Axenda Científica establecéronse, a través dun proceso participativo, unha serie de programas científicos de carácter interdisciplinar para o seu despregue. Estes programas serán postos a disposición do SAB e do Consello de Transferencia e serán actualizados e adaptados en función das oportunidades de financiamento que existan, respectando o equilibrio entre liñas consolidadas e emerxentes así como as necesidades e oportunidades da contorna.

INV 2.2. Desenvolver o plan de mellora do impacto da investigación

Realizaranse cursos en estratexias de mellora do impacto da investigación, centrándose sobre todo na publicación de artigos de calidade en revistas e libros con alto impacto. Os cursos procurarán o aumento da calidade das publicacións para mellorar o posicionamento internacional da produción científica, e desenvolveranse plans personalizados para conseguir o incremento do impacto dos resultados do persoal investigador.

INV 2.3. Desenvolver unha carteira de proxectos tractores vinculados á Axenda Científica

A partir da definición da Axenda Científica e o establecemento dos seus programas científicos, e da análise de proxectos xa aprobados dos grupos de investigación, procedérase a desenvolver de forma multidisciplinar e interdisciplinar unha carteira de proxectos de carácter tractor vinculados ao Centro. O CISPAC aglutinará masa crítica coordinada que facilitará a presentación de proxectos de maior envergadura, como por exemplo no marco do Horizon Europe (Cluster 2 “Cultura, Creatividade e Sociedade Inclusiva”; Cluster 6 “Alimentación, Bioeconomía, Recursos naturais e Medioambiente”); Europa Creativa, Interreg (POCTEP e Espazo Atlántico); ou a convocatoria de Retos do Plan Nacional.

INV 2.4. Desenvolver un programa para a adquisición de equipamento e infraestruturas críticas

Desenvolverase unha estratexia de adquisición de equipamento prioritario do Centro, tanto de mobiliario para iniciar a actividade, como de ferramentas tecnolóxicas e equipamento de arquivo de almacenamento, coordinando tamén o traslado do equipamento diseminado nas dependencias das universidades, co obxectivo de centralizar no futuro Edificio Fontán os laboratorios e arquivos necesarios para o desenvolvemento da investigación do CISPAC.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ´ S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
INV 2.1	Definir e validar os programas científicos para o despregue da Axenda Científica	Retos definidos e validados: Si/Non	Comité Científico Consello Asesor Científico Externo Consello de Transferencia	1 ^{er} semestre 2022
INV 2.2	Desenvolver un plan de mellora do impacto da investigación	Plan de mellora do Impacto: Si/Non Cursos organizados: 2/ano	Directores	2 ^o semestre 2022

CÓD	ACCIÓNS	KPI ' S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
INV 2.3	Desenvolver unha carteira de proxectos tractores vinculados á Axenda Científica	Solicitudes convocatorias: 3/ano	Comité Científico Unidade Xestión e Apoio Técnico	2º semestre 2022
INV 2.4	Desenvolver un programa para a adquisición de equipamento e infraestruturas críticas	Programa de adquisición: Si/Non	Directores	2º semestre 2021

3. PROGRAMA DE INCORPORACIÓN DE TALENTO E DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA CIENTÍFICA

O CISPAC formula como un dos seus principais obxectivos a captación e retención de talento investigador para asegurar unha investigación de excelencia aliñada coa Axenda Científica. Para elo é necesario desenvolver unha serie de accións orientadas a atraer talento investigador en condicións competitivas, especialmente no ámbito internacional, e deseñar unha carreira investigadora que permita reter ese talento captado.

Para conseguir atraer e reter talento capaz de liderar liñas emerxentes relacionadas coa Axenda Científica e os seus programas en condicións competitivas, o CISPAC porá en marcha un programa para a incorporación de recursos humanos, a través do deseño dunha estratexia de captación e retención de talento, e a definición dunha política adecuada de apoio ao desenvolvemento da súa carreira científica.

INV 3.1. Deseñar un Manual de Acollda de persoal investigador

Como forma de establecer e transmitir pautas e procedementos acorde á misión, visión, valores e obxectivos do CISPAC, deseñarase un manual de benvida para a acollda de persoal investigador.

INV 3.2. Deseñar un programa de captación de talento sénior

En función do mapa de necesidades, identificaranse unha serie limitada de perfís de persoal investigador sénior para liderar algunha das prioridades e programas da Axenda Científica e procederase ao desenvolvemento de estratexias de incorporación dos mesmos a través de programas competitivos de recursos humanos de alto nivel.

INV 3.3. Diseñar e implementar un programa de incorporación posdoutoral aliñado coa Axenda Científica

Co obxecto de reforzar os campos de investigación da Axenda Científica procederáse ao deseño e lanzamento dunha convocatoria competitiva para a incorporación de investigadores posdoutorais. O obxectivo será o de conseguir financiamento na convocatoria MSCA COFUND do programa Horizonte Europa, e en convocatorias similares, e complementala con fondos que o Centro consiga por outras vías.

Tamén se prestará especial atención ás convocatorias de incorporación de investigadores posdoutorais competitivas individuais, como Juan de la Cierva, Ramón y Cajal, JIN, MSCA IF, etc.

INV 3.4. Diseñar a política de apoio ao desenvolvemento da carreira científica

O CISPAC apostará por unha política de apoio ao investigador/a para potenciar o desenvolvemento da súa carreira científica, sendo un aspecto esencial para reter talento competitivo. Esta política de apoio garantirá mecanismos eficaces de selección, avaliación e promoción, así como os principios de seguridade laboral e de igualdade de trato e oportunidade entre mulleres e homes.

CÓD	ACCIONS	KPI ´S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
INV 3.1	Diseñar un Manual de Acollda de persoal investigador	Manual de acollida: Si/Non	Directores	1 ^{er} semestre 2022
INV 3.2	Diseñar un programa de captación de talento sénior	Programa deseñado: Si/Non Incorporación investigadores/as sénior: 2/ano	Consello Reitor Comité Científico	1 ^{er} semestre 2022
INV 3.3	Diseñar e implementar un programa de incorporación posdoutoral aliñado coa Axenda Científica	Convocatoria deseñada: Si/Non Investigadores incorporados: 2/ano	Consello Reitor Comité Científico	1 ^{er} semestre 2022
INV 3.4	Diseñar a política de apoio ao desenvolvemento da carreira científica	Política de apoio: Si/Non	Consello Reitor Comité Científico	2 ^o semestre 2022

4. PROGRAMA DE FORMACIÓN

Porase en marcha un programa de formación para os investigadores do Centro que constará dunha formación predoutoral innovadora, e un programa específico de formación en habilidades transversais e competencias técnicas.

INV 4.1. Desenvolver un programa innovador de formación predoutoral

O Centro prestará especial atención á formación predoutoral. A tal efecto, vaise desenvolver unha proposta de formación innovadora en Paisaxes Culturais para presentar ás convocatorias de redes innovadoras ou programa de doutorado conxunto no marco das Accións Marie Curie.

INV 4.2. Diseñar e implementar un programa de formación en habilidades transversais e competencias técnicas

Prestarase especial atención ao desenvolvemento de competencias transversais do persoal investigador. A tal efecto, realizarase unha análise das necesidades de formación para a mellora de habilidades de carácter técnico, como poden ser a comunicación oral, as habilidades dixitais para a comunicación científica ou obradoiros en competencias transversais como ciencia aberta, investigación e innovación responsable, xestión de proxectos, xénero e ciencia, etc.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ' S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
INV 4.1	Desenvolver un programa innovador de formación predoutoral	Programa de formación predoutoral: Si/Non Formacións organizadas: 2/ano	Consello Reitor Comité Científico	1 ^{er} semestre 2022
INV 4.2	Diseñar e implementar un programa de formación en habilidades transversais e competencias técnicas	Programa de formación: Si/Non Formacións organizadas: 3/ano	Consello Reitor Comité Científico	2 ^o semestre 2022

6.3 Transferencia



PROGRAMA DE COLABORACIÓN ESTRATÉXICA COA CONTORNA

PROGRAMA DE TRANSFERENCIA

PROGRAMA DE CIENCIA ABERTA

5. PROGRAMA DE COLABORACIÓN ESTRATÉXICA COA CONTORNA

Este programa vai orientado a deseñar un sistema de colaboración coa contorna de forma que permita unha interacción proactiva dos actores sociais e económicos. O obxectivo é ofrecer solucións aos retos e desafíos que afectan á paisaxe dende un enfoque sistémico e integrador.

TRA 5.1. Crear o Consello de Transferencia

O CISPAC, no seu modelo de gobernanza, contempla a creación do Consello de Transferencia que estará integrado por especialistas da contorna socioeconómica que propiciarán asesoramento e apoio experto para un óptimo posicionamento e impacto do Centro e súa actividade asociada, e que permitirá establecer unha colaboración permanente con axentes sociais, económicos e institucionais.

TRA 5.2. Establecer un mecanismo de identificación e apoio a proxectos cooperativos

Prestarase especial atención á identificación e deseño de proxectos cooperativos cos principais axentes da contorna que estean aliñados coa Axenda Científica e ao mesmo tempo respondan a necesidades e problemáticas concretas de interese social e económico. Os focos prioritarios sobre os que se sustentará esta acción definiranse arredor da sustentabilidade do territorio, a participación social, patrimonio e comunidade e turismo sustentable.

TRA 5.3. Diseñar e desenvolver un plan de relacións institucionais

Deseñárase un plan de relacións institucionais con actores do ámbito institucional, co obxectivo de trazar a incidencia do coñecemento do CISPAC nos ámbitos competenciais de entidades públicas e privadas, promocionando os ámbitos de especialización do CISPAC que son de interese socioeconómico tanto a nivel rexional como nacional ou europeo.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ' S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
TRA 5.1	Crear o Consello de Transferencia	Consello de Transferencia: Si/Non	Consello Reitor	1 ^{er} semestre 2022
TRA 5.2	Establecer un mecanismo de identificación e apoio a proxectos cooperativos	Proxectos cooperativos realizados: 4/ano	Comité Científico Unidade Xestión e Apoio Técnico	1 ^{er} semestre 2022
TRA 5.3	Diseñar e desenvolver un plan de relacións institucionais	Contactos institucionais establecidos: 5/ano	Consello Reitor	1 ^{er} semestre 2022

6. PROGRAMA DE TRANSFERENCIA

O CISPAC formula como reto converterse nun socio de referencia para o ámbito das ciencias sociais e humanas, polo que se pon especial énfase en facer real a transferencia do seu coñecemento e innovacións á sociedade, poñendo en valor os resultados da investigación do seu persoal investigador.

Para elo, é necesario establecer mecanismos que permitan identificar, valorar e explotar os resultados, capacidades e servizos do CISPAC que facilite o desenvolvemento da investigación que dea resposta aos desafíos e necesidades futuras da cidadanía.

TRA 6.1 Diseñar o programa de transferencia: avaliación, valorización, protección e explotación de resultados

Deseñárase un programa para favorecer a transferencia de coñecemento e desenvolver vínculos bidireccionais entre as ciencias humanas e sociais e a sociedade, a través da avaliación, valorización, protección e explotación dos resultados de investigación.

TRA 6.2. Deseñar unha estratexia de asesoramento científico experto nas estrutura estatais, de comunicación e goberno

Un dos obxectivos do CISPAC é converterse nun espazo referencial de coñecemento sobre a sustentabilidade da paisaxe e do territorio. Para iso, porá en marcha o desenvolvemento de accións de divulgación, concienciación e transformación socio territorial, e fomentará a interacción entre organismos públicos e universidades, para favorecer a transferencia de coñecemento e a colaboración efectiva entre axentes.

TRA 6.3. Desenvolver un HUB de transferencia para a sustentabilidade

Co obxectivo de dar resposta ás necesidades e retos dos axentes da contorna e garantir a proxección dos resultados de investigación no ámbito socioeconómico, o CISPAC creará un HUB de transferencia para a sustentabilidade como un espazo híbrido de relación co que abordar a cadea de valor do coñecemento e a transferencia, e coa función de converterse nun espazo dinámico para a vertebración das relacións do ecosistema de innovación ao redor da paisaxe e o territorio.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ´S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
TRA 6.1	Deseñar o programa de transferencia: avaliación, valorización, protección e explotación de resultados	Programa de transferencia: Si/Non	Comité Científico	1 ^{er} semestre 2022
TRA 6.2	Deseñar unha estratexia de asesoramento experto nas estruturas estatais, de comunicación e goberno	Accións divulgadoras: 12/ano	Consello Reitor Comité Científico	1 ^{er} semestre 2022
TRA 6.3	Desenvolver un HUB de transferencia para a sustentabilidade	Actores socioeconómicos identificados: 10/ano Xornadas de traballo organizadas: 2/ano	Consello Reitor Comité Científico	2 ^o semestre 2023

7. PROGRAMA DE CIENCIA ABERTA

O programa de ciencia aberta permitirá mellorar a calidade, transparencia, impacto, reproducibilidade e o acceso da cidadanía aos resultados de investigación do CISPAC. Isto farase a través do deseño dunha política de ciencia aberta facilitando o acceso aos resultados de

investigación e desenvolvendo un programa de prestación de servizos competitivos, así como a través da organización de xornadas e obradoiros de traballo coa sociedade.

TRA 7.1. Diseñar a política de ciencia aberta

Para mellorar a calidade, a transparencia e o acceso da cidadanía ao coñecemento, deseñárase unha política de ciencia aberta que favoreza a xeración de coñecemento de alto impacto, así como a súa transmisión á sociedade.

TRA 7.2 Impulsar o acceso aberto dos resultados

As políticas de acceso aberto favorecen a xeración de coñecemento de alto impacto, así como a harmonización das bases de datos, e a colaboración. Así, fomentando esta acción garátese que os datos sexa accesibles, interoperables e reutilizables tanto para o persoal investigador do CISPAC como para o conxunto da cidadanía.

TRA 7.3. Desenvolver un programa de prestación de servizos competitivos á comunidade

Co obxectivo de xerar unha fonte de ingresos complementaria para o desenvolvemento de estratexias de investigación propias, o CISPAC deseñará un programa de prestación de servizos á comunidade, onde serán identificados servizos demandados e que aporten valor como:

- Uso de fondos orais e fotográficos.
- Escavacións de xacementos arqueolóxicos.
- Consultaría e peritaxe.
- Realización de estudos a petición de institucións públicas e/ou empresas.
- Comisariado e coordinación de exposicións e actividades de divulgación.
- Asesoramento para temas de ordenación do territorio: elaboración de Plans Xerais, Estratéxicos, Parciais e Especiais.
- Diagnose territoriais, sociais, económicas e ambientais.
- Planificación territorial: planificación de espazos naturais, planificación turística, mobilidade sustentable.
- Asesoramento en patrimonio documental, bibliográfico e hemerográfico no mundo rural contemporáneo.
- Orientación para a recuperación e manexo sostible de cultivos e formas de produción tradicionais.
- Estudos de patrimonio.
- Avaliación de políticas agrarias.
- Avaliación de políticas e programas de desenvolvemento rural.
- Elaboración de estudos e proxectos de desenvolvemento rural.

- Estudos sobre cooperativismo e economía social.
- Diagnóstico de problemas de desenvolvemento urbano.
- Inventario e avaliación do patrimonio histórico e arquitectónico.
- Deseño de estratexias para a intervención comunitaria.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ' S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
TRA 7.1	Deseñar a política de ciencia aberta	Xornadas organizadas: 2/ano	Directores Unidade Xestión e Apoio Técnico	2º semestre 2022
TRA 7.2	Impulsar o acceso aberto dos resultados	Bases de datos compartidas: Si/Non Ferramenta de traballo: Si/Non	Directores Unidade Xestión e Apoio Técnico	2º semestre 2021
TRA 7.3	Desenvolver un programa de prestación de servizos competitivos á comunidade	Programa prestación servizos: Si/Non	Consello Reitor Comité Científico	1º semestre 2024

6.4 Posicionamento



PROGRAMA DE INTERNACIONALIZACIÓN

PROGRAMA DE COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN

8. PROGRAMA DE INTERNACIONALIZACIÓN

Para consolidar e afianzar a proxección internacional do CISPAC establécese como obxectivo potenciar a colaboración con entidades e organismos de excelencia internacionais, así como a participación en redes, foros e actividades de cooperación.

O fortalecemento do potencial investigador que permita a xeración de novas oportunidades e a xeración de relacións, son a base para conseguir consolidar a proxección internacional do CISPAC. Ademais, é necesario reforzar a colaboración cos axentes da contorna co obxectivo de ofrecer solucións aos retos e desafíos que afectan á paisaxe dende un enfoque sistémico e integrador.

Para afianzar a presenza internacional do CISPAC é necesario desenvolver unha política de alianzas estratéxicas a nivel internacional, así como mellorar o posicionamento e presenza en redes e plataformas internacionais de relevancia que faciliten a xeración de relacións con entidades de carácter internacional, e aumentar a posibilidade de participar e liderar proxectos europeos. Á vez, porase especial interese en América Latina e a Lusofonía impulsando liderado de proxectos.

POS 8.1. Posicionar ao CISPAC en redes, plataformas e comités relevantes de carácter internacional

Un dos obxectivos do CISPAC é posicionar ao Centro nas principais redes e plataformas científicas a nivel internacional relacionadas coa paisaxe. A tal efecto, deseñárase unha estratexia para incrementar a súa participación e apoiará a participación do persoal investigador do Centro en xornadas, eventos e seminarios organizados arredor das mesmas. As principais redes e plataformas no ámbito nas que se intentará posicionar o Centro son os Council of Europe Meeting of the Workshops for the implementation of the European Landscape Convention, Landscape Research Networks o la European Science Foundation.

POS 8.2. Desenvolver unha política de alianzas estratéxicas internacionais

A nivel institucional, o CISPAC desenvolverá unha política de alianzas estratéxicas con sociedades científicas internacionais, universidades de referencia, así como outras entidades e organismos de relevancia que permita crear unha rede de colaboración permanente. Entre as entidades de máis interese para o CISPAC, están:

- [UNESCO](#).
- [ISC/Urbanism+Landscape CIPSH](#)
- [Committee on data International Science Council CODATA](#)
- [International Science Council GEOUNIONS](#)
- [Steering Committee for Culture, Heritage and Landscape \(CDCPP\)](#).
- [Alianza de Paisajes Culturales del Patrimonio Mundial](#).
- [Network for Landscape Conservation](#).
- [Permanent European Conference for the Study of the Rural Landscape \(PECSRL\)](#).
- [Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales \(CLACSO\)](#).
- [Europa NOSTRA](#).
- [Instituto Luso Español de Patrimonio](#).
- [Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico](#).
- [Instituto para el conocimiento del Paisaje](#).
- [Rede Europea de Universidades UNI SCAPE](#).
- [Asociación de Geógrafos Españoles](#).
- [Organización Europea de Historia Rural \(EURHO\)](#).
- [Sociedad Latinoamericana y Caribeña de Historia Ambiental](#).

POS 8.3. Diseñar un programa de mobilidade internacional para o persoal investigador

Procederáse ao deseño dun programa de estancias de investigación en centros e institutos de referencia coa finalidade de mellorar as relacións así como as capacidades dos investigadores, e como consecuencia, a competitividade do conxunto do CISPAC.

Isto facilitará poder liderar ou participar en propostas de convocatorias do programa Marco Horizon Europe, como MSCA RISE, ERC Synergy Grant e accións COST, entre outras.

POS 8.4. Liderar proxectos internacionais de investigación

Para alcanzar un bo posicionamento será preciso aumentar a participación en convocatorias internacionais colaborativas, especialmente no Horizon Europe, fomentando o liderado das mesmas, o que fortalecerá a colaboración con novos socios. A Unidade de Xestión dará soporte ao persoal investigador para potenciar a participación en proxectos internacionais de investigación.

POS 8.5. Liderar proxectos de cooperación con América Latina e a Lusofonía

Para obter presenza e recoñecemento internacional en América Latina e Lusofonía, o CISPAC propónse seguir realizando proxectos de cooperación con estas áreas rexionais. A traxectoria actual do persoal investigador xa ven demostrando unha relevante actividade en proxectos de cooperación con estas rexións, polo que potenciarase o desenvolvemento de novos proxectos no que o CISPAC figure como líder.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ´ S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
POS 8.1	Posicionar ao CISPAC en redes, plataformas e comités relevantes de carácter internacional	Eventos presentación: 2/ano	Consello Reitor Comité Científico	2º semestre 2022
POS 8.2	Desenvolver unha política de alianzas estratéxicas internacionais	Alianzas creadas: 12	Consello Reitor	1º semestre 2022
POS 8.3	Deseñar un programa de mobilidade internacional para o persoal investigador	Programa deseñado: Estancias: 5/ano	Consello Reitor Comité Científico	1º semestre 2022
POS 8.4	Liderar proxectos internacionais de investigación	Proxectos liderados: 1/ano	Comité Científico Unidade Xestión de I+D e Apoio Técnico	2º semestre 2023
POS 8.5	Liderar proxectos de cooperación con América Latina e a Lusofonía	Proxectos liderados: 1/ano	Comité Científico Unidade Xestión de I+D e Apoio Técnico	2º semestre 2023

9. PROGRAMA DE COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN

Para conseguir aumentar o impacto na sociedade en xeral e no tecido empresarial da contorna en particular, é necesario que o CISPAC fortaleza a súa visibilidade, reforzando o posicionamento e notoriedade da súa marca.

Todas as accións definidas están orientadas a que o CISPAC se consolide como Centro de excelencia a nivel rexional, nacional e internacional no ámbito das ciencias sociais e humanas. Considérase prioritario establecer unha estratexia de comunicación continua cara ao exterior que favoreza dita consolidación e unha estratexia de divulgación dos seus resultados, capacidades e campos de especialización.

POS 9.1. Crear unha Unidade de Divulgación Científica

Unha das primeiras accións a desenvolver polo CISPAC dentro deste programa é a creación dunha Unidade de Comunicación e Divulgación científica. Entre as súas funcións estará o desenvolvemento de accións de comunicación e difusión das actividades do CISPAC. A unidade terá que impulsar no seu inicio a presentación de dúas propostas de proxectos de divulgación e comunicación científica, tanto no marco do Horizonte Europa (MSCA European Researchers' Night) coma da convocatoria de axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación da FECYT.

POS 9.2. Diseñar e desenvolver o plan de comunicación e divulgación

Para dar a coñecer a marca CISPAC, tanto no ámbito da investigación coma no tecido empresarial e social relacionado coas paisaxes culturais, deseñárase un plan de comunicación e divulgación que planificará accións concretas de comunicación, difusión e divulgación.

Entre as primeiras accións a desenvolver estará a creación da páxina web do CISPAC e das súas redes sociais, o que propiciará ter un maior alcance e facer pública a información sobre o CISPAC: estrutura, liñas de investigación, servizos, difusión de resultados, etc.

A páxina web será responsiva, en tres idiomas e cun deseño actual que deberá contar con información sobre ámbitos de traballo, proxectos activos e finalizados, posibilidades de contacto ou información adicional, e procurará converterse nunha páxina de referencia internacional no ámbito da investigación da paisaxe.

O deseño da imaxe gráfica unificará e vinculará todo o relativo as accións desenvolvidas no Centro, polo que deberá ser unha imaxe de marca potente.

POS 9.3 Desenvolver un programa de xornadas e obradoiros de traballo coa sociedade

Co obxectivo de ampliar o alcance do CISPAC coa contorna, desenvolverase unha estratexia de ciencia aberta organizando encontros e xornadas de divulgación científica relacionadas coa paisaxe cultural, que sexan de interese para a sociedade e para o tecido empresarial. Estas xornadas desenvolveranse nas infraestruturas da sede do CISPAC no edificio Fontán da Cidade da Cultura, podendo realizar visitas tamén aos laboratorios proxectados.

Como Centro referencial da paisaxe, tamén dará acollida a eventos e encontros de referencia no seu ámbito.

CÓD	ACCIÓNS	KPI ´ S	PARTICIPANTES NECESARIOS	DATA LÍMITE
POS 9.1	Crear a Unidade de Divulgación Científica	Gabinete de comunicación creado: Accións de difusión: 1/mes	Si/Non Consello Reitor	1 ^{er} semestre 2022
POS 9.2	Deseñar e desenvolver o plan de comunicación e divulgación	Plan comunicación: Si/Non Páxina web: Si/Non Visibilidade online: 30% visitantes novos/ano e 30% de visitantes de fora de Galicia	Directores Gabinete de comunicación	2 ^o semestre 2021
POS 9.3	Desenvolver un programa de xornadas e obradoiros de traballo coa sociedade	Xornadas/obradoiros: 2/ano	Consello Reitor Comité Científico	1 ^{er} semestre 2023

6.5 Gobernanza e xestión



PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DA GOBERNANZA E XESTIÓN

10. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DA GOBERNANZA E XESTIÓN

O CISPAC propónse como obxectivo o deseño dun modelo de organización aberto e cooperativo que consiga crear un equipo de traballo con alto grado de profesionalización e con competencias en xestión de equipos científicos, recursos económicos e datos transdisciplinares.

Apóstase por un modelo de gobernanza e xestión que permita xerar procedementos de conexión entre os diferentes membros e a súa contorna, e favoreza á súa vez a comunicación e cooperación entre os investigadores e investigadoras do CISPAC, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento de actividades de I+D+i e a transferencia do coñecemento.

A estrutura do modelo de gobernanza permite, dunha forma eficaz e sostible, a consecución dos obxectivos específicos do CISPAC, respondendo ás necesidades actuais do Centro, así como aos obxectivos de definir a organización institucional e regulamento, consolidar a vinculación de investigadores e investigadoras, e dotarse dun cadro de persoal técnico de apoio para a súa consolidación.

GOB 10.1. Crear e implantar o plan de igualdade de xénero

Deseñárase e desenvolverase o Plan estratéxico de igualdade co obxectivo de visibilizar o compromiso do CISPAC coa igualdade de xénero. Este Plan permitirá integrar a perspectiva de xénero dentro das actividades do CISPAC, promover a igualdade de oportunidades na traxectoria laboral do persoal, e garantir a participación e a representación equilibrada nos diferentes órganos de goberno e na toma de decisións.

Estas medidas irán encamiñadas á obtención do Gender Equality European and International Standard (GEEIS) (Estándar Europeo e Internacional de Igualdade de Xénero).

GOB 10.2. Constituír o Consello Asesor Científico Externo (Scientific Advisory Board-SAB)

O SAB é o órgano consultivo con capacidade e competencias para monitorizar e avaliar de forma continuada a actividade do Centro e dos seus IPs. Estará integrado por 7 membros de recoñecido prestixio científico internacional no ámbito de actuación do CISPAC. Entre as súas funcións atópanse:

- Asesorar sobre a definición temática e orientación da investigación a desenvolver no Centro, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- Asistir sobre o seguimento da evolución da investigación e do Centro, e da transferencia dos resultados da investigación.
- Informar favorablemente sobre a proposta de nomeamento do director/a científico/a do Centro.
- Avaliar periodicamente a actividade científica dos investigadores/as vinculados ao Centro, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- Informar sobre o interese da vinculación de novos investigadores/as ao Centro.
- Avaliar anualmente as memorias de actividades do Centro.
- Avaliar cada catro anos a actividade xeral do Centro.

GOB 10.3. Definir un mecanismo de vinculación e avaliación do persoal investigador

Para a vinculación ao CISPAC do persoal investigador e a súa avaliación establecerase unha relación de criterios de excelencia científica, transferencia e de divulgación.

Será función do Consello Asesor Científico Externo (Scientific Advisory Board - SAB) monitorizar e avaliar de forma continuada a actividade do Centro e dos seus IPs a partir dos criterios de excelencia definidos.

A meta que se quere conseguir con esta acción é garantir que o CISPAC alcance os criterios de excelencia para poder obter, nun futuro, o distintivo de Centro de Excelencia da Xunta de Galicia e Unidade de Excelencia “María de Maeztu”.

GOB 10.4. Definir e crear as estruturas operativas

Crearanse as estruturas operativas que terán como función principal dar soporte ao persoal investigador na captación de financiamento, transferencia, internacionalización, formación, xestión da actividade de I+D+i, e xestión documental, así como, elaborar manuais e procedementos de xestión.

Como principal meta ten dar apoio nos procesos burocráticos de presentación de licitacións/convocatorias competitivas tanto nacionais como internacionais, como poden ser o Plan Nacional, Horizon Europe, Interreg, LIFE, Erasmus+, entre outros.

GOB 10.5. Diseñar un Mapa de necesidades de capital humano

No capítulo de recursos humanos a primeira acción consistirá nunha análise das necesidades de capital humano do Centro, tanto de persoal investigador como de persoal técnico de apoio á investigación e a xestión, que aseguren un correcto despregue da Axenda Científica e do propio Centro.

As accións de incorporación deste persoal farase a través de medios propios e oportunidades de financiamento competitivo que existen na actualidade, en particular a nivel europeo (MSCA ITN, MSCA IF, MSCA Cofund, ERC-StG, ERC-CG, ERC-AdG), a nivel nacional (FPI, FPU, Juan de la Cierva, Ramón y Cajal, JIN, Beatriz Galindo, Persoal Técnico de Apoio); e a nivel galego (GAIN predoscs, posdocs, Oportunius e Principia).

GOB 10.6. Diseñar un sistema de incorporación nas estruturas de dirección de persoal investigador novo

Unha das debilidades detectadas no DAFO foi a detección do avellentamento xeracional dos integrantes do CISPAC nas estruturas de dirección, polo que o Centro formula como acción, deseñar un sistema que permita a incorporación de persoal investigador novo nas súas estruturas de gobernanza, co obxectivo de garantir o relevo xeracional, así como o equilibrio de xénero.

GOB 10.7. Diseñar un Plan de transparencia e rendición de contas anual

Para consolidar a súa gobernanza, o CISPAC propón unha estrutura institucional áxil e transparente baseada nun modelo policéntrico do SUG que facilite a integración das tres universidades.


Para elo, definiranse as responsabilidades e funcións de cada un dos seus cargos e órganos e se establecerán os mecanismos de renovación e coordinación que se recollerán nun regulamento interno de funcionamento. Isto permitirá afianzar a cohesión e participación de todos os membros do CISPAC, así como facilitar a súa interacción de forma transparente.

GOB 10.8. Deseñar e implementar o Cadro de Mando de Indicadores

A [Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027](#) é o instrumento base para consolidar e reforzar o Sistema de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (SECTI) no próximos sete anos. Un dos obxectivos do EECTI é priorizar e dar resposta aos desafíos dos sectores estratéxicos nacionais a través da I+D+i, en beneficio do desenvolvemento social, económico, industrial e ambiental do noso país. Así, os sectores estratéxicos que contempla a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación son:

1. **SAÚDE:** novas terapias, diagnóstico preciso, cancro e envellecemento, e especial énfases en enfermidades infecciosas.
2. **CULTURA, CREATIVIDADE E SOCIEDADE INCLUSIVA:** xénese do ser humano, cognición e linguaxe.
3. **SEGURIDADE PARA A SOCIEDADE:** desigualdade e **migracións**; o mercado e as súas tensións; a protección da sociedade e ciberseguridade.
4. **MUNDO DIXITAL, INDUSTRIA, ESPAZO E DEFENSA:** IA, internet da próxima xeración, robótica, física, matemática, redes de comunicación.
5. **CLIMA, ENERXÍA E MOBILIDADE:** loita contra o cambio climático, **descarbonización, mobilidade e sostibilidade.**
6. **ALIMENTACIÓN, BIOECONOMÍA, RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE:** da biodiversidade á cadea agroalimentaria intelixente e sostible e ao estudo de auga e océanos.

8.3.2.2 PLAN NACIONAL DE PAISAXE CULTURAL



O [Plan Nacional de Paisaxe Cultural](#) foi aprobado na sesión do Consello de Patrimonio Histórico celebrada en Madrid (Residencia de Estudiantes) o 4 de outubro de 2012.

OBXECTIVO: salvagarda das **paisaxes de interese cultural**, entendendo por salvagarda as medidas encamiñadas a **garantir a viabilidade da paisaxe cultural, comprendidas as accións de identificación e caracterización, documentación, investigación, protección, mellora, revitalización, cubrindo os aspectos necesarios de definición, delimitación, análise de compoñentes e xestión**; todo elo desde unha perspectiva de desenvolvemento sostible.

- Identificación, caracterización e salvagarda
- Sensibilización social e recoñecemento político
- Cooperación internacional, nacional e autonómica

8.3.2.3 ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE BIOECONOMÍA. HORIZONTE 2030





A [Estrategia Española de Bioeconomía Horizonte 2030](#) ten como **OBJECTO** impulsar a actividade económica e mellorar a competitividade e sustentabilidade dos sectores produtivos que están ligados ao emprego dos recursos de base biolóxica, promovendo a xeración de coñecemento e a súa utilización para o desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías derivadas, a través da **colaboración dentro do sistema de ciencia e tecnoloxía** e das entidades españolas públicas e privadas.

Desenvolverase mediante **Plans Anuais de actuación**. Cada Plan Anual farase público, como moi tarde, no mes de xaneiro de cada exercicio económico e detallará as actividades a desenvolver.

OBJECTIVOS OPERATIVOS:

- Facilitar e potenciar a creación de **coñecemento científico e a súa aplicación ao mercado e á innovación**.
- **Facilitar o coñecemento, o diálogo e a difusión social** ao redor da bioeconomía considerando a todos os axentes científicos, sociais, económicos, financeiros, e á sociedade en xeral.
- Promover o **desenvolvemento económico no medio rural e a diversificación das actividades produtivas**, a través da utilización do coñecemento dispoñible e a súa aplicación á mellora da **sustentabilidade económica, social e ambiental** das actividades tradicionais e á xeración doutras novas baseadas na transformación de recursos de tipo biolóxico xerados nesa contorna e nuns procesos que contribúen á mitigación do cambio climático.



8.3.2.4 ESTRATEXIA ESTATAL DE INFRAESTRUTURA VERDE E DA CONECTIVIDADE E RESTAURACIÓN ECOLÓXICAS



A Infraestrutura Verde é unha “rede estratexicamente planificada de espazos naturais e seminaturais e outros elementos ambientais deseñada e xestionada para ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos. Inclúe **espazos verdes** (ou azuis se se trata de ecosistemas acuáticos) e **outros elementos físicos en áreas terrestres (naturais, rurais e urbanas)** e mariñas.

Esta [estratexia](#) ten a finalidade de contribuír a dar resposta aos principais obxectivos de conservación e restauración da biodiversidade, conservación e provisión de servizos dos ecosistemas, mellora da conectividade ecolóxica do territorio, mitigación dos efectos do cambio climático, tanto no ámbito do medio rural como no urbano, e mellora da capacidade de adaptación das sociedades fronte ao cambio climático e os riscos que conleva.

8.3.2.5 PLAN NACIONAL DE ADAPTACIÓN AL CAMBIO CLIMÁTICO (PNACC) 2021-2030



O [PNACC 2021-2030](#) criterios, ámbitos de

2021 - 2030 en desenvolvemento

definirá obxectivos, traballo e liñas de acción

para **fomentar a adaptación e a resiliencia fronte ao cambio do clima.**

O borrador do PNACC 2021-2030 define e describe 81 liñas de acción sectoriais organizadas en 18 ámbitos de traballo: **clima e escenarios climáticos**; saúde; auga e recursos hídricos; **biodiversidade e áreas protexidas**; forestal, desertización, caza e pesca continental; **agricultura, gandería, pesca, acuicultura e alimentación**, océanos e costas; **cidade, urbanismo e vivenda**; **patrimonio cultural**; enerxía; mobilidade e transporte; industria e servizos; **turismo**; sistema financeiro e actividade aseguradora; **redución do risco de desastres**; investigación e innovación; educación e sociedade; paz, seguridade e **cohesión social**.

Tamén propón unha **nova gobernanza, para facilitar a coherencia da acción climática** e favorecer novas prácticas na forma de legislar, de planificar, de orzar, de xestionar e de informar, como resposta aos riscos derivados do cambio climático, tanto para as administracións públicas como para o sector privado

8.3.3 Estratexias e programas a nivel rexional.

8.3.3.1 Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)



2021 – en desenvolvemento



Avaliación RIS3 2014-2020 Balance execución, recollida información, talleres por retos, grupos de discusión e paneis de expertos, consulta á sociedade

Elaboración RIS3 2021-2027

Lanzamento

As Estratexias de Especialización Intelixente establécense como un novo mecanismo na definición das políticas rexionais de investigación e innovación que trata de corrixir as deficiencias detectadas das dinámicas actuais de planificación nas rexións europeas. Así, a [Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia \(RIS3\)](#) apóiase naquelas actividades baseadas en coñecemento enraizadas no territorio que presentan un maior potencial de competitividade no contexto global.

Actualmente estase levando a cabo un proceso participativo de máis de 240 axentes para o desenvolvemento da nova Estratexia RIS3 de Galicia 2021-2027. Os retos e prioridades que están vixentes na actual RIS3 son:

RETO 1. NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS BASEADO NA INNOVACIÓN:

- Prioridade 1.1 Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vencelladas ao mar
- Prioridade 1.2 Desenvolvemento do sector acuícola
- Prioridade 1.3 Diversificación do sector enerxético galego
- Prioridade 1.4 Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandería e forestal)
- Prioridade 1.5 Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TICs

RETO 2. NOVO MODELO INDUSTRIAL SUSTENTADO NA COMPETITIVIDADE E O COÑECEMENTO:

- Prioridade 2.1: Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs]
- Prioridade 2.2: Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de “Fábrica do Futuro” e a través da Eco-innovación
- Prioridade 2.3 Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia

RETO 3. NOVO MODELO DE VIDA SAUDABLE BASEADO NO ENVELLECIMENTO ACTIVO DA POBOACIÓN:

- Prioridade 3.1 Galicia como rexión líder no sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ao ámbito do envellecemento activo e a vida saudable
- Prioridade 3.2 Diversificación do sector alimentario galego ao redor da innovación en nutrición como elemento chave para unha vida saudable

8.3.3.2 Estratexia da paisaxe galega 2017-2020



A primeira Estratexia da Paisaxe Galega púxose en marcha en agosto de 2011, como un conxunto de accións e medidas para integrar a paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, así como nas políticas ambientais, culturais, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais, económicas e en calquera outra política sectorial que puidera producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

No ano 2014 levouse a cabo unha actualización desta estratexia -Estratexia da Paisaxe Galega. Planificación 2014-2016- que introduce como principal novidade a elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia, no que se acomete a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas nun só Catálogo das paisaxes de Galicia. No 2017 presentouse unha nova planificación desta [Estratexia para o período 2017-2020](#).

LIÑAS DE ACTUACIÓN:

- OX01. A gobernanza da paisaxe
- OX02. A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.
- OX03. A mellora e potenciación dos valores paisaxísticos
- OX04. A formación, divulgación e concienciación en materia de paisaxe.



PROXECTO DE REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CENTRO INTERUNIVERSIARIO “CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAI (CISPAC)”.

As universidades que conforman o Sistema Universitario Galego son o espazo no que se acumula a meirande parte da investigación que se realiza en Ciencias Sociais e Humanidades na nosa comunidade. En moitos ámbitos tense acadado, tendo como base o grupo de investigación, un alto nivel de excelencia científica internacional e recoñecemento social.

É evidente que unha sociedade en transformación necesita impulsar a investigación en ámbitos experimentais, pero nunca debe deixar atrás a investigación centrada nas persoas e na comunidade, como a Historia, a Socioloxía, o Patrimonio, a Xeografía, e a Cultura nas súas amplas e diversas formas de expresión.

Hoxe en día imponse a necesidade de afrontar os retos da sociedade dende unha visión integral, multidimensional, que esixe un abordaxe interdisciplinar e transdisciplinar. O CISPAC é o froito do traballo de acercamento entre grupos de investigación que dende orixes e ámbitos científicos distintos converxen, logo dun proceso de maduración e priorización, na procura de entender e dar resposta a retos sociais que abarcan a posta en valor do patrimonio, a recuperación da memoria histórica e social, as políticas de inclusión, o entendemento dos cambios no territorio nas súas dimensións económicas e sociais, as súas formas de goberno ou a elaboración de solucións en co desenvolvemento coa comunidade.

Así, apóstase pola creación dun Centro interuniversitario con capacidade para aunar forzas, masa crítica e o coñecemento presente nas tres universidades galegas, coa finalidade de converterse nun referente na rexión atlántica europea na súa transferencia á sociedade, tanto á civil, como ao mundo empresarial e as institucións públicas.

CAPÍTULO 1: DENOMINACIÓN, NATUREZA FINS E SEDE

Artigo 1.- O CISPAC

O Centro Interuniversitario Centro de Investigación en Paisaxes Atlánticas Culturais, en adiante CISPAC, constitúese como un Centro de Investigación Interuniversitario do que fan parte, no marco do Sistema Universitario Galego, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo , e que ten como

obxectivo estratéxico desenvolver investigacións e xerar coñecemento científico de excelencia no estudio do territorio como espazo habitado, espazo produtivo, espazo visitado, espazo gobernando e espazo en transformación, abordado dende as ciencias sociais e as humanidades.

Este regulamento ten por obxecto a regulación do réxime interno do Centro de Investigación CISPAC, no marco do Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e das normativas propias de cada universidade.

A constitución do CISPAC realízase tendo en conta o disposto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e a Lei 6/2013 de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia.

Artigo 2.- O marco legal do CISPAC

O CISPAC, como Centro Interuniversitario, dependerá organicamente polos Consellos de Goberno das tres universidades e rexeráse por:

- a) A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e as súas disposicións regulamentarias.
- b) A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- c) A Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema Universitario de Galicia.
- d) A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- e) O convenio de colaboración asinado entre as universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela para a creación do CISPAC.
- f) O presente Regulamento.

Artigo 3.- Sede do CISPAC

1.- A sede do CISPAC establecerase no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia. O CISPAC poderá contar con outras sedes nos campus universitarios galegos onde existan investigadores/as vinculados/as.

2.- Adicionalmente, as actividades do CISPAC poderán desenvolverse nos centros e espazos universitarios nos que estean situados os distintos grupos de investigación aos que pertencen os investigadores/as vinculados ao mesmo

Artigo 4.- Obxecto e fins do CISPAC

O CISPAC ten por obxecto o estudo da paisaxe como espazo histórico, económico e social multidimensional desde unha investigación de excelencia a través dunha axenda científica especializada, dirixida á consecución dos retos da sociedade e cunha clara orientación á transferencia de coñecemento.

O CISPAC ten como fins concretos:

- 1.- Desenvolver investigación de excelencia no seu ámbito científico no marco das axendas científicas que se acorden.
- 2.- Crear masa crítica de investigadores e investigadoras de excelencia especializados nas diferentes dimensións do territorio.
- 3.- Impulsar a transferencia de coñecemento á contorna, co gallo de mellorar a xestión do territorio, dende o ámbito público e privado.

CAPÍTULO 2: ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA

Artigo 5.- Estrutura do CISPAC

Para facilitar o desenvolvemento da súa actividade científica e de transferencia do coñecemento, o CISPAC configúrase arredor de campos de investigación que serán os responsables do impulso e seguimento das actividades de investigación e transferencia e do desenvolvemento da Axenda Científica, así como dos seus resultados e impacto.

Os campos de investigación contarán co apoio dos recursos tecnolóxicos, de promoción e de administración comúns dos que se dote o Centro.

Cada campo terá representación no Comité Científico integrada por, polo menos, un investigador/a vinculado/a, designados a proposta do Consello Reitor.

Artigo 6.- Principios do goberno do CISPAC

O goberno do CISPAC guiarase polos principios do bo goberno en relación coa administración e a rendición de contas, tanto no referente ao seu ámbito público, como ao interno e naquelo relativo aos seus integrantes, en consonancia cos códigos e principios que a nivel europeo deben ser observados por toda entidade do ámbito académico e da investigación científica.

No marco das leis que sexan de aplicación, a gobernanza asentarase nuns principios básicos que se recollen a continuación, e que inspiraran todas e cada unha das accións desenvoltas no seu seo:

- Manter a liberdade académica e investigadora, tanto básica como aplicada, responsable no marco da Axenda Científica proposta e realizada conforme aos principios éticos esixibles á investigación.
- Preservar a autonomía do Centro, xunto co compromiso coa transparencia e a rendición de contas, tanto a nivel económico como o relativo ao impacto social das actividades.
- Respetar á misión académica de excelencia na investigación, a formación e a transferencia de coñecementos á contorna.
- Facer unha selección rigurosa do persoal investigador vinculado, en función dos seus méritos e avaliación continua mediante sistemas obxectivos externos.
- Promover unha participación significativa e obxectiva dos seus membros e dos responsables externos na gobernanza.
- Asumir os principios de sustentabilidade na súas actuacións.

Artigo 7.- Goberno

O funcionamento do CISPAC organizase en torno a tres tipos de órganos:

- a) Órgano de Goberno
 - Consello reitor
- b) Órganos Executivos
 - Director/a científico/a
 - Director/a Adxunto/a
 - Comité Científico
- c) O Centro contará cos seguintes órganos consultivos:
 - Consello Asesor Científico Externo (Scientific Advisory Board-SAB)
 - Consello de Transferencia

Artigo 8.- O Consello Reitor

O Consello Reitor é máximo órgano de goberno do Centro, que será presidido rotativamente por un Reitor/a das tres universidades do SUG. Integra a representación en materia de investigación e transferencia das universidades participantes, e a súa composición será:

- Presidente: o/a reitor/a da universidade que corresponda, con carácter rotativo.
- Un/ha vicerreitor/a de cada unha das universidades participantes con responsabilidade nos ámbitos de investigación e transferencia de coñecemento.
- Os/as xerentes das universidades participantes, ou persoas en quen deleguen.
- O/a director/a científico do Centro.
- O/a director/a adxunto/a do Centro, que actuará como secretario/a.

Son funcións do Consello Reitor:

- a) Aprobar a elección do director/a científico/a, a proposta do Comité Científico.
- b) Aprobar a renovación do director/a científico/a do Centro, a proposta razoada dunha maioría absoluta dos integrantes do Comité Científico.
- c) Aprobar o plan estratéxico do Centro e as súas modificación, facer seguimento anual do plan de acción e das medidas propostas polo Consello Asesor Científico Externo.
- d) Aprobar a proposta de orzamentos e programación do CISPAC.
- e) Aprobar as memorias anuais de actividades e a económica, e dar conta das mesmas aos consellos de goberno das universidades.
- f) Promover o financiamento e a dotación de infraestruturas do centro.
- g) Nomear ao Consello Asesor Científico Externo previsto no Regulamento e establecer o seu funcionamento.
- h) Ratificar o ingreso de membros no CISPAC e aprobar a súa desvinculación, salvo cando sexa por petición propia.

O Consello Reitor reunirase en sesión ordinaria cando menos dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, cando sexa convocado polo Comité Científico e/ou de Dirección por solicitude da metade máis un dos seus membros, ou polo director/a científico/a por decisión propia.

Artigo 9.- O director/a científico/a do CISPAC

A persoa que exerza a dirección do Centro será escollida polo Consello Reitor, tras proposta do Comité Científico e informe favorable do Consello Asesor Científico Externo, por un período de 4 anos. O/a director/a científico/a deberá ser persoal docente e investigador dunha universidade que forme parte do CISPAC, ter o título de doutor/a, vinculación permanente coa súa entidade de orixe, e estar avinculado/a ao Centro. Poderá ser reelixido/a por outro período de igual duración, ata un máximo de dous mandatos.

Son funcións do director/a científico/a:

- a) A convocatoria do Comité Científico, a súa presidencia, e a execución dos seus acordos.
- b) A representación do CISPAC no ámbito das súas competencias.
- c) A elaboración das propostas de orzamento e programación de actividades.
- d) A redacción da memoria anual de actividade e a económica.
- e) A proposta do presidente do Consello Reitor, do nomeamento de director/a adxunto/a.
- f) O impulso da actividade científica e de transferencia de coñecemento do CISPAC.
- g) A autorización de gastos do orzamento anual.

Artigo 10.- O/a director/a adxunto/a

O director/a científico/a do CISPAC será asistido por un/ha director/a adxunto/a, nomeado polo presidente do Consello Reitor, entre os/as investigadores/as vinculados ao centro. Serán funcións do/a director/a adxunto/a:

- a) As propias das funcións de secretaría do Centro: dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, redactar as súas actas das sesións, expedir certificacións no ámbito da súa competencia, custodiar o arquivo e documentación do centro, entre outras.
- b) Apoiar ao director/a científico/a nas súas funcións especialmente naquelas relacionadas coa xestión ordinaria do centro en materia económica e de xestión de persoal, así como nas relacionadas coa transferencia de coñecemento.
- c) Substituír ao director/a científico/a nos casos de ausencia ou enfermidade. Neste caso as propias funcións do/a director/a adxunto/a serán realizadas polo/a

investigador/a vinculado/a de menor categoría e antigüidade de acordo cos estatutos da universidade ao que pertenza o presidente do Consello Reitor.

Artigo 11.- O Comité Científico

Terá como función xeral orientar as liñas mestras de desenvolvemento do plan científico do Centro, e propor, baseándose nun informe positivo do Consello Asesor Científico Externo (SAB), o nomeamento do director/a Científico/a ao Consello Reitor. No Comité Científico garantirase a representación científica das universidades participantes, e estará composto por:

- O/a director/a científico/a do Centro.
- O/a director/a adxunto/a do Centro, que actuará como secretario/a.
- 3 PDIs por cada grande campo científico definido na Axenda Científica.
- 1 representante do persoal investigador non permanente ou en formación vinculado ao Centro.

O representante do persoal investigador non permanente ou en formación será escollido por sufraxio directo no seo deste colectivo. Os PDIs serán escollidos por sufraxio directo por cada grande área de traballo do CISPAC, non podendo, a efectos desta elección, emitir voto unha mesma persoa en mais dunha área.

Son funcións do Comité Científico:

- a) Propor ao Consello Reitor o nomeamento do seu director/a científico/a, previo informe do Consello Asesor Científico Externo.
- b) Propor a vinculación de novos membros no CISPAC, previo informe do Consello Asesor Científico Externo. Este ingreso deberá ser aprobado polo Consello Reitor.
- c) Propor a desvinculación do persoal investigador do CISPAC ao Consello Reitor.
- d) Aprobar o programa científico e docente anual do Centro.

O Consello Científico reunirse en sesión ordinaria cando menos dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, cando sexa convocado polo seu director/a científico/a por decisión propia ou por solicitude da metade máis un dos seus membros.

Artigo 12.- O Consello Asesor Científico Externo (SAB)

O Consello Asesor Científico Externo (SAB) é un órgano asesor con capacidade e competencias para monitorizar e avaliar de forma continuada a actividade do Centro e

dos investigadores vinculados ao mesmo. Deberá incorporar perfís de referencia científica nos campos da Axenda Científica cunha perspectiva internacional, así como expertos na xestión operativa e dirección de entidades de investigación de características similares ao CISPAC. Estará composto por un máximo de 7 membros e respectará unha participación equilibrada de xénero e entre campos de investigación.

Os membros da comisión non poderán ser removidos da mesma salvo por petición propia ou por flagrante deixación das súas funcións e responsabilidades, a solicitude dunha maioría cualificada do Comité Científico ao consello Reitor.

Serán funcións do Consello Asesor Científico Externo:

- a) Asesorar ao director/a científico/a do CISPAC e ao Consello Reitor sobre calquera aspecto relacionado co funcionamento do centro e a súa Axenda Científica.
- b) Avaliar a actividade do CISPAC e do seu persoal, e emitir os correspondentes informes de avaliación.
- c) Emitir informes sobre a vinculación de novos membros ao centro.
- d) Emitir informe sobre as persoas candidatas a dirixir o centro, que será perceptivo e vinculante no senso que un informe desfavorable impediría a continuidade dunha candidatura.
- e) Avaliar globalmente cada catro anos a actividade do Centro.

Artigo 13.- Consello de Transferencia

O Consello de Transferencia estará integrado por representantes de institucións públicas e privadas da contorna socioeconómica cuxos ámbitos de actuación sexan coincidentes coa Axenda Científica do CISPAC. Terán como función principal asesorar ao Centro en materia de transferencia de coñecemento e na procura da rendibilidade social das actividades que se desenvolvan nel. O seu nomeamento será por catro anos, renovables.

Son funcións do Consello de Transferencia:

- a) Asesorar á dirección do CISPAC e ao Consello Reitor sobre a aplicabilidade e a transferencia de coñecemento dos resultados de investigación obtidos.
- b) Suxerir actividades de I+D+i que melloren o entroncamento do CISPAC co ámbito das políticas públicas e as necesidades sociais.
- c) Emitir informes sobre as actividades de transferencia de coñecemento do centro.

CAPÍTULO 3: DO PERSOAL

Artigo 14.- Persoal científico: vinculación, desvinculación, avaliación e permanencia

1.- Tipos de persoal científico

O persoal científico do CISPAC estará formado por investigadores vinculados, que poderán ser:

- a) Investigadores/as vinculados/as permanentes: serán persoal PDI das universidades de A Coruña, Vigo e de Santiago de Compostela, con vinculación permanente coa institución á que pertencen, e vinculados ao Centro previa petición e avaliación favorable por parte do Consello Asesor Científico Externo. Poderá ser considerado investigadores/as vinculados o persoal investigador contratado baixo a figura de “investigador distinguido”.
- b) Investigadores/as vinculados/as non permanentes: estará formado polo persoal investigador contratado con cargo a programas ou proxectos de investigación de acordo co marco normativo aplicable, que ostente o título de doutor.
- c) Investigadores/as en formación: terán esta consideración os investigadores con contratos predoutorais ou posdoutorais iniciais obtidos en convocatorias competitivas, baixo a dirección ou codirección dun investigador/a vinculado ao CISPAC.
- d) Investigadores/as colaboradores: investigadores doutores tanto das universidades galegas como doutras entidades públicas ou privadas que colaboren na realización de proxectos ou actividades do CISPAC.

2.- Vinculación, avaliación e permanencia

A vinculación dun/ha investigador/a ao CISPAC realizarase sobre criterios de méritos de investigación da persoa candidata, e a adecuación do seu currículo e proxecto investigador á axenda científica do Centro.

A persoa investigadora que desexe incorporarse ao CISPAC deberá solicitar a súa admisión ao Comité Científico nos períodos habilitados para a vinculación ao Centro, achegando o seu Currículo Vitae e o seu proxecto investigador, que deberán ser coherentes coa Axenda Científica do Centro.

As solicitudes de incorporación deberán contar co informe favorable do Consello Asesor Científico Externo e serán ratificadas polo Consello Reitor.

A actividade do persoal científico do Centro será avaliada polo Consello Asesor Científico Externo cada 4 anos. O resultado positivo desta avaliación, mediante informe razoado, será necesario para a continuidade da vinculación dos investigadores ao CISPAC.

3.- Criterios de avaliación

- a) Sexenios de investigación e de transferencia recoñecidos ao investigador/a e resultados de avaliación da actividade investigadora recoñecidos pola ACSUG.
- b) Traxectoria investigadora e a súa coherencia coa Axenda Científica do Centro.
- c) Publicacións, patentes e teses doutorais dirixidas.
- d) Proxectos de investigación e contratos e convenios con entidades públicas e privadas coordinados.
- e) Outros méritos que no ámbito de investigación do/a investigador/a avaliados poidan ser considerados como relevantes.

4.- Desvinculación

Os/as investigadores/as que non obteñan un informe favorable nas avaliacións ás que sexa sometida a súa actividade investigadora desvincularanse do CISPAC e non poderán voltar a optar á vinculación ata pasados un mínimo de dous anos dende esta.

Os/as investigadores/as poderán desvincularse do CISPAC por vontade propia, unha vez transcorridos dous anos dende a súa vinculación inicial ou renovación. En todo caso, deberán realizar un preaviso de 3 meses e a desvinculación non poderá ter efectos negativos sobre a actividade que se viñera realizando en relación co Centro.

Artigo 15.- Do persoal técnico e do persoal de apoio

No marco das normas administrativas e laborais que sexan de aplicación, o CISPAC poderá dotarse de persoal específico:

- a) Persoal técnico de apoio administrativo ás labores de xestión administrativa, xestión económica, comunicación, informática, apoio á dirección, entre outros.
- b) Persoal técnico de apoio á investigación, tanto a nivel auxiliar, técnico especialista ou técnico superior, entre outros.

CAPÍTULO 5: RÉXIME ECONÓMICO E MEDIOS

Artigo 16.- Orzamento

O CISPAC terá o seu propio orzamento elaborado e executado de acordo con este Regulamento.

O orzamento será xestionado de acordo coas normas das que se dote o CISPAC, dentro do marco legal de aplicación, e no seu caso, de acordo coas normas establecidas pola universidade ao que estea adscrito o Centro.

Artigo 17.- Ingresos

Serán ingresos do CISPAC:

- a) As cantidades que lle dediquen nos orzamentos anuais das universidades participantes.
- b) As porcentaxes que se determine dos ingresos por proxectos, contratos, cursos ou calquera outra actividade realizada polos investigadores/as vinculados.
- c) Os ingresos por prestacións de servizos.
- d) As subvencións e doazóns procedentes de entidades públicas ou privadas ou de persoas individuais.

Artigo 18.- Medios materiais

Serán medios materiais do CISPAC todos aqueles doados ou cedidos por entidades públicas ou privadas, os adquiridos con cargo ao seu orzamento e os adquiridos en proxectos de infraestruturas presentados polo Centro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Co obxectivo de asegurar a solvencia científica do Centro, os investigadores garanten que por reunir criterios de excelencia e competencia científica, avalen e garantan o desenvolvemento da axenda científica e obxectivos definidos para o Centro, deberán reunir tres dos catro seguintes criterios:

- Posuír tres sexenios de investigación, o último deles vixente.
- Figurar como coordinador/a ou investigador/a responsable de polo menos 3 proxectos de I+D do Programa Marco da EU ou do Plan Estatal de I+D da Administración Xeral do Estado nos últimos 10 anos.
- Ten captado polo menos 350.000€ por proxectos no marco de convocatorias públicas e/ou contratos ou convenios nos últimos 5 anos.
- Ten, como mínimo, 3 teses lidas nos últimos 5 anos.

Ademais, e de forma excepcional, poden figurar como Investigadores/as Garantes, aqueles/as que non cumprindo tres dos catro criterios mencionados anteriormente, demostren competencia científica relevante cos campos, liñas e programas da Axenda Científica para dar cobertura a mesma, así como presentar unha traxectoria relevante no eido transferencia cunha significativa proxección económica e social sobre a contorna.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O reparto e titularidade dos resultados de investigación e a súa transferencia, así como os temas de propiedade intelectual e industrial que se xeren no CISPAC serán obxecto dun acordo específico entre as tres universidades.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

- 1.- Unha vez o Regulamento entre en vigor, iniciárase o proceso de avaliación e vinculación de investigadores baixo a supervisión e asesoramento do Consello Asesor Científico Externo.
- 2.- Rematado o proceso de vinculación elaborárase o censo de investigadores e persoal asociado ao CISPAC.
- 3.- Concluído o procedemento de conformación do censo de investigadores vinculados, constituiranse os novos órganos e procederase a designar ao novo director/a científico.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INVESTIGACIÓN DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAIIS (CISPAC)

En Santiago de Compostela, a de do 2021

REUNIDOS

Dunha parte,

O Excmo. Sr. D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación desta institución, ao abeiro do artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Doutra parte,

O Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en nome e representación desta institución, ao abeiro do artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Doutra parte,

O Excmo. Sr. D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, en nome e representación desta institución, ao abeiro do artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Recoñecéndose mutua e reciprocamente a súa capacidade legal necesaria para a formalización deste convenio de colaboración,

EXPOÑEN

1. Que as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, en exercicio da súa autonomía e en base ao establecido no artigo 39.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, asumen como un dos seus obxectivos esenciais o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística, atendendo tanto á investigación básica como aplicada, e asumen como obxectivo estratéxico potenciar a transferencia ao sector produtivo dos resultados da investigación que se xeran nas Universidades.
2. No ano 2017 a Consellería de Educación, Cultura e Universidade da Xunta de Galicia ofreceulle ás Universidades do SUG a posibilidade de poñer en marcha un centro de investigación vinculado ás ciencias sociais e humanas no que colaboren a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, que se materializa no Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais, de carácter interuniversitario, que terá a súa sede no Edificio Fontán na Cidade da Cultura.
3. Que a posición consolidada dos investigadores garantes e promotores do centro será rendibilizada e potenciada dotando ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) dunha estrutura científica organizada arredor da investigación sobre as paisaxes atlánticas que optimice a cooperación e masa crítica actualmente activa.

4. Que é interese das Universidades do SUG asinantes deste Convenio aproveitar a capacidade e reputación actuais das ciencias sociais e humanidades relacionadas coa paisaxe para a creación do Centro de Investigación en Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) con impacto académico, social e económico.

Considerando, polo tanto, o interese compartido, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto, Fins e Sede

1.- O presente Convenio ten por obxecto a creación do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), centro interuniversitario que se dotará dun Regulamento de Réxime Interno que será aprobado polo órgano de Goberno do Centro, conforme ao proxecto de regulamento de réxime interno que se achega como anexo.

2.- O CISPAC ten por obxecto o estudo da paisaxe como espazo histórico, económico e social multidimensional desde unha investigación de excelencia a través dunha axenda científica especializada, dirixida á consecución dos retos da sociedade e cunha clara orientación á transferencia de coñecemento.

O CISPAC ten como fins concretos:

- a.- Desenvolver investigación de excelencia no seu ámbito científico no marco das axendas científicas que se acorden.
- b.- Crear masa crítica de investigadores e investigadoras de excelencia especializados nas diferentes dimensións do territorio.
- c.- Impulsar a transferencia de coñecemento á contorna, co gallo de mellorar a xestión do territorio, dende o ámbito público e privado.

3.- A sede do CISPAC establecerase no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia. O CISPAC poderá contar con outras sedes nos campus universitarios galegos onde existan investigadores/as vinculados/as. Adicionalmente, as actividades do CISPAC poderán desenvolverse nos centros e espazos universitarios nos que estean situados os distintos grupos de investigación aos que pertencen os investigadores/as vinculados/as ao mesmo.

SEGUNDA.- Compromisos

As partes asinantes comprométense a:

- a) Participar activamente nas actividades desenvolvidas por CISPAC e divulgar as mesmas.
- b) Colaborar no desenvolvemento da constitución e funcionamento do CISPAC.
- c) Realizar actuacións de forma coordinada en materias de interese común vinculadas cos intereses do Centro.
- d) Realizar as achegas acordadas necesarias para o funcionamento do Centro.
- e) Colaborar co Centro cos medios persoais, materiais, equipos, aplicacións informáticas, consulta de material científico e bibliográfico, de uso de inmobles, ou de cesión de instalacións que garantan unha mellor consecución dos seus fins.
- f) Dar consentimento ao CISPAC para o uso e difusión do logotipo das entidades participantes en actividades e actos de divulgación relacionados cos fins do Centro.

TERCEIRA.- Ámbito de colaboración

As partes comprométense a colaborar na creación dun Centro de excelencia dentro do ecosistema de innovación e investigación e tecnoloxía de Galicia, atraendo e retendo talento, cun forte compromiso coa transferencia de coñecemento e dotando á sociedade e industria galega e española de vantaxe competitiva e sostible a través do acceso ao coñecemento innovador de primeiro nivel.

O Centro terá como obxectivo estratéxico desenvolver investigacións e xerar coñecemento científico de excelencia no estudio do territorio como espazo habitado, espazo produtivo, espazo visitado, espazo gobernando e espazo en transformación, abordado dende as ciencias sociais e as humanidades.

CUARTA.- Condicións económicas

O Centro de Investigación CISPAC debe tender a autofinanciarse.

QUINTA.- Goberno

O Goberno do CISPAC organízase en torno a tres tipos de órganos:

- a) Órgano de Goberno
 - Consello reitor
- b) Órganos Executivos
 - Director/a científico/a
 - Director/a Adxunto/a
 - Comité Científico
- c) O Centro poderá contar cos seguintes órganos consultivos:
 - Consello Asesor Científico Externo (Scientific Advisory Board-SAB)
 - Consello de Transferencia

A súa regulación será a que se reflectirá no seu Regulamento de Réxime Interno, que se recollerá no Anexo deste Convenio en canto sexan acordados polas tres universidades.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Para a xestión do presente convenio nomearase unha Comisión de Seguimento. Esta comisión estará constituída polos tres reitores das universidades, ou polas persoas nas que deleguen.

Son competencias desta Comisión:

- O seu seguimento.
- A vixilancia do seu cumprimento.
- Realizar as propostas de modificación que se consideren oportunas aos órganos de goberno das entidades implicadas.
- Calquera outra fixada no Regulamento de Réxime Interno.

SÉTIMA.- Modificacións

De producirse unha modificación substancial nas cláusulas deste convenio, procederase a incorporar a correspondente addenda que deberá contar co visto e prace dos órganos de goberno das tres universidades.

OITAVA.- Resolución

O presente Convenio extinguirase pola disolución do CISPAC nos termos previstos no seu Regulamento, que se recollerán no Anexo, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- c) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Calquera outra causa prevista nas leis.

NOVENA.- Protección de datos e Publicidade

As partes asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste Convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados nos portais de internet e demais páxinas web daquelas.

As partes comprométense ao cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento UE 2016/679.

DÉCIMA.- Xurisdición

As partes asinantes comprométense a resolver amigablemente, a través da Comisión de Seguimento, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse, en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio, á xurisdición contencioso-administrativa, dada a natureza pública das institucións asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Impulso da creación e acreditación

O procedemento de creación e acreditación do Centro será impulsado polo reitor da Universidade de Santiago de Compostela de forma consensuada cos reitores das Universidades de Vigo e da Coruña.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xestión

A xestión do CISPAC poderá ser asumida polo Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) logo do acordo correspondente do órgano de goberno do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente con carácter voluntario e indefinido.

E para que conste, en proba de conformidade, asínase o presente Convenio de Colaboración polo que se crea o Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) en tres exemplares, en cada unha das súas follas, no lugar e a data anteriormente citadas.

Pola Universidade da Coruña

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Asdo. Julio E. Abalde Alonso

Asdo. Antonio López Díaz

Pola Universidade de Vigo

Asdo. Manuel Joaquín Reigosa Roger

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/06/2021 10:46:56.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/06/2021 14:46:59.

CSV: 94E7-2009-4C09-8D3D